- As consultas en atención hospitalaria ascenderon a 4,2 millóns, un 1% máis que en 2015.
- O número de receitas dispensadas alcanzou a cifra de 63,2 millóns, superando en case un millóns o dato do ano 2015.
- As persoas participantes nos servizos para persoas en situación de dependencia foron 116.885, das que o 65,6% son mulleres.
- 10.791 persoas percibiron a RISGA, un 60% mulleres e cun incremento do 10,8% con respecto a 2015.
- 1.972 mulleres foron atendidas en programas de protección e apoio a vítimas da violencia de xénero.
- 43.793 explotacións agrarias e/ou gandeiras foron inspeccionadas e 30.494 recibiron algún tipo de apoio por parte da administración. No sector pesqueiro o número de inspeccións realizadas foi de 13.787.
- Realizáronse 475 accións de promoción de produtos turísticos e 46 accións de mellora sobre o Camiño de Santiago.
- O volume de augas residuais tratadas nas EDARes foi de 158.702 m3 día.
- Os servizos de emerxencia atenderon 1,1 millóns de chamadas.
- 31.309 persoas utilizaron a asistencia xurídica gratuíta, un 39,9% foron mulleres.
- O número de persoas que fixeron uso da rede de bibliotecas de Galicia foi de 854.000 (63% mulleres), con respecto a 2015 produciuse un incremento do 8,7%.
- O número de axudas concedidas en 2016 foi de 9.852, cun descenso respecto ao anterior. Este indicador refírese ás axudas dun gran número de obxectivos estratéxicos e aos seguintes indicadores clave de produtividade:
 - Axudas ao impulso dos recursos mineiros
 - Accións de apoio ao sector mineiro
 - Axudas concedidas ao sector do comercio
 - Axudas concedidas ao fomento das enerxías renovables
 - Axudas concedidas en eficiencia enerxética
 - Axudas concedidas para o acceso á vivenda
 - Axudas concedidas para a rehabilitación de vivenda
 - Axudas en materia de conservación da natureza
 - Axudas concedidas ao sector pesqueiro e acuícola
 - Axudas concedidas para o desenvolvemento sostible das zonas pesqueiras

- Axudas concedidas a entidades do sector pesqueiro
- Axudas concedidas aos sectores agrario e agroalimentario
- Axudas concedidas para potenciar o turismo en Galicia
- Axudas concedidas para a cooperación exterior e ao desenvolvemento

En 2016 o maior número de axudas foron as de conservación da natureza, seguidas das destinadas á rehabilitación de vivenda, de acceso á vivenda e as de fomento das enerxías renovables.




2.3. Indicadores de resultado

Para a análise dos resultados obtidos polas actuacións, realízase unha análise de eficacia⁵ dos indicadores de resultado. A eficacia dunha política ou programa podería entenderse como o grao en que se alcanzan os obxectivos propostos; un programa é eficaz se logra os obxectivos programados. Os indicadores de resultado estudados son 124, dos que 35 corresponden ao Eixe 1, 47 ao Eixe 2, 32 ao Eixe 3 e 10 ao Eixe 4. Segundo estes indicadores a eficacia dos indicadores de resultado no orzamento do ano 2016 é alta no 53,2% deles, media no 23,4% e baixa no 23,4%.

⁵ Para os indicadores de resultado calcúlase a taxa de variación entre o valor observado (VO) e o valor previsto (VP) obtido este último por interpolación entre o valor no ano base e o valor en 2020. Por tanto o grao de eficacia sería $VO / VP - 1$. Establécese unha escala de valoración que permite identificar tres niveles, considérase que o grao de eficacia foi baixo cando a variación é inferior ao -7,5% (VO inferior ao 90% do VP), medio cando se atopa entre -7,5% e 0% e alto cando é superior ao 0%


Gráfico 22. Porcentaxe de indicadores de resultado segundo a súa eficacia por Eixe




O Eixe cunha maior porcentaxe de indicadores con alta eficacia é o 3, no Eixe 1 rexístrase a maior porcentaxe de indicadores de resultado con baixa eficacia.

Por Prioridade de Actuación, o 29,4% son globalmente eficaces, o 47,1% son parcialmente eficaces e o 23,5% son pouco eficaces.

Gráfico 23. Porcentaxe de indicadores de resultado segundo a súa eficacia por PA



3. Seguimento dos eixes e prioridades de actuación do PEG



3.1. Eixe 1. Empregabilidade e crecemento intelixente

Este eixe recolle un modelo integral de desenvolvemento que ten como fin principal superar a situación laboral previa á crise, coa creación de postos de traballo sustentables. Este obxectivo acadaríase en base a unha modernización integral do sistema produtivo baseada na innovación e no coñecemento sen descoidar os sectores produtivos tradicionais.

As rexións europeas están obrigadas a competir en base á tecnoloxía, deseño e innovación de xeito continuado se non queren ver deslocalizada a súa produción a países de baixos prezos. Para iso, debe implantarse a cultura da innovación en todos os eidos socioeconómicos de Galicia, de xeito que, a través dun proceso que requirirá tempo e esforzo, se normalice a innovación como un instrumento fundamental da nosa empresa, o que suporá unha auténtica revolución no plantexamento dos sistemas produtivos, nos de xestión e venda, pero tamén unha importante fonte de xeración de nichos de emprego agora inexistentes.

Este compromiso cun novo sector produtivo máis competitivo debe partir dun contrato social entre un empresariado socialmente responsable, a posta en valor da figura do emprendedor e uns traballadores e traballadoras preocupados por aportar valor ao seu produto, o que redundará na súa retribución e empregabilidade.

Este xiro cara á competitividade, á innovación, ao fomento do espírito de empresa e emprendemento debe partir da escola, para iso, cómpre: facer fincapé na mellora da calidade da educación, así como dos resultados e habilidades adquiridos polo alumnado galego, con especial atención ao dominio de linguas adicionais ao galego e o castelán, mellorar a relación da educación media e superior coa demanda do mercado de traballo, conectar a xeración de coñecemento e a investigación co mundo da empresa e desenvolver unha formación profesional máis competitiva e orientada á demanda.

Deste xeito, non só haberá uns mozos e mozas ben formados, senón que contarán con todas as posibilidades para traballar con éxito no que estudaron e en Galicia.


O Eixe 1 articúlase en cinco Prioridades de actuación:

- PA.1.1 Impulso da consolidación das políticas de gastos vencelladas á I+D+i. Integrar a Galicia no círculo virtuoso da innovación para o crecemento

- PA.1.2 Fomento da actividade empresarial e comercial, impulso da competitividade e internacionalización das empresas e autónomos, apoio á artesanía, regulación sectorial e protección da competencia
- PA.1.3 Aumento da empregabilidade e produtividade dos traballadores e traballadoras de Galicia a través da formación e innovación constante
- PA.1.4 Completar Galicia no que atinxe a infraestruturas básicas. Dar un novo pulo ás políticas de rehabilitación e conservación da vivenda
- PA.1.5 Consolidar un sistema educativo que minimize o fracaso escolar e se aliñe en resultados coas rexións líderes de Europa en todos os niveis e impulsar o SUG cara á excelencia


O importe asignado en 2016 a este eixe no orzamento inicial foi de 2.784,6 millóns de euros, o 31,6% do orzamento. O importe definitivo foi de 2.869,3 millóns e as obrigas recoñecidas foron 2.669,6 millóns, o 95,9% do orzamento inicial. A Prioridade de Actuación con (PA) maior importe foi a 1.5 *Consolidar un sistema educativo que minimize o fracaso escolar e se aliñe en resultados coas rexións líderes de Europa en todos os niveis e impulsar o SUG cara á excelencia*, que supón o 70,4% do eixe no orzamento inicial e o 74,2% en termos de obrigas. A seguinte gráfica mostra a estrutura porcentual do eixe por PA comparando o orzamento inicial, definitivo e as obrigas recoñecidas:

Gráfico 24. Porcentaxe que supón cada PA no orzamento inicial, definitivo e nas obrigas do Eixe 1



A eficacia financeira, medida como a porcentaxe do importe das obrigas recoñecidas sobre o orzamento inicial neste Eixe é alta acadando unha porcentaxe do 95,9%, Por PA o **grao de eficacia financeira é alto** nas PA **1.5 Consolidar un sistema educativo que minimize o fracaso escolar e se aliñe en resultados coas rexións líderes de Europa en todos os niveis e impulsar o SUG cara á excelencia**; **medio nas 1.2 Fomento da actividade empresarial e comercial, impulso da competitividade e internacionalización das empresas e autónomos, apoio á artesanía, regulación sectorial e protección da competencia, 1.3 Aumento da empregabilidade e produtividade dos traballadores e traballadoras de Galicia a través da formación e innovación constante e 1.4 Completar Galicia no que atinxe a infraestruturas básicas. Dar un novo pulo ás políticas de rehabilitación e conservación da vivenda**; e **baixo na 1.1 Impulso da consolidación das políticas de gastos vencelladas á I+D+i. Integrar a Galicia no círculo virtuoso da innovación para o crecemento.**

Gráfico 25. Eficacia financeira das Prioridades de Actuación do Eixe 1



3.1.1. PA.1.1. Impulsar a consolidación das políticas de gastos vinculadas á I+D+i. Integrar a Galicia no círculo virtuoso da innovación para o crecemento

O **importe do orzamento** inicial de 2016 para esta PA foi de 130,7 millóns de euros cunha execución (porcentaxe de obrigas recoñecidas sobre orzamento inicial) do 68,2%. Con respecto ao orzamento vixente a porcentaxe ascende ata o 84,8%.


Os **principais obxectivos operativos realizados** ao longo de 2016 móstranse na seguinte táboa:

Táboa 5. Indicadores financeiros dos principais obxectivos operativos da PA 1.1

	Obxectivo operativo/Liña de actuación	Orzamento inicial 2016 a	Orzament. definitivo 2016 b	Obrigas recoñecidas c	Grao de eficacia c/a
1	Accións de fomento da capacidade investigadora e transferencia de tecnoloxía.	49,8	37,1	37,1	74,6
2	Fomento da transferencia de investigación dende os Axentes de Xeración e Difusión do Coñecemento cara o mercado nun marco de innovación aberta.	24,3	20,9	19,8	81,6
3	Apoio ao fomento da absorción de coñecemento por parte das PEMES.	16,0	13,6	4,5	27,9
Resto	Resto Liñas Actuación	40,6	33,5	27,7	68,2
Total PA		130,7	105,1	89,1	68,2

O grao de eficacia financeira da PA é do 68,2%, en conxunto presenta unha eficacia baixa, con respecto ao orzamento definitivo o grao é medio. Dos principais obxectivos operativos, dous mostran unha eficacia financeira alta e o terceiro deles presenta un baixo grao de eficacia.

Gráfico 26. Eficacia financeira dos principais obxectivos operativos da PA 1.1




Segundo os **indicadores clave de produtividade**, beneficiáronse 170 entidades en proxectos de I+D+i, participaron 1.509 investigadores/ano en proxectos cofinanciados, dos que 998 foron mulleres, o investimento privado en paralelo ao apoio público en proxectos de innovación ou I+D foi de 6,3 millóns de euros e o número de empresas que reciben axudas foi de 361.

Os indicadores de **resultado** presentan en conxunto un grao de eficacia medio alto, só o indicador Empresas (de 10 ou máis traballadores asalariados) que realizan actividades innovadoras presenta un grao de eficacia baixo.

Táboa 6. Indicadores de resultado da PA 1.1

Código	Indicadores de resultado	Valor observado	Valor previsto	Valor previsto 2020
R1101a	Participacións en consorcios de proxectos internacionais (H2020). (Millóns de €)	53,8	51,4	120,0
R1101b	Empresas (de 10 ou máis traballadores asalariados) que realizan actividades innovadoras. (Número)	1.168	1.447	1.650,0
R1101c	Número de investigadores.	5.368	5.561	6.020,0
R1102a	Número de posgraduados captados polas universidades	245	245	260,0

Gráfico 27. Grao de eficacia dos indicadores de resultado da PA 1.1



3.1.2. PA.1.2 Fomento da actividade empresarial e comercial, impulso da competitividade e internacionalización das empresas e autónomos, apoio á artesanía, regulación sectorial e protección da competencia

O **importe do orzamento** inicial de 2016 para esta PA foi de 200,5 millóns de euros cunha execución (porcentaxe de obrigas recoñecidas sobre orzamento inicial) do 85,3%. Con respecto ao orzamento vixente a porcentaxe ascende ata o 79,7%.


Os principais obxectivos operativos realizados ao longo de 2016 móstranse na seguinte táboa:

Táboa 7. Indicadores financeiros dos principais obxectivos operativos da PA 1.2

	Obxectivo operativo/Liña de actuación	Orzamento inicial 2016 a	Orzamento definitivo 2016 b	Obrigas recoñecidas c	Grao de eficacia c/a
1	Consolidación e crecemento das empresas.	45,9	74,9	53,5	116,4
2	Subvencións a fondo perdido para fomentar os investimentos das empresas.	14,3	9,7	8,7	61,0
3	Adquisición de solo.	9,1	8,2	6,3	69,4
4	Impulso á creación de novas empresas comerciais e apoios ás empresas existentes.	8,0	6,1	5,9	74,1
5	Urbanización de solo industrial	10,8	14,9	5,6	51,5
Resto	Resto liñas actuación	112,4	11,2	91,0	81,0
Total PA		200,5	214,5	171,0	85,3

O grao de eficacia da PA é do 85,3%, presentando en conxunto una eficacia media. Dos principais obxectivos operativos, un mostra unha eficacia financeira alta e os restantes un grao baixo de eficacia.

Gráfico 28. Eficacia financeira dos principais obxectivos operativos da PA 1.2




Segundo os **indicadores clave de produtividade**, o número de empresas que recibiron axudas foron de 3.859 cun investimento privado que acompañou en paralelo a axuda pública de 239.868.302 euros. Respecto a superficie do solo hai que destacar a superficie de solo adquirido con 913.925 m², a continuación a superficie de planeamento aprobado alcanza os 335.000 metros cadrados e por último a superficie de solo en proceso de urbanización acadou unha superficie de 120.000 m²

Os indicadores de **resultado** presentan en conxunto un grao de eficacia medio, só os indicadores: número de empresas asentadas, taxa de actividade emprendedora e a porcentaxe de empresas de 0 a 9 empregados/empregadas que venderon a través de internet no último ano presenta un grao de eficacia baixo ao alcanzar un valor observado inferior ao 10% do valor previsto.

Táboa 8. Indicadores de resultado da PA 1.2

Código	Indicadores de resultado	Valor observado	Valor previsto	Valor previsto 2020
R1201a	Número de empresas asentadas.	197,0	383,0	650,0
R1202a	Instalacións que cumpren cos regulamentos de seguridade industrial que lle son de aplicación. (%)	72,4	75,9	85,0
R1203a	Exportacións de manufacturas de pedra (capítulo 68 da TARIC). (Miles de €)	329.388,7	339.456,5	367.438,5
R1204a	Empresas exportadoras. (Número)	6.702,0	6.480,2	7.000,0
R1204b	Empresas medianas (entre 50 e 249 traballadores). (Número)	1.291,0	1.202,9	1.400,0
R1204c	Taxa de actividade emprendedora. (%)	6,0	7,4	9,5
R1204d	Taxa de supervivencia de PEMES aos 4 anos. (%)	53,0	53,3	56,4
R1205a	Cifra de negocios do comercio. (Índice)	88,8	88,8	93,0
R1205b	Porcentaxe de empresas de 0 a 9 empregados/as que venderon a través de internet no último ano.	3,8	6,1	10,6
R1205c	Porcentaxe de empresas de 10 e mais empregados con sede en Galicia que venderon a través de internet no último ano.	21,5	22,4	26,6

Gráfico 29. Grao de eficacia dos indicadores de resultado da PA 1.2



3.1.3. PA.1.3 Aumento da empregabilidade e produtividade dos traballadores e traballadoras de Galicia a través da formación e innovación constante.

O **importe do orzamento** inicial de 2016 para esta PA foi de 209,9 millóns de euros cunha execución (porcentaxe de obrigas recoñecidas sobre o orzamento inicial) do 84,2%. Con respecto ao orzamento vixente a porcentaxe descende ata o 61,3%.


Os principais obxectivos operativos realizados ao longo de 2016 móstranse na seguinte táboa:

Táboa 9. Indicadores financeiros dos principais obxectivos operativos da PA 1.3

	Obxectivo operativo/Liña de actuación	Orzamento inicial 2016 a	Orzamento definitivo 2016 b	Obrigas recoñecidas c	Grao de eficacia c/a
1	Contratación temporal de persoas desempregadas ou beneficiarias de determinados Programas estatais como o Programa de activación para o emprego.	41,9	74,9	47,9	114,2
2	Accións de formación das persoas desempregadas.	38,9	68,0	28,4	72,9
3	Programas de promoción do auto emprego.	23,7	27,4	22,7	96,0
4	Programas de integración laboral de persoas con discapacidade e de colectivos en risco de exclusión social.	9,2	15,8	11,6	126,2
Resto	Resto Obxectivos operativos	96,2	102,3	66,1	68,7
Total PA		209,9	288,4	176,7	84,2

O grao de eficacia da PA é medio, cunha porcentaxe do 84,2%. Dos principais obxectivos operativos, tres mostran unha eficacia financeira alta e un (accións de formación das persoas desempregadas) presenta un grao baixo de eficacia.

Gráfico 30. Eficacia financeira dos principais obxectivos operativos da PA 1.3



Segundo os **indicadores clave de produtividade**, o número de entidades de economía social beneficiadas foron 204 cunha participación en accións de formación de 4.446 persoas, sendo 2.045 participantes mulleres; respecto aos participantes con discapacidades acadaron un total de 2.868, sendo 1.079 mulleres. En relación as persoas desempregadas, incluídos os de longa duración ascendeu a 4.520 persoas, delas 2.282 son desempregadas femininas e por último 172 persoas que incorporáronse como socios traballadores ou de traballo, ou a través de fórmulas de


autoemprego, a cooperativas e sociedades laborais, habendo unha mínima diferenza entre homes e mulleres.

Catro dos indicadores de **resultado** desta PA mostran un grao de eficacia baixo (Porcentaxe de persoas ocupadas que participa na programación de accións formativas, sobre o total de poboación ocupada galega, Índice de incidencia de sinistralidade laboral, Porcentaxe de coñecemento da RSE en Galicia e Porcentaxe de empresas que contan con plans de igualdade), dous un grao medio e outros dous un grao alto.

Táboa 10. Indicadores de resultado da PA 1.3

	Indicadores de resultado	Valor observado	Valor previsto	Valor previsto 2020
R1301a	Participantes que obteñen un emprego, incluído por conta propia, tras a súa participación, en actuacións de adquisición de experiencia profesional (%)	25	18,9	30,0
R1302a	Participantes que obteñen un emprego, incluído por conta propia, tras a súa participación en actuacións de inserción laboral e emprendemento (%)	0,0	0,0	70,0
R1303a	Persoas acreditadas (%)	93	79,6	85,0
R1304a	Porcentaxe de persoas ocupadas que participa na programación de accións formativas, sobre o total de poboación ocupada galega	0,1	1,2	1,4
R1305a	Índice de incidencia de sinistralidade laboral. (Número de accidentes)	3.295,6	2.976,4	2.925,9
R1305b	Número de acordos adoptados nas xuntanzas de mesas negociadoras e de comisións paritarias de convenios colectivos que se realizan no Consello Galego de Relacións Laborais".	79,0	80,2	87,0
R1305c	Porcentaxe de coñecemento da RSE en Galicia	52,4	64,4	70,0
R1305d	Porcentaxe de empresas que contan con plans de igualdade	15,5	25,6	35,0
R1306a	Cooperativas e sociedades laborais vixentes en Galicia (Número)	3.018,0	3.053,6	3.120,0

Gráfico 31. Grao de eficacia dos indicadores de resultado da PA 1.3



3.1.4. PA.1.4 Completar Galicia no que atinxe a infraestruturas básicas. Dar un novo pulo ás políticas de rehabilitación e conservación da vivenda.

O **importe do orzamento** inicial de 2016 para esta PA foi de 282,0 millóns de euros cunha execución (porcentaxe de obrigas recoñecidas sobre o orzamento inicial) do 89,2%. Con respecto ao orzamento vixente a porcentaxe incrementábase ata o 92,0%.


Os principais obxectivos operativos realizados ao longo de 2016 móstranse na seguinte táboa:

Táboa 11. Indicadores financeiros dos principais obxectivos operativos da PA 1.4

	Obxectivo operativo/Liña de actuación	Orzamento inicial 2016 a	Orzamento definitivo 2016 b	Obrigas recoñecidas c	Grao de eficacia c/a
1	Accións para fortalecer a rede viaria de altas prestacións e a rede de estradas convencional	155,6	138,7	138,4	88,9
2	Conservación e mantemento da vialidade da rede de estradas	46,3	46,3	45,9	99,3
3	Rehabilitación illada de edificios.	7,4	10,1	5,1	68,2
4	Fomento das Áreas de Rehabilitación Integral.	8,9	16,8	4,2	46,9
Resto	Resto Liñas actuación	63,7	61,6	58,0	91,1
Total PA		282,0	273,5	251,7	89,2

O grao de eficacia da PA é do 89,2%. Os dous obxectivos operativos con maior importe mostran unha eficacia financeira media e alta, os dous seguintes ordenados polo importe das obrigas presentan grao de eficacia baixo.

Gráfico 32. Eficacia financeira dos principais obxectivos operativos da PA 1.4




Segundo os **indicadores clave de produtividade**, os indicadores que máis destacan son: “*Quilómetros de estradas que tiveron actuacións de conservación*” cun total de 5.500 quilómetros e a concesión de 1.908 axudas para a rehabilitación de vivenda.

Os indicadores de **resultado** presentan en conxunto un grao de eficacia alto, destacando o 100% do indicador porcentaxe da rede autonómica de estradas que dispón dos medios necesarios para proporcionar unha axeitada conservación e vialidade invernal.

Táboa 12. Indicadores de resultado da PA 1.4

Código	Indicadores de resultado	Valor observado	Valor previsto	Valor previsto 2020
R1401a	Vivendas e edificios rehabilitados. (Número)	10.466	9.333	28.000
R1402a	Porcentaxe de poboación de Galicia a 15 minutos ou menos do acceso a rede de vías de altas prestacións.	83,0	81,4	83,0
R1402b	Porcentaxe da rede autonómica de estradas que dispón dos medios necesarios para proporcionar unha axeitada conservación e vialidade invernal.	100,0	100,0	100,0

Gráfico 33. Grao de eficacia dos indicadores de resultado da PA 1.4



3.1.5. **PA.1.5 Consolidar un sistema educativo que minimize o fracaso escolar e se aliñe en resultados coas rexións líderes de Europa en todos os niveis e impulsar o **SUG** cara á excelencia.**

O **importe do orzamento** inicial de 2016 para esta PA foi de 1.961,6 millóns de euros cunha execución (porcentaxe de obrigas recoñecidas sobre o orzamento inicial) do 101,0%. Con respecto ao orzamento vixente a porcentaxe descende ata o 99,7%.

Os principais obxectivos operativos realizados ao longo de 2016 móstranse na seguinte táboa:


Táboa 13. Indicadores financeiros dos principais obxectivos operativos da PA 1.5

	Obxectivo operativo/Liña de actuación	Orzamento inicial 2016 a	Orzamento definitivo 2016 b	Obrigas recoñecidas c	Grao de eficacia c/a
1	Accións para a mellora da calidade da docencia universitaria e da empregabilidade dos egresados.	326,2	327,5	327,5	100,4
2	Accións de fomento da formación profesional nomeadamente nos ciclos formativos de grao medio e na modalidade de FP a distancia.	7,3	18,9	18,0	245,0
3	Accións de mellora nas condicións de	4,8	14,8	14,5	300,8

	Obxectivo operativo/Liña de actuación	Orzamento inicial 2016 a	Orzamento definitivo 2016 b	Obrigas recoñecidas c	Grao de eficacia c/a
	seguridade, funcionalidade, habitabilidade e accesibilidade dos centros existentes				
4	Axudas á gratuidade da educación especial.	10,3	10,3	10,3	99,8
5	Construción de novos centros ou ampliación dos existentes e medidas de mellora nas condicións garantindo a oferta total de prazas do sistema educativo, pública e concertada.	9,4	9,0	6,1	65,2
6	Creación de novos postos escolares mediante a construción de novos centros ou ampliación dos existentes, co correspondente equipamento asociado.	5,1	4,9	2,9	56,7
Resto	Resto Obxectivos operativos	1.598,3	1.602,3	1.601,7	100,2
Total PA		1.961,6	1.987,7	1.981,1	101,0

O grao de eficacia da PA é do 101,0%. Dos obxectivos operativos do cadro anterior, os catro de maior importe mostran unha eficacia financeira alta, e os dous seguintes unha eficacia baixa.

Gráfico 34. Eficacia financeira dos principais obxectivos operativos da PA 1.5




Segundo os **indicadores clave de produtividade**, o número de alumnos/as matriculados/as en centros públicos durante o curso 2015/2016 foron 276.840 mentres que o alumnado matriculado en centros privados concertados elévase a 85.921 e os participantes en accións de formación acadaron un total de 3.496 persoas, destas 617 foron mulleres.

No ámbito do sistema universitario de Galicia matriculáronse un total de 59.295 alumnos, dos cales 32.732 son mulleres. Con respecto ao persoal docente que participa en accións formativas da Rede de Formación acadan un total de 49.610, sendo persoal feminino un total de 35.910.

Os indicadores **de resultado** presentan en conxunto un grao de eficacia alto e só un dos indicadores “Alumnado promovido por idioma (inglés) nas EOI” presentan un grao de eficacia baixo.

Táboa 14. Indicadores de resultado da PA 1.5

Código	Indicadores de resultado	Valor observado	Valor previsto	Valor previsto 2020
R1501a	Taxa de idoneidade aos 10 anos de idade. (%)	91,1	90,5	93,0
R1502a	Taxa de graduación universitaria (só grao). (%)	48,7	49,0	50,0
R1503a	Alumnado por unidade en funcionamento en centros docentes públicos de educación especial. (Número de alumnos)	4,3	4,3	4,0
R1504a	Alumnado promovido por idioma (inglés) nas EOI (Número de alumnos)	4.376,0	5.642,3	6.100,0
R1505a	Profesorado que obtén unha acreditación trala súa participación en actividades formativas (%)	57,5	54,6	58,0
R1506a	Participantes que acadaron a titulación profesional. (Número)	7.844,0	7.000,0	21.000,0
R1507a	Accións de formación e transferencia tecnolóxica. (Número)	681,0	736,8	2.500,0
R1508a	Taxa de idoneidade aos 14 anos de idade. (%)	74,4	72,4	74,0
R1508b	Alumnado que opta pola formación profesional de grao medio fronte ao bacharelato. (%)	65,3	65,2	70,0
R1509a	Abandono educativo temperán (%)	15,2	16,2	13,5

Gráfico 35. Grao de eficacia dos indicadores de resultado da PA 1.5


3.2. Eixe 2. Benestar das persoas e as familias e cohesión social

A dinámica demográfica de Galicia fai que a mellora das políticas de benestar sexa cada vez máis indispensable para colaborar na calidade de vida dunha poboación de máis idade.

Do mesmo xeito, as políticas de conciliación e os servizos ás familias, especialmente á infancia, deben contribuír a mellorar as taxas de fecundidade e a invertir a dinámica demográfica de Galicia.

Nesta liña, resulta preciso aplicar con éxito as políticas de inserción social dun amplo colectivo que foi o máis desfavorecido pola crise, mediante itinerarios personalizados que permitan acompañar ás persoas en risco de exclusión ata que abandonen esta situación. Tamén a consecución dunha sociedade máis xusta, esixe que se garanta a igualdade de oportunidades para aqueles colectivos que sofren exclusión por outros motivos, dende unha discapacidade á pertenza a colectivos sociais marxinados.


Mención especial cómpre facer ás políticas de igualdade que, se ben constitúen unha prioridade horizontal, é dicir a perspectiva de xénero debe estar presente na diagnose e solución aos principais problemas de Galicia, tamén deben contar con liñas de acción específicas para reducir con determinación as fendas de xénero nos diferentes eidos tratados no plan.

O eixe 2 artículase en cinco Prioridades de actuación:

- PA 2.1 Sistema sanitario sustentable e de calidade. Fomento da saúde pública e dos modos de vida saudables.
- PA 2.2 Desenvolvemento do sistema de servizos sociais de atención ás persoas maiores e dependentes.
- PA 2.3 Mellora dos servizos sociais a familias e á infancia, apoio á conciliación, servizos e axudas complementarios da educación e políticas de xuventude e cooperación.
- PA 2.4 Deseño dunha estratexia de integración social que mellore o benestar da cidadanía, axude ás persoas máis desfavorecidas a retornar o máis axiña posible a situacións socioeconómicas aceptables.
- PA 2.5 Garantir o acceso a unha vivenda digna en réxime de propiedade ou aluguer axeitada ás posibilidades de cada familia.


O importe asignado en 2016 a este eixe no orzamento inicial foi de 4.379,4 millóns de euros, o 49,7% do orzamento. O importe definitivo foi de 4.749,1 millóns e as obrigas recoñecidas foron 4.684,8 millóns superando en sete puntos porcentuais o orzamento inicial. A Prioridade de Actuación (PA) con maior importe foi a 2.1 *Sistema sanitario sustentable e de calidade. Fomento da saúde pública e dos modos de vida saudables*, que supón o 80,6% do eixe no orzamento inicial e o 82,3% en termos de obrigas. A seguinte gráfica mostra a estrutura porcentual do eixe por PA comparando o orzamento inicial, definitivo e as obrigas recoñecidas:

Gráfico 36. Porcentaxe que supón cada PA no orzamento inicial, definitivo e nas obrigas do Eixe 2



A eficacia financeira, medida como a porcentaxe do importe das obrigas recoñecidas sobre o orzamento inicial neste Eixe é alta acadando unha porcentaxe do 107,0%, Por PA o **grao de eficacia financeira é alto** en todas as PAs: **2.1** Sistema sanitario sustentable e de calidade. Fomento da saúde pública e dos hábitos de vida saudables, **2.2** Desenvolvemento do sistema de servizos sociais de atención ás persoas maiores e dependentes, **2.3** Mellora dos servizos sociais a familias e á infancia, apoio á conciliación e á promoción da igualdade, servizos e axudas complementarios da educación e políticas de xuventude e cooperación, **2.4** Deseño dunha estratexia de integración social que mellore o benestar da cidadanía, axude ás persoas máis desfavorecidas a retornar o máis axiña posible a situacións socioeconómicas aceptables e que fomente a igualdade de xénero e **2.5** Garantir o acceso a unha vivenda digna en réxime de propiedade ou aluguer axeitada ás posibilidades de cada familia.

Gráfico 37. Eficacia financeira das Prioridades de Actuación do Eixe 2



3.2.1. PA.2.1. Sistema sanitario sustentable e de calidade. Fomento da saúde pública e dos modos de vida saudables

O **importe do orzamento** inicial de 2016 para esta PA foi de 3.531,1 millóns de euros cunha execución (porcentaxe de obrigas recoñecidas sobre o orzamento inicial) do 109,2%. Con respecto ao orzamento vixente a porcentaxe descende ata o 99,2%.


Os **principais obxectivos operativos realizados** ao longo de 2016 móstranse na seguinte táboa:

Táboa 15. Indicadores financeiros dos principais obxectivos operativos da PA 2.1

	Obxectivo operativo/Liña de actuación	Orzamento inicial 2016 a	Orzamento definitivo 2016 b	Obrigas recoñecidas c	Grao de eficacia c/a
1	Gastos de persoal (saúde)	1.579,5	1.683,4	1.683,4	106,6
2	Xestionar os recursos asistenciais no ámbito da saúde para dar resposta ás necesidades da cidadanía en tempo e forma.	821,4	1.028,8	1.027,4	125,1
3	Promover o uso eficiente e responsable dos recursos no ámbito da saúde.	687,1	732,3	732,2	106,6
4	Manter e mellorar as infraestruturas sanitarias en atención hospitalaria	124,7	137,1	116,9	93,8
5	Xestionar os recursos de atención urxente no ámbito da saúde para dar resposta ás necesidades da cidadanía en tempo e forma.	45,0	45,7	45,6	101,4
6	Desenvolvemento, soporte, mantemento e implantación da infraestrutura TIC e os sistemas de información do SERGAS.	28,4	25,9	24,7	87,0
7	Fomentar a promoción da saúde e a prevención da enfermidade	20,0		19,6	98,2
8	Manter e mellorar as infraestruturas sanitarias en atención primaria	12,9	20,3	18,1	140,0
9	Integración sanitaria da saúde mental e trastornos aditivos e desenvolvemento da coordinación sociosanitaria.	12,1	12,9	12,8	106,1
10	Garantir a prestación de servizos no lugar e momento adecuados, cos niveis de calidade e seguridade comprometidos	9,9	9,9	9,4	94,9
11	Fomento do deporte a través de convenios, axudas e patrocinios a entidades deportivas	5,6	5,6	5,6	100,7
	Resto Obxectivos operativos	184,7	185,3	159,1	86,2
	Total PA	3.531,1	3.887,2	3.854,9	109,2

O grao de eficacia da PA é do 109,2%. Dos nove principais obxectivos operativos, oito mostran unha eficacia financeira alta e un presenta un grao medio. O resto de obxectivos operativos amosan un grao de eficacia global medio (87,0%).

Gráfico 38. Eficacia financeira dos principais obxectivos operativos da PA 2.1



Segundo os **indicadores clave de produtividade**, realizáronse un total de 26.217.891 consultas en atención primaria e 4.208.499 en hospitalaria. Os programas de vacinación reflectiron, máis de 325.000 doses de vacinas administradas en menores de 15 anos e máis de 638.000 doses de vacinas administradas a persoas adultas, incrementos do 2% e 8% respectivamente. Os programas de cribado de cancro tiveron a seguinte participación: un 82,9% no cancro de mama e nun 48,8% no de colon, en ambos casos con incrementos interanuais. O número de receitas dispensadas foi de 63.162.012 cun custo medio de 13,66 €.

O alumnado participante en programas de promoción deportiva escolar foi dun total de 110.258, dos que o 33% eran mulleres e concedéronse un total de 1.144 axudas a entidades deportivas, un 8% máis que en 2015.


O 54,5% dos indicadores de **resultado** presentan un grao de eficacia alto ao alcanzaren os valores observados máis do 100% dos valores previstos, un 22,7% presentan un grao de eficacia medio e o resto un grao de eficacia baixo.

Táboa 16. Indicadores de resultado da PA 2.1

Código	Indicadores de resultado	Valor observado	Valor previsto	Valor previsto 2020
R2101a	Poboación que practica actividade física e deporte. (%)	70,8	72,5	75
R2101c	Licenzas federativas (Número)	268.744	267.942	302.571
R2102a	% de cidadáns que pensan que o sistema funciona ben ou moi ben conforme ao barómetro sanitario	22,1	27,1	28,0
R2102b	Tempo medio de espera (días) en Atención Primaria para as citas de tipo demanda do Médico de Familia e Pediatra	0,2	0,8	<0,5
R2102c	Tempo medio de espera (días) cirúrxica das patoloxías de prioridade 1	16,9	23,5	<30,0
R2102d	Tempo medio de espera (días) das primeiras consultas de enfermidade	47,3	48,3	<45,0
R2102e	% de poboación cuberta cos diferentes cribados poboacionais (cancro de mama, cancro de colon, xordeira neonatal, metabolopatías) mama	100	100	100

Código	Indicadores de resultado	Valor observado	Valor previsto	Valor previsto 2020
R2102e	% de poboación cuberta cos diferentes cribados poboacionais (cancro de mama, cancro de colon, xordeira neonatal, metabolopatías) colon	48,8	38,3	100
R2102f	% Cobertura vacinal (en menores de 15 anos)	96,5	96,5	96,0
R2102h	Porcentaxe de consultas telefónicas	12,0	10,8	15,0
R2102i	% de altas hospitalarias en seguimento polo programa Conecta 72	85,4	87,5	95,0
R2102k	Porcentaxe de programas implantados de e-interconsultas	10,1	11,0	20,0
R2102l	% de eventos adversos nos que se realizan análise para a mellora	8,6	3,3	5,0
R2103a	% Implantación historia clínica electrónica	100,0	100,0	100,0
R2103b	% Implantación receita electrónica	100,0	100,0	100,0
R2103c	% Especialidades e centros de primaria que utilizan os sistemas de telemedicina.	42,8	38,4	40,0
R2103d	N.º total de accesos a libros electrónicos	66.413,0	41.220,5	50.000,0
R2103e	N.º de descargas de artigos científicos de revistas electrónicas	482.446,0	548.954,8	550.000,0
R2103f	Nº profesionais con expedient-e	153.952,0	162.980,2	250.000,0
R2104a	Porcentaxe de prescrición de xenéricos	43,2	42,8	45,0
R2104b	Porcentaxe de prescrición de omeprazol no conxunto de Inhibidores da bomba de protóns	69,0	69,4	74,0
R2104d	Porcentaxe de produtos unificados coa plataforma loxística	-2,3	-4,0	-1,0

Gráfico 39. Grao de eficacia dos indicadores de resultado da PA 2.1



3.2.2. PA.2.2. Desenvolvemento do sistema de servizos sociais de atención ás persoas maiores e dependentes

O **importe do orzamento** inicial de 2016 para esta PA foi de 352,4 millóns de euros cunha execución (porcentaxe de obrigas recoñecidas sobre o orzamento inicial) do 96,9%. Con respecto ao orzamento vixente a porcentaxe incrementábase ata o 98,0%.


Os principais obxectivos operativos realizados ao longo de 2016 móstranse na seguinte táboa:

Táboa 17. Indicadores financeiros dos principais obxectivos operativos da PA 2.2

	Obxectivo operativo/Liña de actuación	Orzamento inicial 2016 a	Orzamento definitivo 2016 b	Obrigas recoñecidas c	Grao de eficacia c/a
1	Incremento dos servizos de atención residencial, atención diúrna, de axuda no fogar, de promoción da autonomía en equipamentos especiais.	265,7	255,3	249,5	93,9
2	Gastos de persoal	67,2	77,2	77,2	114,9
3	Favorecer a permanencia no domicilio e contorno habitual durante o maior tempo posible.	12,3	10,2	9,3	75,2
4	Fomentar actitudes positivas cara o coidado da saúde e á promoción da autonomía persoal: fomento da actividade física e doutros hábitos de vida saudables, implantación de programas e obradoiros prácticos de preparación para a xubilación	6,7	5,7	5,7	85,6
Resto	Resto Obxectivos operativos	0,5	0	0	--
Total PA		352,4	348,4	341,6	96,9

O grao de eficacia da PA é do 96,9%. Os dous principais obxectivos operativos mostran unha eficacia financeira alta, os dous seguintes ordenados segundo o importe das obrigas acadan un grao medio.

Gráfico 40. Eficacia financeira dos principais obxectivos operativos da PA 2.2



Segundo os **indicadores clave de produtividade**, participaron un total de 116.855 persoas nos servizos para situación de dependencia, das que a maioría (65,6%) foron mulleres. Ademais houbo 31.307 persoas de 55 ou máis anos que participaron en programas de prevención da dependencia, tamén con maioría de


mulleres (70%). 75.832 persoas con discapacidade participaron en programas de promoción da autonomía persoal, das que 39.425, o 52%, foron mulleres

O indicador de **resultado** R2201a presenta un grao de eficacia alto, o R2202a e o R2202b presentan un grao de eficacia baixo.

Táboa 18. Indicadores de resultado da PA 2.2

Código	Indicadores de resultado	Valor observado	Valor previsto	Valor previsto 2020
R2201a	% de persoas atendidas sobre o total de persoas recoñecidas cun grao implantado.	73,8	61,6	75
R2202a	% de poboación maior á que se dirixen os programas de prevención da dependencia sobre a poboación maior de 55 anos	44,7	55,4	80,8
R2202b	% de persoas con discapacidade que participan en programas de promoción da autonomía persoal.	45,7	60,4	70,0

Gráfico 41. Grao de eficacia dos indicadores de resultado da PA 2.2



3.2.3. **PA.2.3. Mellora dos servizos sociais a familias e á infancia, apoio á conciliación, servizos e axudas complementarios da educación e políticas de xuventude e cooperación.**

O **importe do orzamento** inicial de 2016 para esta PA foi de 363,9 millóns de euros cunha execución (porcentaxe de obrigas recoñecidas sobre o orzamento inicial) do 99,6%. Con respecto ao orzamento vixente a porcentaxe diminúe lixeiramente ata o 99,3%.


Os principais obxectivos operativos realizados ao longo de 2016 móstranse na seguinte táboa:

Táboa 19. Indicadores financeiros dos principais obxectivos operativos da PA 2.3

	Obxectivo operativo/Líña de actuación	Orzamento inicial 2016 a	Orzamento definitivo 2016 b	Obrigas recoñecidas c	Grao de eficacia c/a
1	Accións de posta a disposición do alumnado que requira recursos educativos complementarios necesarios.	163,3	162,9	162,9	99,7
2	Favorecer as condicións necesarias para que as persoas menores poidan integrarse nunha familia ou desenvolver o seu propio proxecto de vida nas mellores condicións.	35,1	34,3	33,8	96,3
3	Impulsar a natalidade e fomento da conciliación da vida persoal, familiar e laboral.	31,9	31,3	30,1	94,6
4	Gastos de persoal	21,5	21,9	21,9	102,1
5	Contribuír aos servizos sociais a familias e á infancia, apoio á conciliación, servizos e axudas complementarios da educación e políticas de xuventude e cooperación	12,9	18,3	18,0	139,7
6	Impulsar a participacións dos mozos e mozas en actividades de educación non formal que permitan a adquisición de competencias e habilidades altamente valoradas polos empregadores.	4,3	3,9	3,9	90,5
7	Mellorar as competencias clave, en especial en comunicación lingüística do alumnado.	3,4	3,4	3,3	98,8
Resto	Resto Obxectivos operativos	91,1	89	88,5	97,2
Total PA		363,9	365	362,5	99,6

O grao de eficacia da PA é do 99,6%. Os sete principais obxectivos operativos mostran unha eficacia financeira alta (por enriba do 90%), ao igual que o resto de obxectivos operativos que amosan un grao de eficacia do 97,2%.

Gráfico 42. Eficacia financeira dos principais obxectivos operativos da PA 2.3



Segundo os **indicadores clave de produtividade**, a posta a disposición do alumnado que requira recursos educativos complementarios necesarios reflicte en 2016 os seguintes datos: un 22% beneficiouse de accións de facilitación de material escolar, un 46% beneficiouse do transporte escolar e un 30% de comedor escolar. Houbo 756 menores en situación de acollemento familiar, dos que 399 eran mulleres


e 666 menores participaron nos programas Mentor e de traballo remunerado e formación ocupacional en centros de reeducación, dos que 246 eran mulleres. Nos programas de xuventude beneficiáronse máis de 8.000 mozos e mozas, o 59% mozas, participaron un total de 580 persoas en proxectos de voluntariado, das que 346 foron mulleres. No ámbito da conciliación foron 3.462 as persoas que participaron nos programas de apoio á conciliación e fomento da corresponsabilidade, que recibiron actuacións destinadas á mellora da súa situación no ámbito laboral. O alumnado participante en programas en inmersión lingüística foi de 1.028 persoas, das que 561 eran mulleres.

A maioría dos indicadores de **resultado** presentan un grao de eficacia alto, 6 indicadores, o 60% deles, relativos á porcentaxe de menores en acollemento familiar, á taxa de escolarización de poboación de 0 a 3, dos resultados obtidos polo alumnado nas probas de comprensión lingüística, na educación primaria e a porcentaxe de alumnado beneficiario dos servizos e das axudas complementarias da ensinanza, e os datos sobre voluntariado. Do resto de indicadores de resultado, a metade reflicten eficacia media, os resultados da comprensión lingüística en educación secundaria e as excedencias para coidado de fillos/as e familiares solicitadas por homes; tendo a taxa brutas de natalidade e o indicador de adquisición de competencias de mozos e mozas, vinculadas á empregabilidade eficacia baixa.

Táboa 20. Indicadores de resultado da PA 2.3

Código	Indicadores de resultado	Valor observado	Valor previsto	Valor previsto 2020
R2301a	Taxa bruta de natalidade (Número de nacementos por cada 1.000 habitantes)	7,1	7,7	10,4
R2301b	Porcentaxe de menores en situación de acollemento familiar sobre o total de menores en situación de acollemento (residencial e familiar)	65	55,3	70,0
R2301c	Taxa de escolarización de poboación de 0 a 3 anos (%)	42,5	42,5	50,0
R2302a	Entidades do rexistro de voluntariado galego (Número)	922	911	1.000
R2302b	Persoas voluntarias inscritas no rexistro de voluntariado galego (Número)	40.719	39.254	40.000
R2303a	Excedencias para coidado de fillos/as e familiares solicitadas por mulleres en comparación cos homes. (%)	89,1	88,4	85,0
R2304a	Mozos/as participantes en programas de educación non formal que adquiren competencias vinculadas á empregabilidade (Número)	3.392	4.027	4.030
R2305a	Alumnado beneficiario dos servizos e das axudas complementarios da ensinanza. (%)	62,9	61,1	70,0
R2305b	Resultado obtido nas probas de comprensión lingüística nas probas de avaliación do alumnado de educación primaria. (%)	89,7	88,4	90,0
R2305c	Resultado obtido nas probas de comprensión lingüística nas probas de avaliación do alumnado de educación secundaria. (%)	73,3	79,2	80

Gráfico 43. Grao de eficacia dos indicadores de resultado da PA 2.3



3.2.4. PA.2.4. Deseño dunha estratexia de integración social que mellore o benestar da cidadanía, axude ás persoas máis desfavorecidas a retornar o máis axiña posible a situacións socioeconómicas aceptables.

O **importe do orzamento** inicial de 2016 para esta PA foi de 117,1 millóns de euros cunha execución (porcentaxe de obrigas recoñecidas sobre o orzamento inicial) do 94,3%. Con respecto ás previsións iniciais a porcentaxe descende ata o 88,4%.


Os principais obxectivos operativos realizados ao longo de 2016 móstranse na seguinte táboa:

Táboa 21. Indicadores financeiros dos principais obxectivos operativos da PA 2.4

	Obxectivo operativo/Líña de actuación	Orzamento inicial 2016 a	Orzamento definitivo 2016 b	Obrigas recoñecidas c	Grao de eficacia c/a
1	Renda de Inclusión Social de Galicia	52,7	56,3	56,3	106,7
2	Mantemento da rede de servizos sociocomunitarios	9,2	14,2	14,2	153,2
3	Axuda Extraordinaria Pensións non contributivas (PNC), Fondo de Asistencia Social (FAS) e subsidio de garantía de ingresos mínimos (SGIM).	9,5	17,7	8,4	87,8
4	Atención socioasistencial e sociocultural aos cidadáns galegos do exterior.	4,1	3,8	3,8	93,0
5	Programas específicos de inclusión social realizados polas corporacións locais e polas entidades de iniciativa social prestadoras de Servizos Sociais.	6,0	3,4	3,4	56,5
6	Axudas de Inclusión Social	10,0	7,2	3,1	30,9
7	Protección e apoio integral a vítimas de violencia de xénero.	2,5	3,1	3,1	122,6
	Resto	23,1	19,3	18,3	79,3
	Resto Obxectivos operativos	23,1	19,3	18,3	79,3
	Total PA	117,1	124,9	110,4	94,3

O grao de eficacia da PA é do 94,3%. Os principais obxectivos operativos mostran unha eficacia financeira media - alta (por enriba do 75%), só dous dos principais obxectivos operativos rexistran unha eficacia financeira baixa. O resto de obxectivos operativos amosan un grao de eficacia medio (79,3%).

Gráfico 44. Eficacia financeira dos principais obxectivos operativos da PA 2.4




Segundo os **indicadores clave de produtividade**, Un total de 10.761 persoas percibiron a RISGA, das que o 60,2% foron mulleres. 9.000 persoas en risco de exclusión social, nas que as mulleres representaron o 46% e 1.571 persoas (o 64% mulleres) inmigrantes participaron nas actuacións de loita contra a pobreza e a exclusión social. Concedéronse 162 axudas a entidades galegas do exterior e a 10.163 persoas galegas residentes no exterior e retornadas, das que 6.245 foron mulleres. 1.972 mulleres e 637 menores foron atendidos nos programas de protección e apoio a vítimas da violencia de xénero, un total de 13.000 mulleres recibiron información, atención ou asesoramento en materia de igualdade de oportunidades, inclusión e mellora social, o acceso á actividade e ao emprego, 195 mulleres beneficiáronse do programa de autoemprego da muller (EMEGA),

Os indicadores de **resultado** de redución da fenda salarial e da taxa de ocupación entre homes e mulleres, códigos R2403a e R2403b, presentan un grao de eficacia alto; os de redución da taxa de risco pobreza, R2404a e R2404b reflicten un grao medio e os tres restantes, cobertura de axudas e prestacións sobre a poboación en risco de pobreza e dos galegos e galegas no exterior que acrediten unha situación de necesidade e o relativo ás denuncias por violencia de xénero, R2401a, R2402a e R2405a mostran un grao de eficacia baixo

Táboa 22. Indicadores de resultado da PA 2.4

Código	Indicadores de resultado	Valor observado	Valor previsto	Valor previsto 2020
R2401a	% de persoas beneficiarias das axudas e prestacións sobre a poboación en risco de pobreza.	2,6	3,0	4,5
R2402a	Porcentaxe de solicitudes atendidas sobre aquelas nas que se acredite unha situación de necesidade..	75	86	90
R2403a	Fenda salarial entre mulleres e homes (%)	22,0	20,1	20,5
R2403b	Taxa de ocupación de 16 a 64 anos feminina (%)	55,0	54,5	57,5
R2404a	Taxa de risco de pobreza ou exclusión social (%)	22,6	21,7	19,9
R2404b	Taxa de risco de pobreza ou exclusión social da poboación inmigrante en Galicia (%)	41,3	39,7	38,5
R2405a	Denuncias por violencia de xénero. (Número)	5.683	5.138	5.000

Gráfico 45. Grao de eficacia dos indicadores de resultado da PA 2.4



3.2.5. PA.2.5. Garantir o acceso a unha vivenda digna en réxime de propiedade ou aluguer axeitada ás posibilidades de cada familia.

O **importe do orzamento** inicial de 2016 para esta PA foi de 14,8 millóns de euros cunha execución (porcentaxe de obrigas recoñecidas sobre o orzamento inicial) do 104,0%. Con respecto ás ao orzamento vixente a porcentaxe descende ata o 65,4%.


Os principais obxectivos operativos realizados ao longo de 2016 móstranse na seguinte táboa:

Táboa 23. Indicadores financeiros dos principais obxectivos operativos da PA 2.5

	Obxectivo operativo/Liña de actuación	Orzamento inicial 2016 a	Orzamento definitivo 2016 b	Obrigas recoñecidas c	Grao de eficacia c/a
1	Accións para promover o acceso á vivenda en propiedade.	8,4	14,1	10,8	129,3
2	Accións para promover o acceso á vivenda en aluguer.	4,7	7,8	4,4	93,0
Revisión da lóxica de intervención	<p>Diagnóstico: Durante os últimos anos obsérvase un descenso significativo no número de accidentes e enfermidades laborais en Galicia. Este descenso visualízase tamén nos índices de incidencia de accidentes laborais por cada mil afiliados á Seguridade Social con continxencia de accidentes de traballo cuberta, que acada en 2016 o valor de 31,9, reducindo máis de 27 puntos con respecto a 2005. Pese a esta mellora, a cultura da seguridade industrial non está plenamente implantada en Galicia; non existen diferenzas apreciables co resto das comunidades autónomas españolas, pero si co resto de Europa, onde existe unha maior concienciación da sociedade coa seguridade industrial. Así mesmo, é necesario continuar coa mellora das infraestruturas coas que contan os parques empresariais co fin de favorecer as condicións nas que se desenvolve o tecido industrial galego.</p> <p>Necesidades: Conseguir que todas as industrias galegas e instalacións cumpran cos requirimentos que establecen os regulamentos de seguridade industrial que lles son de aplicación, para que sexan o máis seguras posibles.</p> <p>Resultados esperados: Acadar que todas as instalacións sometidas a regulamentos de seguridade industrial estean debidamente rexistradas, que se deseñen cumprindo cos requisitos de seguridade aplicables, e que se manteñan adecuadamente.</p>					
Indicador financeiro	Denominación dos principais obxectivos operativos	Orzamento inicial M€ (a)	Orzamento definitivo (b) M€	Obrigas recoñecidas (c) M€	Executado Inicial (%) (c) / (a)	% sobre o total executado do OE
	Axudas para a renovación de instalacións e equipamentos.	5,5	4,5	4,5	81,8	34,0
	Gastos de persoal (inspección e administración).	8	8	8	100,9	60,7
	TOTAL OE	13,5	13,3	13,3	98,3	100
Indicadores de produtividade (IIPP)	Denominación				Valor realizado 2016	V. Acumulado 2015-2016
	Instalacións industriais inspeccionadas. (Número).				74	621
	Instalacións industriais renovadas. (Número).				184	312
	Parques empresariais con equipamentos mellorados. (Número).				50	97
	Número de efectivos.				239	237 (promedio)
Indicadores de resultado (IIRR)	Denominación	Valor base (V₀)	Valor previsto (VP_t)	Valor observado (VO_t)	Valor previsto 2020 (V_t)	Grao de eficacia (VO_t)/ (VP_t)-1
	Instalacións que cumpran cos regulamentos de seguridade industrial que lle son de aplicación. (%).	71,7 (2014)	76,0 (2016)	72,4 (2016)	85	Medio
Conclusións	<ul style="list-style-type: none"> - As principais actuacións son a inspección das industrias e as axudas para a renovación de instalacións e equipamentos, directamente ligadas ao obxectivo estratéxico. - A execución financeira dos recursos presenta un grao de eficacia alto. - Na vixencia do PEG concedéronse 312 axudas para a renovación de instalacións industriais, das que 184 corresponden a 2016, e foron inspeccionadas 621 industrias, das que soamente 74 se corresponden. No eido da renovación de instalacións industriais en parques empresariais foron un total de 97, dos que 50 son de 2016. O persoal co que conta este obxectivo rolda as 237 persoas. - O indicador de resultado acada un grao de eficacia medio ao non superar o valor previsto en 2016. 					
Programas de gasto	732A					

Obxectivo estratéxico						
OE.1.2.03 Impulsar o crecemento e a competitividade dun sector mineiro sustentable na comunidade autónoma de Galicia.						
Revisión da lóxica de intervención	<p>Diagnóstico: A crise económica sufrida nos últimos anos tivo unha notable repercusión na actividade extractiva da nosa Comunidade Autónoma, concentrada particularmente nos subsectores máis relacionados coa construción, que incidiu na presenza, á baixa, dos recursos minerais galegos nos mercados cunha caída entre 2007 e 2014 do 62,9%. Por outra banda, a creación dos clústers sectoriais contribúe á busca da diversificación dos produtos derivados dos recursos minerais autóctonos e á mellora dos aspectos tecnolóxicos a través da innovación e modernización mediante a aplicación de proxectos demostrativos.</p> <p>Necesidades: Debido a crise que afecta ao sector, resulta preciso apoiar ao mesmo para contribuír a mellorar a súa competitividade, a imaxe social en condicións de sustentabilidade e a seguridade. Incentivar a adopción de sistemas de xestión mineira sustentable, fomentar o aproveitamento das instalacións e infraestruturas mineiras e promover a I+D+i empresarial no sector mineiro.</p> <p>Resultados esperados: Incrementar a produción mineira na nosa comunidade a través do mellora da competitividade, da internacionalización e da diversificación de produtos. Mellorar as condicións do traballo das explotacións mineiras.</p>					
Indicador financeiro	Denominación dos principais obxectivos operativos	Orzamento inicial (a) M€	Orzamento definitivo (b) M€	Obrigas recoñecidas (c) M€	Executado Inicial (%) (c) / (a)	% sobre o total executado do OE
	Fomento do uso dos recursos mineiros na mellora da eficiencia enerxética.	1,8	3,6	3,4	190,4	87,3
	TOTAL OE	2,5	4,3	3,9	160,7	100
Indicadores de produtividade (IIPP)	Denominación				Valor realizado 2016	V. Acumulado 2015-2016
	Investimento privado que acompaña á axuda pública. (millóns de euros).				4,3	5,4
	Axudas ao impulso dos recursos mineiros. (Número).				547	836
	Accións de apoio ao sector mineiro. (Número).				2	7
Indicadores de resultado (IIRR)	Denominación	Valor base (V₀)	Valor previsto (VP_t)	Valor observado (VO_t)	Valor previsto 2020 (V_t)	Grao de eficacia (VO_t) / (VP_t)-1
	Exportacións de manufacturas de pedra (capítulo 68 da TARIC). (Miles de €).	326.275 (2014)	339.456(2016)	329.389(2016)	367.439	Medio
	Produción das industrias extractivas. (Millóns de €).	256 (2014)	256 (2014)	256 (2014)	300	
Conclusións	<ul style="list-style-type: none"> - Desenvolvéronse actuacións directamente ligadas ao obxectivo estratéxico. A principal actuación é o fomento dos recursos mineiros, entre as que se poden salientar o Plan renove de cubertas de lousa e de tella cerámica e o plan de utilización de pedra natural. - O grao de eficacia da execución financeira dos recursos do obxectivo estratéxico é alto. - En 2016 houbo un incremento dos valores dos indicadores relacionados coas axudas ao sector, con 547 axudas e 4,3 millóns de investimento privado asociado, do que se deduce un importe medio de axuda por proxecto de 13.035 euros, que flutúa entre os 21,1 mil euros de importe medio por proxecto do plan de utilización da pedra natural aos 10,6 mil euros de importe medio de plan de renove de tella cerámica. A intensidade da axuda concedida pola DX de Enerxía e minas é do 40% do total do proxecto. - Un dos indicadores de resultado reflicte un lixeiro avance respecto ao valor de base, aínda que algo máis baixo do valor previsto de 2016, do que se conclúe un grao de eficacia medio. Non hai novos datos do outro indicador. 					
Programas de gasto	734A					

Obxectivo estratéxico	OE.1.2.04 Mellorar a competitividade das empresas e dos sectores tradicionais galegos nun entorno globalizado, a través do crecemento, profesionalización, modernización e internacionalización.					
Revisión da lóxica de intervención	<p>Diagnóstico: Galicia conta cun tecido empresarial atomizado, así o 96% das pemes son microempresas, polo que o tamaño da peme galega é reducido (2,15 traballadores/as por empresa). O tamaño empresarial ten unha ampla relevancia no funcionamento da economía, xa que as empresas de menos de 50 empregados/as atopan especiais dificultades na especialización do seu persoal, a capacidade de innovar, a proxección en mercados internacionais e o acceso ao crédito. O descenso desde 2008 no número de PEMES activas (2,9%), especialmente no caso de pequenas e medianas empresas (23,4%).</p> <p>Necesidades: Desenvolver os factores territoriais de competitividade: solo industrial, enerxía, loxística, formación dual, integración efectiva das TIC e tecnoloxías facilitadoras, infraestruturas axeitadas. Profesionalizar o tecido empresarial a través da mellora do capital humano. Fomentar o emprendemento. Consolidación, capitalización e crecemento empresarial para acadar masa crítica competitiva. Incrementar a presenza no mercado exterior. Captar investimento estranxeiro para completar as cadeas de valor.</p> <p>Resultados esperados: Lograr un crecemento baseado no equilibrio e hibridación entre sectores tradicionais e de futuro. Incrementar: o número de empresas de dimensión media (50-100 traballadores/as), a fortaleza financeira das empresas, as taxas de emprendemento, a cultura innovadora, a vocación global, a proporción de cadeas de valor e os modelos de negocio adaptados ás necesidades da nova economía (cadeas de valor globais, automatización, interconexión, loxística intelixente, incorporación de tecnoloxías).</p>					
Indicador financeiro	Denominación dos principais obxectivos operativos	Orzamento inicial (a) M€	Orzamento definitivo (b) M€	Obrigas recoñecidas (c) M€	Executado Inicial (%) (c) / (a)	% sobre o total executado do OE
	Consolidación e crecemento das empresas.	45,9	74,9	53,5	116,4	60,4
	Apoio á presenza nos mercados externos.	10,8	5,9	2,8	26	3,2
	Subvencións a fondo perdido para fomentar os investimentos das empresas.	14,3	9,7	8,7	61	9,9
	Impulso á iniciativa emprendedora.	8	2,4	1,1	13,6	1,2
	TOTAL OE	106,7	119,1	88,5	82,9	100
Indicadores de produtividade (IIPP)	Denominación				Valor realizado 2016	V. Acumulado 2015-2016
	Número de empresas que reciben axudas.				3.859	7.676
	Investimento privado que acompaña á axuda pública (€).				239.868.302	461.902.185
	Participantes en accións de formación. Homes (Persoas).				334	710
	Participantes en accións de formación. Mulleres (Persoas).				278	629
Indicadores de resultado (IIRR)	Denominación	Valor base (V₀)	Valor previsto (VP_i)	Valor observado (VO_i)	Valor previsto 2020 (V_t)	Grao de eficacia (VO_i)/ (VP_i)-1
	Empresas exportadoras. (Número).	6.235 (2014)	6.480 (2016)	6.702 (2016)	7.000	Alto
	Empresas medianas (entre 50 e 249 traballadores.) (Número).	1.132 (2013)	1.203 (2015)	1.291 (2015)	1.400	Alto
	Taxa de actividade emprendedora. (%).	7,1 (2013)	7,4 (2014)	6,0 (2014)	9,5	Baixo
	Taxa de supervivencia de PEMES aos 4 anos (%).	52,8 (2013)	53,3 (2014)	53,0 (2014)	56,4	Medio
Conclusións	<ul style="list-style-type: none"> - Desenvolvéronse actuacións directamente ligadas ao obxectivo estratéxico, entre as de maior volume orzamentario atópanse as de consolidación e crecemento de empresas, que absorbe o 62,9% do total de recursos. Outras actuacións son: subvención a fondo perdido para o fomento dos investimentos en empresas, apoio á presenza nos mercados externos e impulso á iniciativa emprendedora. - A execución financeira dos recursos destinados á competitividade empresarial presenta un grao de eficacia medio. - Na vixencia do PEG concedéronse axudas a 7.676 empresas que deron lugar a 461,9 millóns de investimento, o que da un investimento medio por empresa de 60.174€. Ademais puxéronse en marcha accións formativas de profesionalización do persoal do tecido empresarial e de impulso á actividade emprendedora xestionados polo IGAPE nas que participaron nos dous anos de vixencia do PEG 1.339 persoas, o 47% mulleres. 					

Programas de gasto	- Os indicadores de resultado seguen unha tendencia axeitada para acadar os obxectivos previstos, nomeadamente do número de empresas exportadoras e medianas, agás na evolución da taxa emprendedora. A taxa de supervivencia de PEMES rexistra en 2016 un valor próximo ao previsto cun grao de eficacia medio. 741A
--------------------	--

Obxectivo estratéxico OE.1.2.05 Modernizar e mellorar a competitividade do tecido comercial.						
Revisión da lóxica de intervención	<p>Diagnóstico: O sector do comercio é una actividade fundamental desde o punto de vista económico e tamén social, baseando a súa importancia en aspectos como o alto impacto na xeración de emprego, vertebración da vida social das cidades, xerador de sinerxías co turismo e forte importancia do emprendemento. O peso do valor engadido bruto (VEB) do comercio en Galicia sobre o PIB é do 12,6% (2014), en España este peso é do 10,5%. O peso do emprego é moi superior, un 15,6% dos postos de traballo equivalentes a tempo completo (16,6% en España), indicando que este é un sector moi intensivo en emprego. Desde finais de 2007 a crise económica retraeu o consumo minorando a actividade do sector, a cifra de negocios (segundo o indicador de actividade do sector servizos ponderado polo VEB) diminuíu un 18,9% entre 2007 e 2013, entre 2012 e 2016 produciuse un crecemento do 18,5%.</p> <p>Necesidades: Consolidar o sector mediante a regulación, a eliminación de trabas ao emprendemento, a profesionalización, o relevo xeracional, a formación e o acceso ao financiamento. A cooperación intra e inter sectorial. A innovación, modernización e usar as novas tecnoloxías e potenciar a empresa comercial dixital e dinamizar o consumo.</p> <p>Resultados esperados: Desenvolver unha estratexia de promoción, impulso e mellora da competitividade do sector comercial.</p>					
Indicador financeiro	Denominación dos principais obxectivos operativos	Orzamento inicial (a) M€	Orzamento definitivo (b) M€	Obrigas recoñecidas (c) M€	Executado Inicial (%) (c) / (a)	% sobre o total executado do OE
	Impulso á creación de novas empresas comerciais e apoios ás empresas existentes.	8	6	5,9	74,1	49
	TOTAL OE	13,1	13	12,1	92,4	100
Indicadores de produtividade (IIPP)	Denominación				Valor realizado 2016	V. Acumulado 2015-2016
	Investimento privado que acompaña á axuda pública (€).				0	0
	Axudas concedidas ao sector do comercio (Nº).				0	0
Indicadores de resultado (IIRR)	Denominación	Valor base (V0)	Valor previsto (VPt)	Valor observado (VOt)	Valor previsto 2020 (Vf)	Grao de eficacia (VOt)/ (VPt)-1
	Cifra de negocios do comercio (Índice).	88,8 (2015)	89,6 (2016)	92,1 (2016)	93	Alto
	Porcentaxe de empresas de 0 a 9 empregados/as que venderon a través de internet no último ano.	4,6 (2014)	6,1 (2016)	3,8 (2016)	10,6	Baixo
	Porcentaxe de empresas de 10 e mais empregados con sede en Galicia que venderon a través de internet no último ano.	20,6 (2014)	22,4 (2016)	21,5 (2016)	26,6	Medio
Conclusións	<ul style="list-style-type: none"> - Crecemento da actividade do sector nos últimos anos. - Alto grao de eficacia financeira dos recursos do obxectivo estratéxico co 92,4%. - Dos tres indicadores de resultado, dous presentan un grao de eficacia alto ou medio e a porcentaxe de empresas de 0 a 9 empregados/as que venderon a través de internet no último ano rexistra un grao baixo. 					
Programas de gasto	751A					

4.1.3. PA.1.3 Aumento da empregabilidade e produtividade dos traballadores e traballadoras de Galicia a través da formación e innovación constante.

Obxectivo estratéxico	OE.1.3.01 Diminuír a taxa de desemprego en Galicia co fomento da empregabilidade das persoas desempregadas, a través da adquisición de experiencia profesional.					
Revisión da lóxica de intervención	<p>Diagnóstico: Dende o ano 2008, debido á crise económica, produciuse un deterioro do mercado de traballo, iniciándose unha recuperación a partires do ano 2014. Nos últimos 2 anos aumentaron as persoas ocupadas en 42.600 persoas e diminuíu o número de parados/as en 60.400 persoas; o desemprego diminuíu nos últimos 2 anos ao pasar do 21,7% no ano 2014 ata acadar unha taxa de paro do 16,3 a finais do 2016. A taxa de paro segue a estar por baixo da media nacional que se sitúa no 18,6%. Pola súa banda a media europea atópase no 8,2%. Este problema acentuouse entre a poboación xuvenil (de 16 a 29 anos) que pasou dunha taxa de paro do 22,6% en 2009 ao 38% en 2014 diminuíndo ao 29,8% en 2016. A nivel europeo esta taxa sitúase no 14,3% en 2016. A taxa de paro de longa duración incrementouse do 1,9% en 2008 ao 11,6% en 2014 ano de inicio de recuperación, ata o 8,9% que reflicte o 2016, valor que é inferior ao de España (9,5%) pero supera en case 5 puntos á taxa de desemprego de longa duración da UE-28.</p> <p>Necesidades: Incrementar a taxa de actividade, tendo en conta que en Galicia é inferior á media española e europea. Reducir a taxa de desemprego, especialmente do desemprego xuvenil. Diminuír a fenda de xénero persistente no ámbito laboral. Diminuír a alta taxa de temporalidade e mellorar o acceso ao mercado de traballo doutros colectivos, ademais das persoas mozas, como serían as persoas paradas de longa duración ou as persoas en risco de exclusión social. Impulsar a creación de postos de traballo no ámbito local.</p> <p>Resultados esperados: Impulsar a creación de emprego estable e de calidade. Aumentar a capacidade de emprego das persoas desempregadas e xerar oportunidades laborais de calidade. Avanzar na igualdade de oportunidades entre homes e mulleres. Promover a integración laboral de colectivos desfavorecidos). Reducir o tempo de desemprego das persoas paradas de longa duración. Diminuír o número de persoas en risco de exclusión social.</p>					
Indicador financeiro	Denominación dos principais obxectivos operativos	Orzamento inicial (a) M€	Orzamento definitivo (b) M€	Obrigas recoñecidas (c) M€	Executado Inicial (%) (c) / (a)	% sobre o total executado do OE
	Contratación temporal de persoas desempregadas ou beneficiarias de determinados Programas estatais como o Programa de activación para o emprego.	41,9	74,9	47,9	114,2	91,7
	TOTAL OE	53,5	96	52,2	97,5	100
Indicadores de produtividade (IIPP)	Denominación				Valor realizado 2016	V. Acumulado 2015-2016
	Persoas desempregadas, incluídos os de longa duración. Mulleres (Número).				4.013	10.090
	Persoas desempregadas, incluídos os de longa duración. Homes (Número).				3.662	9.518
Indicadores de resultado (IIRR)	Denominación	Valor base (V₀)	Valor previsto (VP_t)	Valor observado (VO_t)	Valor previsto 2020 (V_t)	Grao de eficacia (VO_t) / (VP_t)-1
	Participantes que obteñen un emprego, incluído por conta propia, tras a súa participación, en actuacións de adquisición de experiencia profesional (%).	15,0 (2014)	18,9 (2016)	25,0 (2016)	30	Alto
Conclusións	<ul style="list-style-type: none"> - Melloría dos datos do mercado laboral nos dous últimos anos. Persiste unha taxa de actividade baixa e unha alta taxa de desemprego, sobre todo na mocidade e no colectivo das persoas que levan no paro máis de 12 meses. - Desenvolvéronse actuacións directamente ligadas ao obxectivo estratéxico, consistentes en incentivos á contratación, sendo a de maior absorción de recursos (78%) a de contratación temporal de persoas desempregadas. - O grao de eficacia financeira dos recursos foi alta comparando co orzamento inicial e baixa respecto ao definitivo. - Na vixencia do PEG concedéronse incentivos á contratación a un total de 19.608 persoas que se atopaban en desemprego, cun equilibrio entre homes e mulleres (51% mulleres). Os datos de 2016 reflicten un descenso interanual do 35%. O custe medio gastado por persoa desempregada é de 					

	4.570€ por persoa na vixencia do PEG, aínda que se observa unha gran diferenza entre os costes unitarios dun ano e outro.
	- O indicador de resultado segue unha tendencia positiva para acadar o obxectivo previsto.
Programas de gasto	322A

Obxectivo estratéxico						
OE.1.3.02 Aumentar a inserción laboral e o emprendemento, especialmente para as persoas con especiais dificultades para atopar traballo.						
Revisión da lóxica de intervención						
<p>Diagnóstico: No ano 2016, a taxa de actividade da poboación galega de 16 a 64 anos alcanzou o 73,2%, tres décimas por debaixo do rexistro de 2012 onde se acadou a cota máis alta alcanzada nos últimos anos. Persiste a fenda de xénero, xa que a taxa de actividade das mulleres no ano 2016 foi inferior en 8,4 puntos á dos homes. A taxa de ocupación da poboación entre 16 e 64 anos, acada o 60,5%. O desemprego aumentou notablemente nos últimos anos ata acadar unha taxa de paro do 22,0% no ano 2013, en 2016 a taxa reduciuse considerablemente e situouse no 17,2%.</p> <p>Necesidades: Mellorar a empregabilidade das persoas mozas galegas, ofrecéndolles unha experiencia laboral no mercado ordinario de traballo. Promover a aposta polos contratos indefinidos e estables. Reincorporar ao mercado de traballo ás persoas desempregadas de longa duración. Fomentar o autoemprego individual ou colectivo como fórmula eficaz de reincorporación ao mercado de traballo. Lograr un mercado de traballo máis inclusivo que integre de xeito normalizado ás persoas con discapacidade e aquelas que se atopan nunha situación de exclusión.</p> <p>Resultados esperados: Diminuír a taxa de desemprego e favorecer tanto a contratación de persoas desempregadas por conta allea como o autoemprego.</p>						
Indicador financeiro						
Denominación dos principais obxectivos operativos		Orzamento inicial (a) M€	Orzamento definitivo (b) M€	Obrigas recoñecidas (c) M€	Executado Inicial (%) (c) / (a)	% sobre o total executado do OE
Programas de promoción do auto emprego.		23,7	27,4	22,7	96	51,4
Programas de integración laboral de persoas con discapacidade e de colectivos en risco de exclusión social.		9,2	15,8	11,6	126,2	26,3
TOTAL OE		45	54,4	44,2	98,2	100
Indicadores de produtividade (IIPP)						
Denominación					Valor realizado 2016	V. Acumulado 2015-2016
Número de empresas que reciben axudas.					1.169	1.717
Persoas desempregadas, incluídos os de longa duración. Mulleres (Número).					2.785	5.891
Persoas desempregadas, incluídos os de longa duración. Homes (Número.)					3.546	5.908
Participantes con discapacidade. Mulleres (Persoas).					1.079	2.153
Participantes con discapacidade. Homes (Persoas).					1.789	3.512
Indicadores de resultado (IIRR)						
Denominación		Valor base (V₀)	Valor previsto (VP_t)	Valor observado (VO_t)	Valor previsto 2020 (V_t)	Grao de eficacia (VO_t) / (VP_t)-1
Participantes que obteñen un emprego, incluído por conta propia, tras a súa participación en actuacións de inserción laboral e emprendemento. (%).		60 (2013)			70	
Conclusións						
<ul style="list-style-type: none"> - Melloría dos datos do mercado laboral nos dous últimos anos. Persiste unha taxa de actividade baixa e unha alta taxa de desemprego, sobre todo na mocidade e no colectivo das persoas que levan no paro máis de 12 meses. Diferenzas por xénero na taxa de actividade e paro. - Desenvolvéronse actuacións de promoción do autoemprego, que representan a metade do orzamento do obxectivo estratéxico e de integración laboral de persoas con discapacidade e de colectivos en risco de exclusión social. - O grao de eficacia financeira é alto na comparativa co orzamento inicial. Sen embargo, é medio respecto ao definitivo. - Na vixencia do PEG concedéronse incentivos e axudas a un total de 1.717 empresas e se beneficiaron un total de 11.799 persoas desempregadas, cun equilibrio entre homes e mulleres. Un dos colectivos de maior presenza entre as persoas beneficiadas foron as persoas con discapacidade, xa que representaron o 48% nestes dous anos, colectivo no que a presenza da muller é menor, co 38%. Houbo un incremento da participación de persoas con desemprego en 2016 respecto ao ano anterior, aínda que de menor proporción que o incremento orzamentario. Dedúcense uns costes unitarios medios por persoa participante de preto de 4.000€ de media destes dous anos. 						
Programas de gasto						
322C						

Obxectivo estratéxico	OE.1.3.03 Mellorar a empregabilidade das persoas desempregadas, mediante a adquisición dunha acreditación oficial de formación profesional, co obxecto de aumentar a cualificación profesional dos traballadores e traballadoras, e aumentar as súas posibilidades.					
Revisión da lóxica de intervención	<p>Diagnóstico: A situación de crise económica dende o ano 2008 tivo efectos negativos na evolución das cifras de desemprego. O incremento do paro xunto coa diminución de ofertas de emprego no mercado de traballo dificultan as posibilidades de acceso ao mercado laboral. A pesares da significativa recuperación que tivo lugar nos anos 2015 e 2016, dende o 2008 reducíronse as persoas ocupadas en 160.600 persoas e incrementouse o número de persoas paradas en 102.200 persoas; o desemprego, que chegou a acadar unha taxa de paro do 21,7% no ano 2014 alcanza o 16,3% a finais do ano 2016. Con todo a taxa de paro segue a estar por baixo da media nacional que se sitúa no 18,6%. Pola súa banda a media europea atópase no 8,2%. Este problema acentuouse entre a poboación xuvenil (de 16 a 29 anos) que pasou dunha taxa de paro do 22,6% en 2009 ao 38% en 2014 diminuíndo ao 29,8% en 2016.</p> <p>Necesidades: Reducir a taxa de desemprego, especialmente o desemprego xuvenil e incrementar a cualificación profesional das persoas en risco de exclusión e axudar aos traballadores e traballadoras a atopar un emprego axeitado as súas características e ás persoas empregadoras a contratar traballadores e traballadoras apropiados ás súas necesidades, coordinarse co resto das políticas activas de emprego.</p> <p>Resultados esperados: Mellorar a formación e cualificación das persoas desempregadas co fin de facilitar o acceso ao mercado laboral e aumentar o número de persoas que obteñan un certificado de profesionalidade ou unha acreditación.</p>					
Indicador financeiro	Denominación dos principais obxectivos operativos	Orzamento inicial (a) M€	Orzamento definitivo (b) M€	Obrigas recoñecidas (c) M€	Executado Inicial (%) (c) / (a)	% sobre o total executado do OE
	Accións de formación das persoas desempregadas.	38,9	68	28,4	72,9	51,4
	Aumento da capacidade de emprego xuvenil, a través do fomento da realización de contratos de formación e aprendizaxe, prácticas non laborais en empresas, etc.	4,6	2,2	2	43,2	3,6
	TOTAL OE	71,6	98,8	55,1	77	100
Indicadores de produtividade (IIPP)	Denominación				Valor realizado 2016	V. Acumulado 2015-2016
	Participantes en accións de formación. Mulleres (Persoas).				3.967	3.967
	Participantes en accións de formación. Homes (Persoas).				4.142	4.142
	Persoas que participan no procedementos de recoñecemento experiencia profesional. Homes (Número).				897	897
	Persoas que participan no procedementos de recoñecemento experiencia profesional. Mulleres (Número).				1.423	1.423
Indicadores de resultado (IIRR)	Denominación	Valor base (V₀)	Valor previsto (VP_t)	Valor observado (VO_t)	Valor previsto 2020 (V_t)	Grao de eficacia (VO_t) / (VP_t)-1
	Persoas acreditadas. (%).	77,0 (2014)	79,6 (2016)	93,0 (2016)	85	Alto
Conclusións	<ul style="list-style-type: none"> - Mellora nos dous últimos anos no mercado de traballo. A taxa de paro continúa en niveis elevados. - Desenvolvéronse actuacións directamente ligadas ao obxectivo estratéxico, como as accións formativas para persoas desempregadas en xeral e en particular á mocidade, contratos de formación e aprendizaxe, prácticas non laborais, xunto ás dirixidas á vinculadas á obtención de certificados de profesionalidade. - O grao de eficacia financeira dos recursos destinados é medio. Se comparamos respecto ao orzamento definitivo é baixo. - En 2016 participaron en acción de formación 8.109 persoas desempregadas (o 49% mulleres). Así mesmo 1.423 mulleres e 897 homes participaron no procedemento de recoñecemento de experiencia profesional. - O indicador de resultado reflicte unha porcentaxe de persoas que obtiveron a acreditación sobre as que participaron (93%) maior incluso que o valor previsto como obxectivo a 2020 (85%), cun incremento de 16 puntos porcentuais desde o valor base de 2014. 					
Programas de gasto	323A					

Obxectivo estratéxico	OE.1.3.04 Mellorar a capacitación e cualificación profesional das persoas traballadoras ocupadas, mediante a adquisición de formación profesional, co obxecto de aumentar a estabilidade no emprego, e posibilitar a promoción profesional, o incremento da capacidade para aumentar as súas rendas así como a competitividade das empresas do tecido produtivo galego, prestando especial atención ao colectivo das mulleres traballadoras, así como aos colectivos de baixa cualificación.					
Revisión da lóxica de intervención	<p>Diagnóstico: A poboación ocupada galega acadou en 2016 a cifra de 1.040.600 persoas, un 2,3% por enriba do ano anterior, pero inferior aos máximos rexistrados en 2008 de 1,2 millóns de ocupados. Por xénero, no 2016, a porcentaxe de homes supera en 5,5 puntos á porcentaxe de mulleres. A cualificación dos empregados é un factor decisivo á hora de encontrar traballo como o pon de manifesto a taxa de paro por nivel de formación; en 2016 a taxa de paro para as persoas con estudos primarios é do 32,8%, con estudos de secundaria de primeira etapa é do 20,6%, con estudos secundarios de segunda etapa é do 16,7% e con educación superior é do 12,1%.</p> <p>Necesidades: Mellorar a cualificación profesional das persoas traballadoras ocupadas. Mellorar a competitividade das empresas. Reducir a temporalidade no emprego. Reducir a fenda de xénero na taxa de ocupación feminina.</p> <p>Resultados esperados: Con esta formación preténdese que os traballadores e traballadoras e empresas se adapten aos cambios continuos da economía globalizada, ofrecendo ás persoas ocupadas novos coñecementos e habilidades para o desempeño das súas funcións actuais e futuras, e se formen naquelas competencias que lles faciliten unha recualificación profesional adaptada ao seu posto de traballo, para incrementar a competitividade das mesmas e, en consecuencia, as súas posibilidades de mantemento do emprego.</p>					
Indicador financeiro	Denominación dos principais obxectivos operativos	Orzamento inicial (a) M€	Orzamento definitivo (b) M€	Obrigas recoñecidas (c) M€	Executado Inicial (%) (c) / (a)	% sobre o total executado do OE
	Accións de formación ás persoas ocupadas.	6,5	13,8	2,4	36,6	98
	TOTAL OE	6,5	14,2	2,4	37,3	100
Indicadores de produtividade (IIPP)	Denominación				Valor realizado 2016	V. Acumulado 2015-2016
	Participantes en accións de formación. Mulleres (Persoas).				--	--
	Participantes en accións de formación. Homes (Persoas).				--	--
Indicadores de resultado (IIRR)	Denominación	Valor base (V₀)	Valor previsto (VP_t)	Valor observado (VO_t)	Valor previsto 2020 (V_t)	Grao de eficacia (VO_t)/ (VP_t)-1
	Porcentaxe de persoas ocupadas que participa na programación de accións formativas, sobre o total de poboación ocupada galega.	1,1 (2014)	1,0 (2016)	0,1 (2016)	1,4	Baixo
Conclusións	<ul style="list-style-type: none"> - Diferenzas notables na taxa de paro segundo a cualificación. - Desenvólvense actuacións de formación para as persoas ocupadas, directamente ligadas ao obxectivo estratéxico. - O grao de eficacia financeira dos recursos deste obxectivo estratéxico é baixo. - O indicador de resultado segue unha tendencia negativa, sendo o valor acadado en 2016 inferior ao valor de referencia de 2014. 					
Programas de gasto	323B					

Obxectivo estratéxico	OE.1.3.05 Acadar unhas relacións laborais modernizadas baseadas na responsabilidade social empresarial (RSE), diminuíndo a conflictividade e a sinistralidade laboral.					
Revisión da lóxica de intervención	<p>Diagnóstico: O número de convenios colectivos que existen en Galicia a 31/12/2016 é de 945, tanto vixentes como prorrogados tacitamente, e afectan a 423.907 persoas. En 2016 os 131 convenios asinados (115) e revisados (16) afectaron a 84.402 persoas. Deles 20 son de sector (que afectan a 68.365 persoas traballadoras) e 110 de empresa, que afectan a 16.037 persoas. Asináronse por primeira vez 31 convenios (todos de empresa) que afectan a 719 persoas traballadoras, 42.115 homes e 10.157 mulleres. Foron 25 os convenios asinados con cláusulas sobre Plan de Igualdade (o 21,7%). O Observatorio Galego de RSE no informe de 2016 indica que nun 36,3% das empresas consultadas se estableceron mecanismos de apoio e xestión da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes (plans de igualdade, protocolo contra acoso sexual, uso de linguaxe non sexista, sensibilización, etc).</p> <p>Necesidades: Promover e facilitar a consecución de acordos, mediante a xestión dos mecanismos previstos no Acordo galego de solución extraxudicial de conflitos de traballo (AGA): a mediación e a arbitraje. Fomentar a negociación colectiva e Contribuír á mellora das condicións laborais. Contribuír a eliminar a discriminación e a fomentar a igualdade entre homes e mulleres nas relacións laborais. Formación e divulgación en materia de relacións laborais en Galicia. Fomentar a xestión empresarial baixo criterios de responsabilidade social.</p> <p>Resultados esperados: Lograr un bo clima de relacións e condicións laborais, cunha igualdade entre homes e mulleres nas relacións laborais, minorar os conflitos e reducir os accidentes laborais e que as empresas galegas se xestionen con criterios de RSE.</p>					
Indicador financeiro	Denominación dos principais obxectivos operativos	Orzamento inicial (a) M€	Orzamento definitivo (b) M€	Obrigas recoñecidas (c) M€	Executado Inicial (%) (c) / (a)	% sobre o total executado do OE
	Formación e información e/ou Sensibilización da sociedade en materia de seguridade e saúde laboral.	2,4	1,9	1,9	79,7	12,2
	Mellora das condicións laborais.	2,3	3,1	2,7	112,8	16,8
	Promoción e defensa dos intereses xerais dos traballadores/as e empresarios/as. Participación institucional.	1,2	1,2	1,2	100	7,6
	TOTAL OE	17,7	16,3	15,8	89,5	100
Indicadores de produtividade (IIPP)	Denominación				Valor realizado 2016	V. Acumulado 2015-2016
	Accións de formación e información desenvoltas en materia de prevención de riscos laborais (Número).				265	470
	Entidades beneficiadas en materia de prevención de riscos laborais (Número).				99	99
	Persoas con emprego, incluídos os traballadores por conta propia. Mulleres (Número).				4.761	4.761
	Persoas con emprego, incluídos os traballadores por conta propia. Homes (Número).				4.712	4.712
Indicadores de resultado (IIRR)	Denominación	Valor base (VO)	Valor previsto (VPt)	Valor observado (VOt)	Valor previsto 2020 (Vf)	Grao de eficacia (VOt)/ (VPt)-1
	Índice de incidencia de sinistralidade laboral. (Número de accidentes).	3.002 (2014)	2.976 (2016)	3.296 (2016)	2.926	Baixo
	Número de acordos adoptados nas xuntanzas de mesas negociadoras e de comisións paritarias de convenios colectivos que se realizan no CG de Relacións Laborais.	77 (2014)	80 (2016)	79 (2016)	87	Medio
	Porcentaxe de coñecemento da RSE en Galicia.	60,8 (2013)	64,6 (2016)	52,4 (2016)	70	Baixo
	Porcentaxe de empresas que contan con plans de igualdade.	20,3 (2013)	25,6 (2016)	15,5 (2016)	35	Baixo
Conclusións	<ul style="list-style-type: none"> - O 36,3% das empresas estableceron mecanismos de apoio e xestión da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes. - Desenvolvéronse actuacións directamente ligadas ao obxectivo estratéxico, como a promoción da seguridade no traballo e vixilancia da saúde, de mellora das condicións laborais e de promoción e defensa dos intereses xerais dos traballadores/as e empresarios/as e participación institucional. 					

Programas de gasto	<ul style="list-style-type: none">- O grao de eficacia financeira é medio co 89,5%, moi próxima ao alto. Respecto ao orzamento definitivo o grao de eficacia é alto (97%).- Na vixencia do PEG realizáronse 470 accións de formación e información desenvolvidas en materia de prevención de riscos laborais, cun incremento en 2016. En 2016 participaron 9.473 persoas traballadoras nas actividades desenvolvidas, a metade delas mulleres, das que unha gran maioría son as persoas empregadas públicas da administración autonómica no programa de Seguridade no traballo e vixilancia da saúde, recoñecementos médicos.- Os indicadores de resultado presentan un grao de eficacia medio - baixo, polo que haberá que continuar avaliando a tendencia nos próximos anos.
--------------------	--

Obxectivo estratéxico Revisión da lóxica de intervención	OE.1.3.06 Promover o cooperativismo e a economía social, como forma de xerar emprego e contribuír ao desenvolvemento económico e social de Galicia. Diagnóstico: A economía social representa en Europa o 10% das empresas. En Galicia existen 1.243 cooperativas e 1.800 sociedades laborais activas. O seu impacto conxunto sobre o emprego representa preto dun 2% da poboación ocupada. Configúrase como un sector en consolidación, cun amplo potencial de crecemento e unha demostrada capacidade para a creación de emprego de calidade e para a resistencia á crise. Non obstante persisten déficits no coñecemento da economía social e das súas vantaxes, así como falta de formación e de acceso ao crédito para o impulso destas empresas. Necesidades: Achegar á poboación xeral e aos emprendedores/as, os valores e principios cooperativos e a formación necesaria. Promover iniciativas empresariais baseadas nas persoas e na cooperación e aproveitar as vantaxes da economía social para xerar emprego e autoemprego colectivo en especial entre a xuventude e no medio rural. Mellorar as posibilidades de financiamento das empresas de economía social e impulsar a mellora da súa xestión empresarial e societaria e da súa competitividade. Resultados esperados: Fomentar o autoemprego colectivo e o emprendemento a través das fórmulas de economía social e impulsar a competitividade destas empresas e a mellora da súa xestión, impulsando a comercialización e internacionalización.					
Indicador financeiro	Denominación dos principais obxectivos operativos Fomento do emprendemento colectivo a través de cooperativas ou sociedades laborais. Formación e difusión sobre a economía social e formación especializada. Fomentar o asociacionismo e intercooperación entre as empresas de economía social, favorecendo proxectos comúns, o intercambio de experiencias e transferencia de coñecementos. TOTAL OE	Orzamento inicial (a) M€ 8,3 0,4 8,9	Orzamento definitivo (b) M€ 3,1 0,4 3,9	Obrigas recoñecidas (c) M€ 1,5 0,2 2,1	Executado Inicial (%) (c) / (a) 18,8 58,3 23,5	% sobre o total executado do OE 74,4 11,5 100
Indicadores de produtividade (IIPP)	Denominación Entidades de economía social beneficiadas. (Número). Persoas que se incorporan como socios traballadores ou de traballo, ou a través de fórmulas de autoemprego, a cooperativas e sociedades laborais. Homes (Número). Persoas que se incorporan como socios traballadores ou de traballo, ou a través de fórmulas de autoemprego, a cooperativas e sociedades laborais. Mulleres (Número). Participantes en accións de formación. Mulleres (Persoas). Participantes en accións de formación. Homes (Persoas).	Valor realizado 2016 204 88 84 2.045 2.401		V. Acumulado 2015-2016 552 243 194 4.002 4.698		
Indicadores de resultado (IIRR)	Denominación Cooperativas e sociedades laborais vixentes en Galicia (Número).	Valor base (V₀) 3.021 (2014)	Valor previsto (VP_i) 3.054 (2016)	Valor observado (VO_i) 3.018 (2016)	Valor previsto 2020 (V_t) 3.120	Grao de eficacia (VO_i)/ (VP_i)-1 Medio
Conclusións	<ul style="list-style-type: none"> - Escaso dinamismo do cooperativismo e economía social. - Desenvolvéronse actuacións ligadas ao obxectivo estratéxico, con actuacións do fomento do emprendemento colectivo (incentivos, formación e difusión) e do asociacionismo e intercooperación entre as empresas de economía social. - O grao de eficacia financeira dos recursos do obxectivo estratéxico é baixo. - Na vixencia do PEG beneficiáronse 552 entidades de economía social e 437 persoas se incorporaron como socios traballadores ou de traballo, ou a través de fórmulas de autoemprego, a cooperativas e sociedades laborais, das que o 44,4% son mulleres. reflectindo ambos indicadores un descenso 					

Programas de gasto	<p>interanual (41% e do 35%, respectivamente). Houbo unha gran participación nas actividades de formación, nas que houbo 8.700 persoas nestes dous anos, das que o 46% son mulleres e se reflectiu un lixeiro incremento do 4,5% en 2016 respecto a 2015.</p> <ul style="list-style-type: none"> - O indicador de resultado non segue unha tendencia axeitada para acadar o obxectivo previsto ao reflectir en 2016 un valor menor ao de base. <p>324 C</p>
--------------------	--

4.1.4. PA.1.4 Completar Galicia no que atinxe a infraestruturas básicas. Dar un novo pulo ás políticas de rehabilitación e conservación da vivenda.

Obxectivo estratéxico	OE.1.4.01 Fomentar a rehabilitación da vivenda e a renovación urbana, recuperando o patrimonio residencial construído e minorando os impactos no medio, para satisfacer as necesidades de vivenda da poboación, a calidade de vida da cidadanía e dinamizar o sector da construción.					
Revisión da lóxica de intervención	<p>Diagnóstico: O sector da construción sufriu a crise económica en maior medida que outros sectores produtivos. No apartado da construción residencial, o número de vivendas novas a construír segundo as licenzas concedidas polos concellos roldaba nos anos 90 as 15.000 por ano; entre 2000 e 2008 este número elevouse a máis de 30.000 por ano e no período 2013 a 2016 as vivendas novas non chegan ás 1.500 anuais. En cambio, no apartado da rehabilitación a caída non foi tan drástica e o peso da rehabilitación no sector da vivenda, medido pola porcentaxe de vivendas rehabilitadas sobre o total, incrementouse do 3,5% a máis dun 20%. A pesar deste aumento do peso, a actividade da rehabilitación reduciuse nestes últimos anos pola situación xeral do sector, estando 13 puntos por debaixo da media europea.</p> <p>Necesidades: Incentivar a recuperación do núcleos históricos das vilas e cidades galegas e no medio rural. Incentivar o uso de materiais tradicionais e autóctonos na restauración e rehabilitación de vivendas. Mantemento da poboación residente en conxuntos históricos, núcleos rurais e barrios de vilas e cidades. Reducir a demanda de novos desenvolvementos urbanísticos. Aforro enerxético ao facer máis eficiente o consumo das vivenda rehabilitadas. Dinamizar o sector da construción e mellorar a especialización en rehabilitación do mesmo.</p> <p>Resultados esperados: Fomentar a rehabilitación de vivendas, a rehabilitación illada de edificios, mellorar a eficiencia enerxética das vivendas e edificios, impulsar as áreas de rehabilitación integral (ARI). Conseguir rehabilitar 28.000 vivendas no período 2015-2020.</p>					
Indicador financeiro	Denominación dos principais obxectivos operativos	Orzamento inicial (a) M€	Orzamento definitivo (b) M€	Obrigas recoñecidas (c) M€	Executado Inicial (%) (c) / (a)	% sobre o total executado do OE
	Fomento das Áreas de Rehabilitación Integral.	8,9	16,8	4,2	46,9	18,3
	Rehabilitación illada de edificios.	7,4	10,1	5,1	68,2	22,1
	Rehabilitación directa polo IGVS.	6,1	1,4	1,1	17,2	4,6
	TOTAL OE	36,5	42,5	22,9	62,8	100
Indicadores de produtividade (IIPP)	Denominación				Valor realizado 2016	V. Acumulado 2015-2016
	Vivendas de promoción pública licitadas para rehabilitación. (Número).				2	2
	Axudas concedidas para a rehabilitación de vivenda. (Número).				1.908	10.110
Indicadores de resultado (IIRR)	Denominación	Valor base (V0)	Valor previsto (VPt)	Valor observado (VOt)	Valor previsto 2020 (Vf)	Grao de eficacia (VOt)/ (VPt)-1
	Vivendas e edificios rehabilitados. (Número).	13.616 (10-14)	9.333 (15-16)	10.466 (15-16)	28.000 (15-20)	Alto
Conclusións	<ul style="list-style-type: none"> - Redución da actividade de rehabilitación de vivendas nos últimos anos con respecto á década anterior. - Desenvolvemento de actuacións de fomento das áreas de rehabilitación integral, de rehabilitación illada de edificios e directa polo IGVS, que absorben o 67% do orzamento directamente ligadas ao obxectivo estratéxico. - O grao de eficacia financeira dos recursos do obxectivo estratéxico é baixo. - Na vixencia do PEG concedéronse 10.110 axudas para a rehabilitación de vivendas, producíndose un descenso interanual do 77% en 2016, malia ter maior importe. Soamente houbo 2 vivendas de promoción pública licitadas para rehabilitación e o IGVS fixo a reparación de 184 vivendas. - O indicador de resultado reflicte que se está en liña para acadar as 28.000 vivendas rehabilitadas no período 2015-2020. 					
Programas de gasto	451A					

Obxectivo estratéxico	OE.1.4.02 Establecer un sistema de comunicación por vía terrestre que vertebre o territorio galego co fin de achegar a poboación ás vías de altas prestacións. Realizar actuacións de conservación e de mellora da seguridade viaria para contribuír a unha mínima sinistralidade das estradas da comunidade autónoma.					
Revisión da lóxica de intervención	<p>Diagnóstico: Galicia conta en 2015 cunha rede de estradas que se estende sobre 17.713 quilómetros e cuxa xestión se distribúe entre o Estado (2.362km, 13,3%), a Xunta de Galicia (5.514km, 31,1%) e as deputacións provinciais (9.838km, 55,5%). Nesta rede, o 6,6% corresponde a vías de altas prestacións o que supón un total de 1.175 quilómetros entre autovías, autoestradas e vías de altas prestacións.</p> <p>Necesidades: Compatibilizar as necesidades de conservación da rede de estradas coa execución de novos eixes e novas actuacións necesarias que melloren os problemas de mobilidade detectados.</p> <p>Resultados esperados: Conseguir que o 83% da poboación de Galicia se atope a 15 minutos ou menos do acceso á rede de vías de altas prestacións e que o 100% da rede autonómica de estradas dispoña dos mecanismos axeitados que proporcionen as medidas necesarias para a conservación e vialidade invernal.</p>					
Indicador financeiro	Denominación dos principais obxectivos operativos	Orzamento inicial (a) M€	Orzamento definitivo (b) M€	Obrigas recoñecidas (c) M€	Executado Inicial (%) (c) / (a)	% sobre o total executado do OE
	Accións para fortalecer a rede viaria de altas prestacións e a rede de estradas convencional.	155,6	138,7	138,4	88,9	60,5
	Conservación e mantemento da vialidade da rede de estradas.	46,3	46,3	45,9	99,3	20,1
	TOTAL OE	245,5	231	228,8	93,2	100
Indicadores de produtividade (IIPP)	Denominación				Valor realizado 2016	V. Acumulado 2015-2016
	Quilometraxe total de estradas con actuacións de conservación. (Quilómetros).				5.500	11.000
	Quilometraxe total de estradas de nova construción. (Quilómetros).				37	64
	Quilometraxe total de estradas con actuacións de mantemento, acondicionamento e mellora. (Quilómetros).				31	75
Indicadores de resultado (IIRR)	Denominación	Valor base (V₀)	Valor previsto (VP_t)	Valor observado (VO_t)	Valor previsto 2020 (V_t)	Grao de eficacia (VO_t)/ (VP_t)-1
	Porcentaxe de poboación de Galicia a 15 minutos ou menos do acceso a rede de vías de altas prestacións.	80,6 (2014)	81,4 (2016)	83,0 (2016)	83	Alto
	Porcentaxe da rede autonómica de estradas que dispón dos medios necesarios para proporcionar unha axeitada conservación e vialidade invernal.	100 (2014)	100 (2016)	100 (2016)	100	Alto
Conclusións	<ul style="list-style-type: none"> - Lixeiro aumento no quilometraxe de estradas de nova construción e mellora da accesibilidade á rede de vías de altas prestacións. - Desenvolvemento de actuacións directamente ligadas ao obxectivo estratéxico, como o fortalecemento da rede viaria de altas prestacións e a rede de estradas convencional e conservación e mantemento. - A execución financeira dos recursos destinados á rede viaria presenta un grao de eficacia alto. - En 2016 actuouse sobre 5.500 quilómetros de estradas con actuacións de conservación e en 31 quilómetros con actuacións de mantemento, acondicionamento e mellora. Houbo 37 quilómetros de estradas de nova construción, 10 máis ca en 2015. - Os indicadores de resultado reflicten que as actuacións xa lograron os obxectivo previsto para o ano 2020. 					
Programas de gasto	512B.					

4.1.5. PA.1.5 Consolidar un sistema educativo que minimize o fracaso escolar e se aliñe en resultados coas rexións líderes de Europa en todos os niveis e impulsar o SUG cara á excelencia.

Obxectivo estratéxico	OE.1.5.01 Mellorar a calidade da educación e os resultados dos e das escolares galegos/as, modernizando as dotacións a procedementos educativos, medios e as infraestruturas públicas destinadas a centros educativos de ensinanza infantil e primaria.					
Revisión da lóxica de intervención	<p>Diagnóstico: En Galicia hai 1.432 centros que imparten ensinanzas de infantil, infantil/primaria e primaria/ESO, dos que o 80% son públicos. Estes centros contan con case 10.335 unidades en funcionamento de infantil e primaria (74% públicas). A taxa de idoneidade aos 10 anos é do 91% no curso 2015/2016 mellorando o dato do curso anterior. A ratio de alumnos por profesor nos centros públicos no curso 2015/2016 é de 8,6 para a educación infantil e de 11,1 para a primaria, dúas décimas e 2 puntos por debaixo da nacional respectivamente.</p> <p>Necesidades: Mellorar as infraestruturas educativas existentes, mellorar a atención personalizada e diminuír o fracaso escolar.</p> <p>Resultados esperados: Mellorar a adecuación das infraestruturas e das dotacións de medios aos usuarios/as, atendendo a súa dimensión e mellorando a ratio profesor-a/alumno-a e mellorar as características funcionais, de seguridade e habitabilidade, cunha mellora da eficiencia enerxética dos edificios.</p>					
Indicador financeiro	Denominación dos principais obxectivos operativos	Orzamento inicial (a) M€	Orzamento definitivo (b) M€	Obrigas recoñecidas (c) M€	Executado Inicial (%) (c) / (a)	% sobre o total executado do OE
	Gastos de funcionamento de centros de educación infantil, primaria e ESO.	229,5	230,3	229,7	100,1	29,8
	Gastos de persoal.	505	524,3	524,3	103,8	68
	Creación de novos postos escolares mediante a construción de novos centros ou ampliación dos existentes, co correspondente equipamento asociado.	5,1	4	2,9	56,7	0,4
	Accións de mellora nas condicións de seguridade, funcionalidade, habitabilidade e accesibilidade dos centros existentes.	4,8	14,8	14,5	300,8	1,9
	TOTAL OE	744,5	773,4	771,5	103,6	100
Indicadores de produtividade (IIPP)	Denominación				Valor Realizado 2016	V. Acumulado 2015-2016/ promedio (efectivos e alumnado)
	Capacidade de coidado de nenos ou de infraestruturas de educación subvencionadas. (Persoas).				90	90
	Actuacións de mellora en centros educativos. (Número).				874	874
	Número de efectivos.(Postos de traballo equivalentes a tempo completo).				14.060	14.013
	Alumnado matriculado en centros públicos. Mulleres (Persoas).				67.080	67.222
	Alumnado matriculado en centros públicos. Homes (Persoas).				72.084	72.481
	Alumnado matriculado en centros privados concertados. Mulleres (Persoas).				27.133	27.283
	Alumnado matriculado en centros privados concertados. Homes (Persoas).				28.275	28.249
Indicadores de resultado (IIRR)	Denominación	Valor base (V0)	Valor previsto (VPt)	Valor observado (VOt)	Valor previsto 2020 (Vf)	Grao de eficacia (VOt)/ (VPt)-1
	Taxa de idoneidade aos 10 anos de idade. (%).	90,0 (14/15)	90,5 (15/16)	91,1 (15/16)	93	Alto
Conclusións	<ul style="list-style-type: none"> - Mellora da taxa de idoneidade e ratio de alumnos por profesor inferior á media nacional. - Desenvolvemento de actuacións directamente ligadas ao obxectivo estratéxico, nas que destacan os de gastos de funcionamento e os gastos de persoal. 					

Programas de gasto	<ul style="list-style-type: none"> - O grao de eficacia financeira dos recursos do obxectivo estratéxico é alto. - O alumnado matriculados en 2016 foi de 194.572, dos que a gran maioría son dos centros públicos 139.164 (o 71,5%), e as mulleres representan algo menos da metade co 48,4%. Non se reflicten variacións significativas respecto dos datos do ano anterior. O número de efectivos en 2016 foi de 14.060. e se realizaron actuacións de mellora en 874 centros educativos en 2016. - O indicador de resultado superou no curso 2015/2016 o valor previsto, acadando un grao de eficacia alto.
	422A

Obxectivo estratéxico						
OE.1.5.02 Mellorar a calidade da docencia e da oferta docente do sistema universitario de Galicia.						
Revisión da lóxica de intervención						
<p>Diagnóstico: O alumnado matriculado nas universidades galegas no curso 2015-2016 ascendeu a 64.092 (inclúe estudantes de grao, 1º e 2º ciclo e máster), similar ao ano anterior pero inferior nun 5% ao alumnado do curso 2009/2010. A ratio de PDIs por alumno no curso 2013/2014 era de 12,8, inferior en 1,3 puntos á ratio nacional. Galicia é a comunidade coas taxas universitarias medias máis baixas de España, o prezo medio dun crédito é un 35% inferior á media nacional.</p> <p>Necesidades: Racionalizar e mellorar a oferta académica, fomentando a colaboración entre as universidades, afondando na especialización dos campus e adecuándoa ás necesidades do contorno socioeconómico galego, impulsar a internacionalización das universidades galegas, manter as actividades de supervisión da calidade da docencia e a investigación universitaria e apoiar o labor de conexión entre a universidade e a sociedade dos consellos sociais das universidades.</p> <p>Resultados esperados: Incrementar a taxa de gradación nas titulacións do SUG. Mellorar a empregabilidade dos/as egresados/as universitarios/as.</p>						
Indicador financeiro						
Denominación dos principais obxectivos operativos		Orzamento inicial (a) M€	Orzamento definitivo (b) M€	Obrigas recoñecidas (c) M€	Executado Inicial (%) (c) / (a)	% sobre o total executado do OE
Accións para a mellora da calidade da docencia universitaria e da empregabilidade dos egresados. Accións de apoios á igualdade e acceso á educación superior.		326,2	327,5	327,5	100,4	96
TOTAL OE		338,5	341	341	100,7	100
Indicadores de produtividade (IIPP)						
Denominación					Valor realizado 2016	V. Acumulado 2015-2016
Alumnado beneficiario por bolsas. Mulleres (Persoas).					1.160	2.169
Alumnado beneficiario por bolsas. Homes (Persoas).					760	1.506
Alumnado matriculado no sistema universitario de Galicia. Mulleres (Persoas).					32.732	33.204 (media)
Alumnado matriculado no sistema universitario de Galicia. Homes (Persoas).					26.563	26.589 (media)
Indicadores de resultado (IIRR)						
Denominación		Valor base (V₀)	Valor previsto (VP_t)	Valor observado (VO_t)	Valor previsto 2020 (V_t)	Grao de eficacia (VO_t) / (VP_t)-1
Taxa de gradación universitaria (só grao). (%)		48,6 (13/14)	49 (15/16)	48,7 (15/16)	50	Medio
Conclusións						
<ul style="list-style-type: none"> - Desenvolvéronse actuacións directamente ligadas ao obxectivo estratéxico. - A execución financeira dos recursos destinados a mellorar a calidade da docencia do SUG presenta un grao de eficacia alto. - Na vixencia do PEG concedéronse 3.675 axudas ao alumnado universitario, sendo as mulleres as que maior número de bolsas recibiron, un 59% do total, e houbo un incremento do 9% en 2016. No que atinxe ao alumnado matriculado no sistema universitario de Galicia houbo un lixeiro descenso do 2,5% en 2016 respecto ao ano anterior, con 59.295 persoas matriculadas en 2016, das que a maioría (55,2%) son mulleres. - O indicador de resultado segue unha tendencia axeitada para acadar o obxectivo previsto. 						
Programas de gasto						
422C						

Obxectivo estratéxico	OE.1.5.03 Mellorar a calidade da educación e os resultados escolares dos centros educativos de educación especial, en especial mediante a modernización de procedementos, dotacións de medios e de infraestruturas.					
Revisión da lóxica de intervención	<p>Diagnóstico: No curso 2016-2017, Galicia dispón de 34 centros específicos de educación especial, dos que aproximadamente o 41% son de titularidade pública, ademais das unidades substitutorias en centros ordinarios. Os centros específicos neste curso dan cobertura a 1.341 alumnos/as con necesidades educativas especiais, mentres que os centros ordinarios integraban, no curso 2015-2016 a un alumnado de 6.690 persoas.</p> <p>Necesidades: Mellorar e incrementar as infraestruturas educativas existentes, mellorar a atención personalizada e conseguir que os alumno/as con necesidades educativas especiais, temporais ou permanentes, acaden os obxectivos establecidos con carácter xeral para todo o alumnado, incidindo nunha maior progresión destes alumno/as de cara a súa inserción na sociedade e vida laboral activa.</p> <p>Resultados esperados: Acadar unha mellor adecuación das infraestruturas e das dotacións de medios aos usuarios/as, atendendo a súa dimensión e mellorando a ratio profesor-a/alumno-a, mellorar as características funcionais, de seguridade e habitabilidade das instalacións e conseguir que o alumnado logre os obxectivos formativos da ensinanza ordinaria.</p>					
Indicador financeiro	Denominación dos principais obxectivos operativos	Orzamento inicial (a) M€	Orzamento definitivo (b) M€	Obrigas recoñecidas (c) M€	Executado Inicial (%) (c) / (a)	% sobre o total executado do OE
	Axudas á gratuidade da educación especial.	10,3	10,3	10,3	99,8	27
	TOTAL OE	35,4	38,1	38	107,4	100
Indicadores de produtividade (IIPP)	Denominación				Valor realizado 2016	V. Acumulado 2015-2016
	Número de efectivos. (Postos de traballo equivalentes a tempo completo).				854	1.708
	Alumnado matriculado en centros públicos. Mulleres (Persoas).				187	198 (media)
	Alumnado matriculado en centros públicos. Homes (Persoas).				382	410 (media)
	Alumnado matriculado en centros privados concertados. Mulleres (Persoas).				242	242 (media)
	Alumnado matriculado en centros privados concertados. Homes (Persoas).				431	453 (media)
Indicadores de resultado (IIRR)	Denominación	Valor base (V₀)	Valor previsto (VP_t)	Valor observado (VO_t)	Valor previsto 2020 (V_t)	Grao de eficacia (VO_t) / (VP_t) - 1
	Alumnado por unidade en funcionamento en centros docentes públicos de educación especial. (Número de alumnos).	4,42 (14/15)	4,28 (16/17)	4,34 (16/17)	4	Medio
Conclusións	<ul style="list-style-type: none"> - Desenvolvéronse actuacións directamente ligadas ao obxectivo estratéxico, como o mantemento dos centros e o gasto de persoal que atende ao alumnado de educación especial. - A execución financeira dos recursos destinados á educación especial presenta un grao de eficacia alto. - O alumnado con necesidades educativas especiais en 2016 foi de 1.242 persoas, do que a maioría (54,2%) foi atendido en centros privados concertados. Houbo un descenso do alumnado en 2016, do 8,8% de media, aínda que foi maior o descenso nos centros públicos. As mulleres son minoría neste alumnado cunha porcentaxe media en 2016 do 34,5% de chicas. - A ratio de alumnado por profesor mellorou en 2016, debido ao descenso do alumnado nestes centros. 					
Programas de gasto	422D					

Obxectivo estratéxico	OE.1.5.04 Mellorar a calidade das ensinanzas de réxime especial e dos seus resultados, en especial no que atinxe ao dominio efectivo dunha terceira lingua.					
Revisión da lóxica de intervención	<p>Diagnóstico: No curso 2015-2016, en ensinanzas de réxime especial o alumnado acada a cifra de 41.704, O 72,7% do alumnado está matriculado en ensinanzas de idiomas. Con respecto ao ano anterior reduciuse o número de alumnos matriculados.</p> <p>Necesidades: Mellorar a aprendizaxe de linguas estranxeiras, mellorar e incrementar as infraestruturas educativas de ensinanzas de réxime especial existentes, mellorar a atención personalizada e diminuír o fracaso escolar.</p> <p>Resultados esperados: Aumentar o número de persoas que reciben unha validación e acreditación de coñecementos en idiomas estranxeiros e acadar unha mellor adecuación das infraestruturas e das dotacións de medios aos usuarios/as, atendendo a súa dimensión e mellorando a ratio profesor-a / alumno-a.</p>					
Indicador financeiro	Denominación dos principais obxectivos operativos	Orzamento inicial (a) M€	Orzamento definitivo (b) M€	Obrigas recoñecidas (c) M€	Executado definitivo (%) (c) / (d)	% sobre o total definitivo do OE
	Gasto de Persoal	46,4	43,4	43,4	93,6	93,3
	TOTAL OE	49,6	46,8	46,6	93,8	100
Indicadores de produtividade (IIPP)	Denominación				Valor realizado 2016	V. Acumulado 2015-2016
	Número de efectivos. (Postos de traballo equivalentes a tempo completo).				1.239	2.478
	Alumnado matriculado nas Escolas Oficiais de Idiomas. Mulleres (Persoas).				21.848	23.149 (media)
	Alumnado matriculado nas Escolas Oficiais de Idiomas. Homes (Persoas).				10.505	11.121 (media)
	Alumnado matriculado en ensinanzas artísticas e deportivas. Mulleres (Persoas).				4.735	4.752 (media)
	Alumnado matriculado en ensinanzas artísticas e deportivas. Homes (Persoas).				2.240	2.190 (media)
Indicadores de resultado (IIRR)	Denominación	Valor base (V0)	Valor previsto (VPt)	Valor observado (VOt)	Valor previsto 2020 (Vf)	Grao de eficacia (VOt)/ (VPt)-1
	Alumnado promovido por idioma (inglés) nas EOI (Número de alumnos).	5.555 (2014)	5.642 (2015)	4.376 (2015)	6.100	Baixo
Conclusións	<ul style="list-style-type: none"> - Desenvolvemento de actuacións directamente ligadas ao obxectivo estratéxico, entre as de maior peso financeiro están os gastos de funcionamento dos centros de ensinanzas de réxime especial e os gastos de persoal. - Os recursos financeiros destinados á mellora da calidade das ensinanzas de réxime especial presentan un grao de eficacia alto. - O alumnado matriculado nas EOIs en 2016 foi de 32.353, un 10,6% menos ca en 2015; mentres que nas ensinanzas artísticas e deportivas foron 6.975 persoas as que se matricularon en 2016, cunha lixeira subida do 1%. A presenza de mulleres é maioritaria en ambas tipoloxías de ensinanzas de réxime especial, cunha porcentaxe do 67,5% de mulleres. - O alumnado promovido en inglés no curso 2015 (70% do alumnado) foi de 4.376 persoas, dado que este cifra está máis dun 7,5% por debaixo do previsto, o grao de eficacia é baixo. 					
Programas de gasto	422E, 422G, 422H					

Obxectivo estratéxico	OE.1.5.05 Garantir a capacitación adecuada do profesorado a través da formación permanente que lles permita afrontar os retos do sistema educativo galego e adaptar as novas ensinanzas ás novas necesidades formativas derivadas da implantación da Lei 8/2013, de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa.					
Revisión da lóxica de intervención	<p>Diagnóstico: Durante o curso 2014-2015, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria organizou 2.145 cursos para dar resposta ás necesidades formativas do profesorado, beneficiándose desta estratexia da Xunta de Galicia máis dun 80% do persoal docente con destino nos centros dependentes desta.</p> <p>Necesidades: Mellorar a cualificación do profesorado en actividades formativas que axuden ao éxito educativo.</p> <p>Resultados esperados: Mellorar as competencias profesionais docentes a través da formación permanente do profesorado ao longo da súa carreira profesional.</p>					
Indicador financeiro	Denominación dos principais obxectivos operativos	Orzamento inicial (a) M€	Orzamento definitivo (b) M€	Obrigas recoñecidas (c) M€	Executado Inicial (%) (c) / (a)	% sobre o total executado do OE
	Actividades formativas da Rede de Formación do Profesorado e reintegros individuais por formación.	1,8	1,8	1,8	96,3	99,1
	TOTAL OE	1,8	1,8	1,8	97,2	100
Indicadores de produtividade (IIPP)	Denominación				Valor realizado 2016	V. Acumulado 2015-2016
	Persoal docente que participa en accións formativas da Rede de Formación. Mulleres (Persoas).				35.910	62.970
	Persoal docente que participa en accións formativas da Rede de Formación. Homes (Persoas).				13.700	23.640
Indicadores de resultado (IIRR)	Denominación	Valor base (V₀)	Valor previsto (VP_t)	Valor observado (VO_t)	Valor previsto 2020 (V_t)	Grao de eficacia (VO_t)/ (VP_t)-1
	Profesorado que obtén unha acreditación trala súa participación en actividades formativas. (%).	54,0 (14/15)	54,6 (15/16)	57,5 (15/16)	58	Alto
Conclusións	<ul style="list-style-type: none"> - Incremento da oferta de formación para o profesorado e da participación. - Desenvolvemento de actuacións directamente ligadas ao obxectivo estratéxico. - Os recursos financeiros destinados á formación do profesorado presentan un grao de eficacia alta. - O persoal que participou en accións formativas en 2016 foi de 49.610 persoas, un 34% máis ca 2015 das que o 72,4% son mulleres, proporción superior en 3 puntos porcentuais á presenza de mulleres entre o profesorado de centros públicos non universitarios en Galicia. - A porcentaxe do profesorado que obtén unha acreditación trala súa participación en actividades formativas evoluciona positivamente ata atoparse moi preto do valor obxectivo a 2020, con 3,5 puntos porcentuais máis que o curso anterior. 					
Programas de gasto	4221					

Obxectivo estratéxico	OE.1.5.06 Mellorar a calidade e resultados do ensino náutico e marítimo - pesqueiro nas súas diversas modalidades de formación profesional.					
Revisión da lóxica de intervención	<p>Diagnóstico: O sector da pesca e da acuicultura sitúase en torno aos 18.500 afiliados en 2015 e 2016, representando un 2,0% do total dos afiliados.</p> <p>Necesidades: Fomentar e potenciar a formación da poboación mariñeira para o acceso ás distintas oportunidades de traballo no sector pesqueiro, Accións de apoio e divulgación das actividades náuticas. Mellora de sistemas operativos con fins didácticos. Dotación de equipamentos didácticos e acondicionamento dos centros docentes.</p> <p>Resultados esperados: Cubrir a demanda e mellorar a calidade das necesidades formativas náutico e marítimo-pesqueiras.</p>					
Indicador financeiro	Denominación dos principais obxectivos operativos	Orzamento inicial (a) M€	Orzamento definitivo (b) M€	Obrigas recoñecidas (c) M€	Executado Inicial (%) (c) / (a)	% sobre o total executado do OE
	Desenvolver os cursos e os módulos profesionais náutico e marítimo-pesqueiro nos portos e nos centros de ensino oficiais.	2,5	1,9	1,9	77,2	22,5
	Impulsar accións complementarias á formación dentro do Plan Integral de Formación Marítimo-Pesqueiro de Galicia.	0,1	0,1	0,1	90,5	1
	TOTAL OE	8,3	8,5	8,5	101,9	100
Indicadores de produtividade (IIPP)	Denominación				Valor realizado 2016	V. Acumulado 2015-2016
	Participantes en accións de formación. Mulleres (Persoas).				617	1.350
	Participantes en accións de formación. Homes (Persoas).				2.879	6.511
Indicadores de resultado (IIRR)	Denominación	Valor base (V0)	Valor previsto (VPt)	Valor observado (VOt)	Valor previsto 2020 (Vf)	Grao de eficacia (VOt)/ (VPt)-1
	Participantes que acadaron a titulación profesional. (Número).	2.500 (2014)	7.000 (15-16)	7.844 (15-16)	21.000(15-20)	Alto
Conclusións	<ul style="list-style-type: none"> - Lixeiro crecemento do emprego no sector pesqueiro e acuícola nos dous últimos anos segundo a EPA. - Desenvolvemento de actuacións directamente ligadas ao obxectivo estratéxico. - A execución financeira dos recursos destinados á formación marítima – pesqueira presenta un grao de eficacia alto. - En 2016 participaron en accións de formación 3.496 persoas, cun descenso do 20% desde o ano anterior. Nestas ensinanzas a presenza de mulleres é minoritaria, co 17,2%. - O número de participantes que acadaron unha titulación profesional en 2016 foi superior ao valor previsto, polo que presenta un grao de eficacia alto. 					
Programas de gasto	422K					

Obxectivo estratéxico	OE.1.5.07 Cualificar aos traballadores e traballadoras do medio rural para a súa incorporación ao mercado laboral agroforestal.					
Revisión da lóxica de intervención	<p>Diagnóstico: O emprego no sector agrario, gandeiro e forestal permanece estancado dende 2014, o crecemento da ocupación entre 2014 e 2016 foi dun 0,2% fronte ao crecemento da ocupación total do 4,3%. Baixa cualificación dos ocupados no sector.</p> <p>Necesidades: Mellorar as expectativas de incorporación de parte da poboación do medio rural, en especial xoves e mulleres, aos sectores relacionados coa agricultura, gandaría, industria agroalimentaria e forestal, mellorar a competitividade empresarial do sector coa incorporación das novas tecnoloxías e de prácticas innovadoras. Mellorar a comercialización a través do aseguramento da calidade e a posta en valor dos produtos tradicionais da terra así como de novos produtos. Xestión sostible dos recursos naturais, protección do medio ambiente, conservación da paisaxe e adaptación ao cambio climático. Favorecer a incorporación das TIC á xestión das empresas, especialmente as PEMES, así como a innovación dos procesos de produción agroalimentarios, agrarios, gandeiros e forestais</p> <p>Resultados esperados: Maior incorporación da poboación traballadora ao sector agrario, mellora da competitividade das pequenas e medianas empresas do medio rural cunha actividade económica agraria, aproveitar e optimizar as canles actuais de comercialización e atopar outras novas e mellorar a capacidade de innovar para a obtención de produtos de calidade dende un perspectiva de sustentabilidade e respecto ao medio ambiente.</p>					
Indicador financeiro	Denominación dos principais obxectivos operativos	Orzamento inicial (a) M€	Orzamento definitivo (b) M€	Obrigas recoñecidas (c) M€	Executado Inicial (%) (c) / (a)	% sobre o total executado do OE
	Plan de Formación Profesional para o sector agroforestal.	2,7	1,1	0,7	25,4	13,4
	TOTAL OE	7,6	5,6	5,2	68,8	100
Indicadores de produtividade (IIPP)	Denominación				Valor realizado 2016	V. Acumulado 2015-2016
	Participantes en accións de formación. Mulleres (Persoas).				3.293	3.293
	Participantes en accións de formación. Homes (Persoas).				8.827	8.827
Indicadores de resultado (IIRR)	Denominación	Valor base (V₀)	Valor previsto (VP_i)	Valor observado (VO_i)	Valor previsto 2020 (V_t)	Grao de eficacia (VO_i) / (VP_i) - 1
	Accións de formación e transferencia tecnolóxica. (Número).	400 (2014)	833 (15-16)	681 (15-16)	2.500(15-20)	Baixo
Conclusións	<ul style="list-style-type: none"> - Estancamento na creación de emprego no sector agrario, gandeiro e forestal. - Desenvolvemento de actuacións directamente ligadas ao obxectivo estratéxico. - O grao de eficacia financeira dos recursos destinados á cualificación dos traballadores do medio rural é baixo, en cambio na comparativa das obrigas recoñecidas co orzamento definitivo o grao de eficacia é alto. - O número de participantes en accións de formación en 2016 foi de 12.120 persoas, cunha presenza minoritaria de mulleres, co 27,2%. - O indicador de resultado acada un grao de eficacia baixo ao estar por debaixo do 7,5% do valor previsto. 					
Programas de gasto	422L					

Obxectivo estratéxico	OE.1.5.08 Potenciar a formación profesional e a ensinanza secundaria obrigatoria, mellorando a calidade das ensinanzas e facilitando o acceso a unha formación e cualificación profesional polivalente e especializada que mellore a empregabilidade e a súa adaptación aos cambios, modernizando ciclos, procedementos e medios dos centros educativos de FP e ESO.					
Revisión da lóxica de intervención	<p>Diagnóstico: A educación secundaria superior no curso 2015-2016 conta con 46.827 alumno/as (o 82,3% en centros públicos), dos que o 33,5% fai Formación Profesional (ciclos de grao medio) e o 66,5% ensinanza xeral (bacharelato).</p> <p>Necesidades: Mellorar e incrementar as infraestruturas educativas, diminuír o fracaso escolar e as altas taxas de desemprego xuvenil e mellorar a empregabilidade do alumnado que remata a formación profesional.</p> <p>Resultados esperados: Mellorar as características funcionais, de seguridade e habitabilidade das instalacións, que incidan na mellora da eficiencia enerxética dos edificios. Incrementar a porcentaxe de alumnado que opta pola formación profesional. Acadar que o 85% dos mozos e mozas continúe estudando e formándose unha vez finalizada a escolarización obrigatoria, ata acadar polo menos unha titulación de educación secundaria superior e incrementar o número de persoas emprendedoras que xorden dos viveiros de empresas.</p>					
Indicador financeiro	Denominación dos principais obxectivos operativos	Orzamento inicial (a) M€	Orzamento definitivo (b) M€	Obrigas recoñecidas (c) M€	Executado Inicial (%) (c) / (a)	% sobre o total executado do OE
	Construción de novos centros ou ampliación dos existentes e medidas de mellora nas condicións garantindo a oferta total de prazas do sistema educativo, pública e concertada.	9,4	9	6,1	65,2	0,8
	Accións de fomento da formación profesional nomeadamente nos ciclos formativos de grao medio e na modalidade de FP a distancia.	7,3	18,9	18	245	2,5
	Accións de fomento da formación profesional dual.	0,3	0,2	0,2	73,4	0
	TOTAL OE	696,5	735,7	731,7	105	100
Indicadores de produtividade (IIPP)	Denominación				Valor realizado 2016	V. Acumulado 2015-2016
	Capacidade de coidado de nenos ou de infraestruturas de educación subvencionadas. (Persoas).				305	305
	Actuacións de mellora en centros educativos. (Número).				599	599
	Número de efectivos. (Postos de traballo equivalentes a tempo completo).				17.037	34.166
	Alumnado matriculado en centros públicos. Mulleres (Persoas).				65.395	65.868 (media)
	Alumnado matriculado en centros públicos. Homes (Persoas).				71.544	71.938 (media)
	Alumnado matriculado en centros privados concertados. Mulleres (Persoas).				14.705	14.531 (media)
	Alumnado matriculado en centros privados concertados. Homes (Persoas).				15.135	15.053 (media)
Indicadores de resultado (IIRR)	Denominación	Valor base (V0)	Valor previsto (VPt)	Valor observado (VOt)	Valor previsto 2020 (Vf)	Grao de eficacia (VOt)/(VPt)-1
	Taxa de idoneidade aos 14 anos de idade. (%).	72 (14/15)	72 (15/16)	74 (15/16)	74	Alto
	Alumnado que opta pola formación profesional de grao medio fronte ao bacharelato.(%).	64 (14/15)	65 (15/16)	65 (15/16)	70	Alto
Conclusións	<ul style="list-style-type: none"> - Na educación secundaria superior continua sendo menor o alumnado que cursa ensinanzas de formación profesional de grao medio ao que cursa bacharelato. - Desenvolvemento de actuacións directamente ligadas ao obxectivo estratéxico, entre as de maior peso financeiro se atopan as de gastos de funcionamento dos centros educativos de persoal. - O grao de eficacia financeira dos recursos destinados a potenciar a FP e a ensinanza secundaria obrigatoria é alto. - En 2016 o alumnado matriculado no ensino secundario obrigatorio e en FP foi de 166.799 persoas, das que a gran maioría están en centros públicos, co 82% do total e o restante 18% en privados concertados. Houbo un lixeiro descenso do número de alumnado en 2016, do 0.7%, debido ao descenso 					

	<p>de matrícula en centros públicos (-1,2%) e un incremento do 1,7\$ nos privados concertados. O 48% do alumnado matriculado en ensinanza secundaria superior en 2016 foron mulleres. O número de efectivos baixou un 1% desde 2015.</p> <p>- A taxa de idoneidade aos 14 anos supera xa ao valor obxectivo a conseguir en 2020, polo que se analizará a súa evolución nos próximos anos. O indicador relacionado co alumnado que opta pola FP de grao medio rexistra un grao de eficacia alta.</p>
Programas de gasto	422M

Obxectivo estratéxico Revisión da lóxica de intervención	OE.1.5.09 Reducir o abandono educativo temperán e mellorar os resultados educativos do alumnado con necesidades educativas e do alumnado con necesidades específicas, a través de medidas de apoio personalizado.					
	<p>Diagnóstico: Redución do abandono educativo temperán que pasou do 18,5% en 2014 a un 15,2% en 2016. Melloría que se produce tanto nas mulleres, que xa acadan unha taxa inferior ao valor obxectivo, como nos homes, que deben continuar reducindo a taxa. En rendemento académico, segundo PISA 2015, as competencias en lectura, matemáticas e ciencias en Galicia superan a media nacional e a da ODCE.</p> <p>Necesidades: Diminuír o abandono temperán da educación e a formación, asegurar á xuventude a adquisición das competencias básicas para a aprendizaxe ao longo da vida e promover programas e accións de reforzo dirixidas a incrementar o número de alumnos e alumnas que obteñen o título de Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria, que lles permita continuar no sistema educativo.</p> <p>Resultados esperados: Acadar que un maior número de alumno/as consiga finalizar con éxito a educación secundaria obrigatoria que lle permita continuar estudos en formación profesional de grao medio ou continuar estudos no bacharelato, contribuíndo a que os mozos e mozas permanezan no sistema educativo despois de finalizada a educación obrigatoria.</p>					
Indicador financeiro	Denominación dos principais obxectivos operativos	Orzamento inicial (a) M€	Orzamento definitivo (b) M€	Obrigas recoñecidas (c) M€	Executado Inicial (%) (c) / (a)	% sobre o total executado do OE
	Programas de orientación, reforzo e apoio.	1	0,7	0,7	75,7	5,1
	TOTAL OE	17,5	14,3	14,3	81,4	100
Indicadores de produtividade (IIPP)	Denominación				Valor realizado 2016	V. Acumulado 2015-2016
	Número de efectivos. (Postos de traballo equivalentes a tempo completo).				506	1.012
	Participantes en programas de mellora da aprendizaxe e do rendemento (PMAR). Mulleres (Persoas).				719	2.054
	Participantes en programas de mellora da aprendizaxe e do rendemento (PMAR). Homes (Persoas).				904	2.278
Indicadores de resultado (IIRR)	Denominación	Valor base (V₀)	Valor previsto (V_p)	Valor observado (V_o)	Valor previsto 2020 (V_t)	Grao de eficacia (V_o) / (V_p) - 1
	Abandono educativo temperán. (%).	17,0 (2015)	16,2 (2016)	15,2 (2016)	13,5	Alto
Conclusións	<ul style="list-style-type: none"> - Redución do abandono educativo temperán. - Os programas de mellora da aprendizaxe e do rendemento contribúen ao incremento do alumnado que finaliza con éxito a educación secundaria obrigatoria. - O grao de eficacia financeira é alto na comparativa co orzamento definitivo e medio respecto ao orzamento inicial. - O alumnado que participou en programas de mellora da aprendizaxe e do rendemento (PMAR) en 2016 foi de 1.623 alumnos, dos que o 44,3% foron mulleres. - O indicador de resultado mostra unha redución da taxa de abandono educativo temperán superior ao obxectivo previsto en 2016. 					
Programas de gasto	423B					

4.2. Eixe 2. Benestar das persoas e as familias e cohesión social

4.2.1. PA.2.1. Sistema sanitario sustentable e de calidade. Fomento da saúde pública e dos modos de vida saudables

Obxectivo estratéxico	OE 2.1.01: Consolidar a práctica deportiva e a actividade física, así como desenvolver o conxunto de funcionalidades do feito deportivo, mais alá da mera competición, como a saúde pública, a economía ou as funcións educativa e social.					
Revisión da lóxica de intervención	<p>Diagnóstico: Galicia presenta a menor porcentaxe de España de práctica deportiva semanal (37,4%) en 2015, aínda que tivo un incremento do 7,3% desde 2010. O número de clubs deportivos federados medrou en maior proporción, nun 10%, e segue a concentrarse o maior número de clubs nos de fútbol, caza, ciclismo e baloncesto. O número de empresas vinculadas ao deporte en Galicia medrou nun 62,3% desde o ano 2011 ao 2016 (de 1.001 a 1.607 empresas), e representan o 0,81% do total de empresas galegas.</p> <p>Necesidades: Incrementar a práctica deportiva da poboación galega en xeral e especialmente das mulleres que presentan un dato máis baixo. Dispoñer das instalacións deportivas necesarias para a práctica deportiva.</p> <p>Resultados esperados: Incremento dos datos de práctica deportiva xeral, da mocidade (deporte escolar) e feminino. Incrementar o número de empresas vinculadas ao deporte e o gasto asociado ao feito deportivo. Fomentar a diversificación do deporte.</p>					
Indicador financeiro	Denominación dos principais obxectivos operativos	Orzamento inicial (a) M€	Orzamento definitivo (b) M€	Obrigas reconecidas (c) M€	Executado Inicial (%) (c) / (a)	% sobre o total executado do OE
	Fomento do deporte a través de convenios, axudas e patrocinios a entidades deportivas.	5,6	5,6	5,6	100,7	27,8
	Axuda á docencia deportiva e promoción activa da investigación no deporte a través de axudas á Facultade de Ciencias do Deporte.	2,9	2,9	2,9	100	14,1
	Fomento da actividade física mediante a ampliación do Plan Galicia Saudable.(Fundación Deporte galego).	2,4	2,4	2,4	100	12
	TOTAL OE	19,6	22,3	20,3	103,4	100
Indicadores de produtividade (IIPP)	Denominación				Valor realizado 2016	V. Acumulado 2015-2016
	Participantes en idade escolar en programas de promoción deportiva. Homes (Persoas).				74.279	142.387
	Participantes en idade escolar en programas de promoción deportiva. Mulleres (Persoas).				35.979	76.207
	Entidades deportivas beneficiadas. (Número).				1.144	2.208
	Número de licenzas federativas. Homes (Número).				200.586	400.586
	Número de licenzas federativas. Mulleres (Número).				53.088	105.231
	Actuacións en infraestruturas e equipamentos deportivos. (Número).				114	216
Indicadores de resultado (IIRR)	Denominación	Valor base (V₀)	Valor previsto (VP_t)	Valor observado (VO_t)	Valor previsto 2020 (V_t)	Grao de eficacia (VOT) / (VPT) - 1
	Poboación que practica actividade física e deporte. (%)	70,8 (2013)	72,5 (2016)	70,8 (2016)	75	Medio
	Escolares participantes en programas de promoción deportiva e de vida activa e saudable. (Número).	109.641(2014)	116.511 (2016)	111.081 (2016)	131.569	Medio
	Licenzas federativas. (Número).	252.143 (2014)	267.942 (2016)	268.744 (2016)	302.572	Alto
Conclusións	- Desenvolvemento de actuacións directamente ligadas ao obxectivo estratéxico.					

	<ul style="list-style-type: none">- O grao de eficacia dos recursos financeiros destinados ao deporte é alto.- Na vixencia do PEG concedéronse 2.208 axudas a entidades deportivas e incrementáronse os datos de licenzas deportivas, cun total de 253.674 persoas en 2016, (o 1% máis ca o ano anterior), das que o 20,9% corresponden a mulleres, cun incremento nestes dous anos do 2%.- Os indicadores de resultado seguen unha tendencia axeitada para acadar os obxectivos previstos.
Programas de gasto	441A

Obxectivo estratéxico Revisión da lóxica de intervención	OE 2.1.02: Promover a atención integral adaptada ás necesidades dos e das pacientes, familiares e cuidadores/as.					
	<p>Diagnóstico: O envellecemento da poboación e a cronicidade das enfermidades obriga a cambiar o noso sistema. A porcentaxe de persoas por riba dos 65 anos xa alcanza na nosa comunidade o 24,34%, con máis enfermidades crónicas concomitantes. Preto de 800.000 teñen dúas ou máis enfermidades crónicas simultaneamente. No 2015, a esperanza de vida ao nacer en Galicia era de 82,63 anos, similar á media española e por riba dos 80,6 da UE 28. O aumento da esperanza de vida supón un cambio epidemiolóxico e de priorización desde as enfermidades transmisibles ás non transmisibles. Nos datos da última enquisa publicada do Barómetro Sanitario (a do 2016, con datos do 2015) pode observarse que máis do 70% da cidadanía pensa que o sistema sanitario funciona ben ou bastante ben e o 32,6% dos galegos e galegas opina que a área sanitaria é máis importante para eles.</p> <p>Necesidades: Mellora da saúde da poboación galega, fomento de hábitos de vida saudables, e protexer a poboación de certas enfermidades, ben a través da vacinación, ou dos programas de cribado ou de control de enfermidades transmisibles. Diminuír as enfermidades crónicas como diabetes, cancro, enfermidade cardíaca isquémica, enfermidade pulmonar obstrutiva crónica ou enfermidades cerebrovasculares, que son a principal causa de morbilidade e mortalidade evitable, así como de perda de calidade de vida. Desenvolver actuacións encamiñadas á promoción de estilos de vida saudables e ao desenvolvemento de políticas de prevención da enfermidade; sistemas de información dos factores de risco para a saúde da poboación. Fomentar a participación da cidadanía no sistema sanitario e acadar a súa implicación e responsabilidade. Promover a formación, a investigación e a innovación sanitaria. Implantar a política de calidade establecida para os servizos de inspección de saúde pública. Coordinar a execución das actividades de control oficial en materia de seguridade alimentaria e sanidade ambiental. Executar as análises en materia de saúde pública no Laboratorio de Saúde Pública de Galicia. Desenvolver o Plan para a prevención da obesidade infantil (Plan Xermola). Desenvolver os proxectos Estilos de vida activos no ámbito laboral (EVAAL) e Estilos de vida activos en atención primaria (EVAAP) en centros de saúde. Xestionar as actividades dos programas poboacionais de cribado (mama, colon, metabolopatías e xordeira) e a difusión da súa información. Coordinar a actividade inspectora para o control da normativa referente ao consumo de tabaco. Desenvolver as actividades previstas nos programas de prevención e control de enfermidades transmisibles.</p> <p>Resultados esperados: Protexer e promover a saúde e prever a enfermidade. Mellorar a fiabilidade, a “consideración” e “accesibilidade” dos servizos que se prestan e orientar a súa estrutura cara as necesidades dos e das doentes. Atención á Cronicidade. Avanzar no empoderamento dos e das pacientes. Mellorar o sentimento de propiedade e responsabilidade da cidadanía sobre o SERGAS.</p>					
Indicador financeiro	Denominación dos principais obxectivos operativos	Orzamento inicial (a) M€	Orzamento definitivo (b) M€	Obrigas recoñecidas (c) M€	Executado Inicial (%) (c) / (a)	% sobre o total executado do OE
	Gastos de persoal.	1.579,50	1.683,40	1.683,40	106,6	57,6
	Xestionar os recursos asistenciais para dar resposta ás necesidades da cidadanía en tempo e forma.	821,4	1.028,80	1.027,40	125,1	35,2
	Xestionar os recursos de atención urxente para dar resposta ás necesidades da cidadanía en tempo e forma.	45	45,7	45,6	101,4	1,6
	Integración sanitaria da saúde mental e trastornos aditivos e desenvolvemento da coordinación sociosanitaria.	12,1	12,9	12,8	106,1	0,4
	TOTAL OE	2.634,70	2.928,40	2.922,30	110,9	100
Indicadores de produtividade (IIPP)	Denominación				Valor realizado 2016	V. Acumulado 2015-2016
	Número de doses administradas a menores de 15 anos.				325.121	644.292
	Número de doses de vacinas administradas a persoas adultas.				638.174	1.227.430
	Participantes no programa de cribado de cancro de mama (%).				82,90%	81,90%
	Número de consultas en atención hospitalaria.				4.208.499	8.374.878
	Número de consultas en atención primaria.				26.217.891	52.088.520

	Persoas beneficiarias de prestacións ortoprotésica.				36.853	70.416
	Persoas beneficiarias de programas de atención á drogodependencia e á saúde mental. Mulleres.				3.712	6.787
	Persoas beneficiarias de programas de atención á drogodependencia e á saúde mental. Homes.				13.195	25.976
	Persoas beneficiarias de programas de atención sociosanitaria. Mulleres.				721	1.296
	Persoas beneficiarias de programas de atención sociosanitaria. Homes.				1.251	2.452
	Número de efectivos. (Postos de traballo equivalentes a tempo completo). (comprende entidades 1 e 103 e programas 412A, 412B, 413 e 414A).				35.487	35.441promedio
Indicadores de resultado (IIRR)	Denominación	Valor base (V ₀)	Valor previsto (VP _t)	Valor observado (VO _t)	Valor previsto 2020 (V _t)	Grao de eficacia (VO _t) / (VP _t) - 1
	% de cidadáns que pensan que o sistema funciona ben ou moi ben conforme ao barómetro sanitario.	26,9 (2014)	27	22,1 (2015)	28	Baixo
	Tempo medio de espera (días) en Atención Primaria para as citas de tipo demanda do Médico de Familia e Pediatra.	<1 (2014)	0,8	0,2	<0,5	Alto
	Tempo medio de espera (días) cirúrxica das patoloxías de prioridade 1.	20,3 (2014)	23,5	16,9	<30	Alto
	Tempo medio de espera (días) das primeiras consultas de enfermidade.	49,9 (2014)	48,3	47,3	<45	Alto
	% de poboación cuberta cos cribados poboacionais de cancro de mama, xordeira neonatal; metabolopatías.	100 (2014)	100	100 (2016)	100	Alto
	% de poboación cuberta co cribado de cancro de colon.	7,4 (2014)	38,3	48,78 (2016)	100	Alto
	% de cobertura vacinal en menores de 15 anos.	96,7 (2014)	≥96	96,5 (2016)	≥96	Alto
	Porcentaxe de consultas telefónicas.	6,86 (2015)	8,02	8,13 (2016)	oct-15	Alto
	% de altas hospitalarias en seguimento polo programa Conecta 72.	85,7 (2015)	87,6	85,4 (2016)	95	Medio
	Porcentaxe de programas implantados de e-interconsultas.	8,1 (2014)	12,1	10,1 (2016)	20	Baixo
	% de eventos adversos nos que se realizan análise para a mellora.	3 (2015)	3,4	8,6 (2016)	5	Alto
Conclusións	<ul style="list-style-type: none"> - Desenvolvemento de actuacións directamente vinculadas ao obxectivo estratéxico dirixidas a mellorar a atención aos pacientes, entre as que se inclúen a minoración dos casos das principais enfermidades crónicas como diabetes, cancro, enfermidade cardíaca isquémica, enfermidade pulmonar obstrutiva crónica ou enfermidades cerebro vasculares. - A execución financeira dos recursos destinados presenta un grao de eficacia alto. - Na vixencia do PEG houbo incremento interanual en todos os indicadores clave de produtividade. Os datos que presentaron maiores incrementos foron os de Persoas beneficiarias de programas de atención sociosanitaria (das que o 35% son mulleres) e Persoas beneficiarias de prestacións ortoprotésicas, con taxas de incremento do 11 e 10%, respectivamente, seguido polo indicador de Número de doses de vacinas administradas a persoas adultas, 8% de mellora. Os programas de cribado de cancro de colon e mama tamén reflicten incrementos (do 4% e 2%, respectivamente) chegando a ser o 48,8% a participación no programa de cribado de cancro de colon e do 82,9% no de mama en 2016. A atención as persoas doentes tamén reflicte incremento tanto na atención primaria como na hospitalaria. - Os indicadores de resultado seguen, en xeral, unha tendencia axeitada para acadar os obxectivos previstos, o 72,7% presentan un grao alto de eficacia. 					
Programas de gasto	411A, 412B, 413A, 414A					

Obxectivo estratéxico	OE 2.1.03: Xerar as condicións necesarias para conseguir profesionais comprometidos/as e coidados/as pola organización, utilizando as vantaxes das Tecnoloxías da Información e a Comunicación (TIC) e desenvolvendo uns sistemas de información que faciliten a práctica clínica e a toma de decisións.					
Revisión da lóxica de intervención	<p>Diagnóstico: No Sistema Sanitario Público de Galicia traballan máis de 37.000 profesionais que fan posible un servizo de calidade e os resultados da organización; o máis importante para acadar os seus obxectivos é o coidado e a implicación dos e das profesionais. Galicia é un referente no que se refire ao desenvolvemento das TIC, tanto nas áreas de diagnóstico e tratamento, como nas relativas á prevención, á investigación, á planificación e á xestión. A historia clínica electrónica, en proceso constante de actualización e mellora, é o mellor expoñente disto. A plataforma de innovación e os proxectos Innova Saúde e Hospital 2050 supoñen unha nova aposta para mellorar os resultados e facilitar o traballo dos seus profesionais.</p> <p>Necesidades: Implantar tecnoloxía e sistemas de información innovadores que faciliten tanto á poboación como aos e ás profesionais unha mellor xestión da saúde, e dos servizos que posibiliten unha mellor organización e xestión dos recursos sanitarios e humanos para atender á cidadanía. Dotar aos e ás profesionais da organización de ferramentas informáticas que lles faciliten o traballo, aumenten a súa capacitación e rendemento e favorezan o cumprimento de obxectivos da organización sanitaria.</p> <p>Resultados esperados: Mellorar o coidado dos bos e boas profesionais dende a súa entrada no sistema. Implicar aos profesionais na xestión do sistema. Aumentar a capacidade resolutiva dos e das profesionais. Mellorar a comunicación coa sociedade, pacientes e profesionais. Fortalecer a responsabilidade e capacidade do persoal directivo da organización. Aumentar a credibilidade dos xestores do sistema. Impulsar a xestión do coñecemento.</p>					
Indicador financeiro	Denominación dos principais obxectivos operativos	Orzamento inicial (a) M€	Orzamento definitivo (b) M€	Obrigas recoñecidas (c) M€	Executado Inicial (%) (c) / (a)	% sobre o total executado do OE
	Desenvolvemento, soporte, mantemento e implantación da infraestrutura TIC e os sistemas de información do Sergas.	28,4	25,9	24,7	87	99,5
	TOTAL OE	28,4	26,1	24,9	87,5	100
Indicadores de produtividade (IIPP)	Denominación				Valor realizado 2016	V. Acumulado 2015-2016
	Poboación beneficiada por servizos dixitais de xestión de patoloxías crónicas ou outros servizos específicos na área de e-saúde, envellecemento activo e saudable. (Persoas). Número de e-interconsultas. (Número).				2.666.039 86.596	2.666.039 158.812
Indicadores de resultado (IIRR)	Denominación	Valor base (V₀)	Valor previsto (VP_t)	Valor observado (VO_t)	Valor previsto 2020 (V_t)	Grao de eficacia (VOT) / (VPT) - 1
	% Implantación historia clínica electrónica.	100 (2015)	100	100 (2016)	100	Alto
	% Implantación receita electrónica.	100 (2015)	100	100 (2016)	100	Alto
	% Especialidades e centros de primaria que utilizan os sistemas de telemedicina.	38 (2015)	38,4	42,8 (2016)	40	Alto
	N.º total de accesos a libros electrónicos.	37.427 (2014)	41.618	66.143(2016)	50.000	Alto
	N.º de descargas de artigos científicos de revistas electrónicas.	548.433 (2014)	548.955	482.446 (2016)	550.000	Baixo
	Nº profesionais con expediente-e.	146.448 (2014)	162.980	153.952(2016)	250.000	Alto
Conclusións	<p>Estance a consolidar as tecnoloxías da comunicación (TICs) no eido sanitario para facilitar a atención, e información entre profesionais e cidadanía. Consolidación da cobertura da historia clínica electrónica (IANUS) e a receita electrónica.</p> <p>Forte impulso ao desenvolvemento, soporte, mantemento e implantación da infraestrutura TIC e os sistemas de información do SERGAS, que representa case o 95% deste obxectivo estratéxico.</p>					

	<p>O grao de eficacia financeira é medio comparando co orzamento inicial (87,5%) e alto (95,4%) respecto ao orzamento definitivo.</p> <p>Na vixencia do PEG houbo un incremento interanual no indicador de número de interconsultas, (un 20% desde 2015), chegando en 2016 a máis de 86.000 interconsultas. Así mesmo, case a totalidade da poboación de Galicia resulta beneficiada polos servizos dixitais de xestión de patoloxías crónicas ou outros servizos específicos na área de e-saúde, envellecemento activo e saudable.</p> <p>Os indicadores de resultado seguen unha tendencia axeitada, o 83,3% rexistran en 2016 un valor superior ao previsto.</p>
Programas de gasto	411A

Obxectivo estratéxico	OE 2.1.04: Xestión eficiente que contribúa á sustentabilidade do sistema sanitario.					
Revisión da lóxica de intervención	<p>Diagnóstico: No 2016 o orzamento en Sanidade é de 3.513 millóns de €, o 42,1 % da capacidade de gasto da Xunta de Galicia, o que supón un gasto sanitario por habitante de 1.292 euros. A racionalización do gasto sanitario é un dos retos máis importantes aos que se enfrontan as políticas públicas. Malia que o progresivo envellecemento da nosa poboación é un factor fundamental que premerá á alza o gasto sanitario futuro, non é o único factor relevante. Por iso a xestión efectiva e eficiente dos recursos é imprescindible como garantía de sustentabilidade dun sistema.</p> <p>Necesidades: Realizar unha xestión rigorosa dos recursos, promovendo a eficiencia na utilización dos servizos e na definición de estruturas organizativas. Fomentar a prescrición eficiente. Lograr unha mellora da calidade, un incremento da eficiencia e un aumento da produtividade na actividade de diagnóstico por imaxe e laboratorios clínicos dos centros sanitarios, utilizando as posibilidades de traballo en rede. Mellorar a xestión integral da loxística dos centros sanitarios, buscando a axilidade e a correcta subministración, coa máxima eficiencia en custos, mediante a compra centralizada. Promover medidas de eficiencia enerxética. Optimizar nos centros sanitarios a carteira de servizos, técnicas, tecnoloxías e procedementos sanitarios definidos pola Consellería de Sanidade, tendo en conta a accesibilidade dos pacientes e a adecuación dos servizos ou especialidades de referencia.</p> <p>Resultados esperados: Mellorar a eficiencia no gasto sanitario. Implicar aos axentes sociais nos proxectos de mellora do sistema. Establecer modelos de asignación de recursos para mellorar a equidade. Fomentar a investigación e a innovación. Converterse nun referente na Responsabilidade Social Corporativa</p>					
Indicador financeiro	Denominación dos principais obxectivos operativos	Orzamento inicial (a) M€	Orzamento definitivo (b) M€	Obrigas recoñecidas (c) M€	Executado Inicial (%) (c) / (a)	% sobre o total executado do OE
	Promover o uso eficiente e responsable dos recursos.	687,1	732,3	732,2	106,6	99,7
	TOTAL OE	690,7	734,7	734,6	106,3	100
Indicadores de produtividade (IIPP)	Denominación				Valor realizado 2016	V. Acumulado 2015-2016
	Custe medio por receita (€).				13,66	13,66
	Número de receitas dispensadas.				63.162.012	125.339.556
Indicadores de resultado (IIRR)	Denominación	Valor base (V ₀)	Valor previsto (VP _i)	Valor observado (VO _i)	Valor previsto 2020 (V _i)	Grao de eficacia (VO _t) / (VP _t) - 1
	Porcentaxe de prescrición de xenéricos.	41,7 (2014)	42,8	43,2 (2016)	45	Alto
	Porcentaxe de prescrición de omeprazol no conxunto de Inhibidores da bomba de protóns.	67,2 (2014)	69,5	69,0 (2016)	>74	Medio
	Porcentaxe de utilización dos medicamentos biosimilares.	0 (2014)	3,3	28,0 (2016)	>10	Alto
	Porcentaxe de produtos unificados coa plataforma loxística.	-8,0 (2015)	-6,6	-2,3 (2016)	-1	Baixo
	Centros con mellora da eficiencia enerxética.	0 (2015)	4	3,0 (2016)	20	Baixo
Conclusións	<ul style="list-style-type: none"> - Desenvolvemento de actuacións de promoción do uso eficiente e responsable dos recursos (prescrición eficiente, melloras no diagnóstico, aproveitando as solucións tecnolóxicas e organizativas, optimización de recursos, compra centralizada, ...). - O grao de eficacia financeira dos recursos do obxectivo estratéxico é alto. - Na vixencia do PEG houbo incremento interanual no indicador de número de receitas dispensadas, cun incremento de máis de 800.000 (2%) ata chegar ás 63,2 millóns de receitas. O custe medio por receita estase a manter nestes dous anos e rolda os 13,66 euros por receita. - A tendencia nos indicadores de resultado reflicte unha evolución media, xa que dos cinco indicadores, dous presentan grao de eficacia alto, dous baixo e un medio. Evolución axeitada nos datos de calidade e eficiencia do custe dos medicamentos, co incremento da prescrición de xenéricos, de omeprazol (tratamento de úlceras) e de medicamentos biosimilares. Peor evolución reflicten a unificación coa plataforma loxística e a mellora da eficiencia enerxética nos centros de saúde. 					

Programas de gasto

412A, 412B

Obxectivo estratéxico						
Revisión da lóxica de intervención	OE 2.1.05: Adecuar as infraestruturas e o equipamento sanitario ás necesidades de pacientes e profesionais. Diagnóstico: O Servizo Galego de Saúde conta con 14 hospitais, 466 centros de saúde e consultorios, e por riba de 90 Puntos de Atención Continuada (PACs). Anualmente realízanse 25 millóns de Consultas en centros de saúde, 4,2 millóns de consultas nos hospitais, 187.000 intervencións cirúrxicas, 1 millón de Urgencias hospitalarias e 1,4 millóns de Urgencias nos puntos de atención continuada (PACs). Necesidades: Renovar e modernizar as infraestruturas sanitarias hospitalarias e os edificios da rede de atención primaria para mellorar a asistencia prestada á cidadanía e o contorno de traballo dos e das profesionais. Dispoñer de equipamento tecnolóxico moderno, axeitado ás necesidades asistenciais actuais e de futuro, asegurar o seu mantemento e a súa renovación. Manter a utilización de fórmulas de financiamento e xestión que permitan realizar os investimentos necesarios para a renovación das infraestruturas e independizalas do ciclo económico Resultados esperados: Renovar e modernizar as infraestruturas sanitarias, de xeito sostible e no menor tempo posible. Adecuar os centros do servizo sanitario público ás necesidades da poboación e dos e das profesionais. Contar con espazos funcionais e ben dimensionados que permitan o desenvolvemento dunha asistencia de calidade e cuns estándares de confort. axeitados. Dispoñer do equipo tecnolóxico moderno, efectivo e eficiente preciso para dar resposta ás necesidades asistenciais. Fomentar a docencia, a investigación e a innovación, mellorando os espazos destinados para tal fin. Contribuír ao desenvolvemento económico mediante a inversión en infraestruturas sanitarias.					
Indicador financeiro	Denominación dos principais obxectivos operativos	Orzamento inicial (a) M€	Orzamento definitivo (b) M€	Obrigas recoñecidas (c) M€	Executado Inicial (%) (c) / (a)	% sobre o total executado do OE
	Manter e mellorar as infraestruturas sanitarias en atención hospitalaria.	124,7	137,1	116,9	93,8	86,6
	Manter e mellorar as infraestruturas sanitarias en atención primaria.	12,9	20,3	18,1	140	13,4
	TOTAL OE	137,6	157,4	135	98,1	100
Indicadores de produtividade (IIPP)	Denominación				Valor realizado 2016	V. Acumulado 2015-2016
	Centros de saúde construídos e/ou mellorados (* o mesmo centro de saúde pode ter unha actuación en anos sucesivos e a construción durar máis dun ano). (Número).				90	151*
	Centros hospitalarios construídos e/ou mellorados. (Número).				12	--
Indicadores de resultado (IIRR)	Denominación	Valor base (V0)	Valor previsto (VPt)	Valor observado (VOt)	Valor previsto 2020 (Vf)	Grao de eficacia (VOt) / (VPt) - 1
	% de poboación con centros de saúde novos e/ou mellorados.	5 (2009-2014)	--	--	10	
	% de poboación con infraestruturas hospitalarias novas e/ou melloradas.	20 (2014)	--	--	60	
Conclusións	<ul style="list-style-type: none"> - Entre as actuacións en centros hospitalarios atópanse o novo hospital de Vigo e o seu equipamento, e os plans directores dos hospitais universitario da Coruña e do hospital de Ourense. - O grao de eficacia financeira dos recursos destinados é alto (98,1%). Respecto ao orzamento definitivo o grao de eficacia é medio (85,8%). - En 2016 houbo actuacións de mellora ou de construción en 90 centros de saúde e en 12 hospitais e 45 servizos reformados e/ou mellorados. - No momento actual non hai información sobre os indicadores de resultado. 					
Programas de gasto	412A, 412B					

4.2.2. PA.2.2. Desenvolvemento do sistema de servizos sociais de atención ás persoas maiores e dependentes

Obxectivo estratéxico	OE 2.2.01: Incrementar a cobertura de atención ás persoas en situación de dependencia.					
Revisión da lóxica de intervención	<p>Diagnóstico: Galicia é a 5ª C.A con maior poboación maior de 65 anos (661.310) e poboación con discapacidade valorada igual ou superior ao 33% (227.696), en ambos colectivos superior á media española. A porcentaxe de poboación maior de 65 anos sobre o total da poboación é do 24,34%, a maior de España. Na actualidade o 67,04% da poboación recoñecida con dereito de atención está a recibir unha prestación a través do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia (SAAD).</p> <p>Necesidades: Atender o considerable incremento de persoas dependentes, necesitadas de atención en Galicia (65.282 en 2015, 75.000 estimados en 2020). Diminuír a fenda de 4,62 puntos coa medida nacional de porcentaxe que recibe prestación sobre a poboación recoñecida con dereito a atención, e atender ao incremento de demandantes pola incorporación do grao I en xullo de 2015. Crear emprego vinculado ao SAAD e sinerxía co sistema sanitario.</p> <p>Resultados esperados: Mellorar a calidade de vida da poboación maior e dependente mediante a cobertura da demanda do colectivo malia o incremento que se está a producir na poboación necesitada de asistencia do SAAD.</p>					
Indicador financeiro	Denominación dos principais obxectivos operativos	Orzamento inicial (a) M€	Orzamento definitivo (b) M€	Obrigas recoñecidas (c) M€	Executado Inicial (%) (c) / (a)	% sobre o total executado do OE
	Incremento dos servizos de atención residencial, atención diúrna, de axuda no fogar, de promoción da autonomía en equipamentos especiais.	265,7	255,3	249,5	93,9	78,7
	Gastos de Persoal.	58,5	67,5	67,5	115,4	21,3
	TOTAL OE	324,2	322,9	317	98,2	100
Indicadores de produtividade (IIPP)	Denominación				Valor realizado 2016	V. Acumulado 2015-2016
	Participantes nos servizos para persoas en situación de dependencia. Homes (Persoas).				34.353	62.944
	Participantes nos servizos para persoas en situación de dependencia. Mulleres (Persoas).				66.807	122.785
Indicadores de resultado (IIRR)	Denominación	Valor base (V ₀)	Valor previsto (VP _t)	Valor observado (VO _t)	Valor previsto 2020 (V _t)	Grao de eficacia (VO _t) / (VP _t) - 1
	Porcentaxe de persoas atendidas sobre o total de persoas recoñecidas cun grao implantado.	58,7 (2015)	61,6 (2016)	73,8 (2016)	75	Alto
Conclusións	<ul style="list-style-type: none"> - Evolución positiva da cobertura de persoas atendidas sobre o total de persoas recoñecidas cun grao implantado. - As principais actuacións son a prestación dos servizos de atención residencial, de atención diúrna, de axuda no fogar, de promoción da autonomía persoal en equipamentos especiais. - O grao de eficacia financeira dos recursos do obxectivo estratéxico é alto. - En 2016 houbo 101.160 persoas participantes nun ou máis servizos de atención ás persoas en situación de dependencia, que representa un incremento interanual do 20%. A maioría das persoas atendidas son mulleres, cunha porcentaxe do 66,2%. - O indicador de resultado acadou un grao de eficacia alto, indicando que segue unha tendencia axeitada para acadar os obxectivos previstos. 					
Programas de gasto	312D					

Obxectivo estratéxico	OE 2.2.02: Mellorar a calidade de vida das persoas con discapacidade e das persoas maiores, en termos de autonomía persoal, así como prever as situacións de dependencia.					
Revisión da lóxica de intervención	<p>Diagnóstico: Os datos actuais amosan que Galicia é a que maior porcentaxe de poboación maior de 65 anos ten de España, co 24,34%, cun progresivo envellecemento da poboación. No que atinxe a poboación con discapacidade, en Galicia o nº de persoas que se atopan nesta situación é de 227.696 (datos a 31/12/2016 Censo Persoas con Discapacidade) (o 51,23% mulleres). A maioría da poboación feminina que presenta algunha discapacidade ten máis de 65 anos, namentres que só o 45% dos homes que teñen algunha discapacidade superan os 65 anos. Segundo o informe do IMSERSO a 31-12-2015 "Base Estatal de Datos de persoas con Valoración de Grao de Discapacidade", Galicia é a 5ª comunidade autónoma con máis persoas cunha discapacidade recoñecida igual ou superior ao 33% cun total de 180.523 e a 10ª en porcentaxe sobre a poboación total (6,6%), 0,2 puntos por enriba da media estatal.</p> <p>Necesidades: Actuar de xeito preventivo para contribuír a aumentar a esperanza de vida libre de dependencia, procurando unha actitude positiva ante o envellecemento e a discapacidade, promover os coñecementos e as condicións necesarias para conseguir o aumento e/ou mantemento das capacidades destas persoas, para o desenvolvemento da súa vida diaria e evitar ou retrasar a aparición da dependencia. Avanzar no desenvolvemento tecnolóxico no eido da prevención e detección precoz da dependencia. Promover a accesibilidade universal e o deseño para toda a cidadanía, e fomentar a eliminación de calquera tipo de barreira que impida a participación das persoas con discapacidade en termos de igualdade.</p> <p>Resultados esperados: Aumentar a esperanza de vida libre de dependencia, procurando unha actitude positiva ante o envellecemento e a discapacidade. Mellorar a atención ás persoas maiores e discapacitadas, e aumentar a esperanza de vida libre de dependencia.</p>					
Indicador financeiro	Denominación dos principais obxectivos operativos	Orzamento inicial (a) M€	Orzamento definitivo (b) M€	Obrigas recoñecidas (c) M€	Executado Inicial (%) (c) / (a)	% sobre o total executado do OE
	Favorecer a permanencia no domicilio e contorno habitual durante o maior tempo posible.	12,3	10,2	9,3	75,2	37,7
	Gastos de Persoal.	8,7	9,6	9,6	111,3	39,1
	Fomentar actitudes positivas cara o coidado da saúde e á promoción da autonomía persoal. Fomento da actividade física e doutros hábitos de vida saudables, implantación de programas de preparación para a xubilación.	6,7	5,7	5,7	85,6	23,2
	TOTAL OE	28,3	25,5	24,6	87	100
Indicadores de produtividade (IIPP)	Denominación				Valor realizado 2016	V. Acumulado 2015-2016
	Participantes en programas de prevención da dependencia. Homes (Persoas).				9.360	27.174
	Participantes en programas de prevención da dependencia. Mulleres (Persoas).				21.947	41.248
	Participantes nos servizos para persoas en situación de dependencia. Homes (Persoas).				5.885	10.526
	Participantes nos servizos para persoas en situación de dependencia. Mulleres (Persoas).				9.840	19.061
	Participantes con discapacidade. Homes (Persoas).				36.407	--
	Participantes con discapacidade. Mulleres (Persoas).				39.425	--
Indicadores de resultado (IIRR)	Denominación	Valor base (V ₀)	Valor previsto (VP _t)	Valor observado (VO _t)	Valor previsto 2020 (V _t)	Grao de eficacia (VO _t) / (VP _t) - 1
	% de poboación maior á que se dirixen os programas de prevención da dependencia sobre a poboación >55 anos.	46 (2014)	55 (2016)	45 (2016)	81	Baixo
	% de persoas con discapacidade que participan en programas de promoción da autonomía persoal sobre o total de persoas con discapacidade que o solicitaron.	56 (2014)	60 (2016)	46 (2016)	70	Baixo

Conclusións	<p>A actuación que absorbe máis recursos é a de favorecer a permanencia no domicilio e contorno habitual durante o maior tempo posible.</p> <p>A execución financeira dos recursos destinados é media (87,0%). Respecto ao orzamento definitivo o grao de eficacia é alto (96,5%).</p> <p>A maior participación obsérvase nas actuacións de atención ás persoas con discapacidade e de prevención de dependencia, nas que en 2016 houbo 75.832 e 31.307 persoas respectivamente. A atención ás persoas dependentes tivo un dato de 15.725 persoas. Obsérvase unha maior presenza de mulleres nestes tres indicadores, cunha porcentaxe que vai desde o 52% das persoas con discapacidade, o 62% nas dependentes e chegan ao 70% para as persoas maiores en actuacións de prevención da dependencia.</p> <p>Os dous indicadores de resultado rexistran unha baixa eficacia.</p>
Programas de gasto	312E

4.2.3. PA.2.3. Mellora dos servizos sociais a familias e á infancia, apoio á conciliación, servizos e axudas complementarios da educación e políticas de xuventude e cooperación.

Obxectivo estratéxico	OE 2.3.01: Garantir o dereito de todos os e as menores a vivir en familia e contribuír á revitalización demográfica e ás condicións que favorezan a natalidade.					
Revisión da lóxica de intervención	<p>Diagnóstico: Galicia é na actualidade a terceira Comunidade Autónoma co índice de fecundidade máis baixo do Estado e a segunda comunidade cun maior índice de envellecemento. A incorporación da muller ao mercado laboral, as demandas de escolarización cada vez a idades máis temperáns e sobre todo a necesidade de compatibilizar a vida persoal, familiar e laboral fan necesaria unha planificación global para dar cobertura ás necesidades da sociedade actual a posta a disposición de recursos de atención á familia e á infancia. Ademais, en Galicia hai 1.494 persoas menores tuteladas pola Administración por terse apreciado que se atopaban en situación de desamparo, así como outros 2.446 menores beneficiarios de programas de prevención ou apoio por atoparse en situación de risco. 1357 persoas menores viven cunha familia de acollida, 221 cunha familia coa que carecen de vínculos de parentesco (acollemento familiar en familia allea) e 1.136 cos seus parentes (acollemento familiar en familia extensa).</p> <p>Necesidades: Facer fronte ao problema demográfico de Galicia e atender as necesidades das familias, co obxectivo de acadar a súa protección integral na orde xurídica, económica e social, así coma a dos seus membros especialmente nenos, nenas e adolescentes en situación de desprotección e/ou de responsabilidade penal.</p> <p>Resultados esperados: Acadar a taxa de recambio xeracional (2,1 fillos/as por muller). Favorecer a natalidade e mellorar as condicións das familias e dos e das menores.</p>					
Indicador financeiro	Denominación dos principais obxectivos operativos	Orzamento inicial (a) M€	Orzamento definitivo (b) M€	Obrigas recoñecidas (c) M€	Executado Inicial (%) (c) / (a)	% sobre o total executado do OE
	Favorecer as condicións necesarias para que as persoas menores poidan integrarse nunha familia ou desenvolver o seu propio proxecto de vida nas mellores condicións.	35,1	34,3	33,8	96,3	29,5
	Impulsar a natalidade e fomento da conciliación da vida persoal, familiar e laboral.	31,9	31,3	30,1	94,6	26,4
	TOTAL OE	114,8	116	114,4	99,6	100
Indicadores de produtividade (IIPP)	Denominación				Valor realizado 2016	V. Acumulado 2015-2016
	Capacidade de coidado de nenos ou de infraestruturas de educación subvencionadas. (Persoas).				16.403	29.598
	Menores en situación de acollemento familiar. Homes (Persoas).				357	807
	Menores en situación de acollemento familiar. Mulleres (Persoas).				399	849
	Menores participantes nos programas Mentor e de traballo remunerado e formación ocupacional en centros de reeducación. Homes (Persoas).				420	838
	Menores participantes nos programas Mentor e de traballo remunerado e formación ocupacional en centros de reeducación. Mulleres (Persoas).				246	493
Indicadores de resultado (IIRR)	Denominación	Valor base (V ₀)	Valor previsto (VP _t)	Valor observado (VO _t)	Valor previsto 2020 (V _t)	Grao de eficacia (VOT) / (VPT) - 1
	Taxa bruta de natalidade (Número de nacementos por cada 1.000 habitantes).	7,2 (2014)	7,7 (2015)	7,1 (2015)	10	Baixo
	Porcentaxe de menores en situación de acollemento familiar sobre menores en situación de acollemento. (residencial e familiar).	52,1 (2015)	55,3 (2016)	65,0 (2016)	70	Alto

	Taxa de escolarización de poboación de 0 a 3 anos. (%)	40,8 (14-15)	42 (15-16)	42,5 (15-16)	50	Alto
Conclusiones	<ul style="list-style-type: none"> - As actuacións que absorben máis recursos (aproximadamente o 55% do total) son as dirixidas a favorecer as condicións necesarias para que as persoas menores poidan integrarse nunha familia ou desenvolver o seu propio proxecto de vida nas mellores condicións e as encamiñadas ao impulso da natalidade e fomento da conciliación da vida familiar, persoal e laboral (axudas directas ás familias, adecuación e mellora dos recursos de atención á infancia existentes, creación de novos recursos, ...). - O grao de eficacia financeira dos recursos do obxectivo estratéxico é alto. - Os datos dos indicadores reflicten que houbo un total de 16.403 prazas de atención á infancia de 0-3 anos, sostidas con fondos públicos, dato que reflicte un incremento interanual do 24%. No que atinxe á atención dos menores, houbo un total de 756 atendidos en acollemento familiar en 2016, dos que a maioría (53%) son mulleres. A participación no programa Mentor e de traballo remunerado e formación ocupacional en centros de reeducación reflicte un total de 666 mozos e mozas maiores de 16 anos, ata os 21 anos (ampliable ata os 25 anos en casos excepcionais), tutelados pola Xunta de Galicia, ou ex tutelados, en garda ou conflito social que queiran voluntariamente incorporarse ao mundo laboral, dos que unha minoría son chicas (37%). - Os indicadores de resultado seguen unha tendencia axeitada para acadar os obxectivos previstos, observando valores crecentes neles agás na taxa bruta de natalidade. 					
Programas de gasto	312B					

Obxectivo estratéxico	OE 2.3.02: Impulsar a solidariedade e o voluntariado para axudar ás persoas en situación de risco de pobreza e/ou con necesidades.					
Revisión da lóxica de intervención	<p>Diagnóstico: A situación económica actual supón unha difícil conxuntura polo aumento das necesidades sociais e os ámbitos de actuación. Na actualidade existen 869 entidades no Rexistro de Acción Voluntaria de Galicia, calculándose que preto de 38.845 persoas voluntarias colaboran dun ou doutro xeito nos programas que estas desenvolven e obsérvase un aumento do número de persoas que desexan participar no voluntariado.</p> <p>Necesidades: Promover a cultura da solidariedade e establecer novos programas de voluntariado orientados a colectivos específicos, segundo as necesidades que melloren a calidade de vida das persoas en risco e incrementen a participación da cidadanía, en especial da mocidade.</p> <p>Resultados esperados: Incrementar a participación solidaria e altruísta da cidadanía nas actividades de acción voluntaria que contribúen ao impulso da igualdade de oportunidades, a inclusión social e á mellora dos servizos sociais.</p>					
Indicador financeiro	Denominación dos principais obxectivos operativos	Orzamento inicial (a) M€	Orzamento definitivo (b) M€	Obrigas recoñecidas (c) M€	Executado Inicial (%) (c) / (a)	% sobre o total executado do OE
	Fomentar a participación xuvenil nos programas de voluntariado e promover a inscrición das experiencias dos voluntarios que faciliten a certificación dos mesmos.	0,5	0,5	0,4	74,7	37,6
	Elaborar novos programas de voluntariado e plans de formación co obxecto de dar saída ás demandas de participación e mellorar a preparación e calidade do voluntariado.	0,3	0,1	0,1	53,7	13,5
	TOTAL OE	1,2	1,1	1	85,1	100
Indicadores de produtividade (IIPP)	Denominación				Valor realizado 2016	V. Acumulado 2015-2016
	Participantes en proxectos de voluntariado. Homes (Persoas).				234	528
	Participantes en proxectos de voluntariado. Mulleres (Persoas).				346	785
Indicadores de resultado (IIRR)	Denominación	Valor base (V ₀)	Valor previsto (VP _t)	Valor observado (VO _t)	Valor previsto 2020 (V _t)	Grao de eficacia (VOT) / (VPT) - 1
	Entidades inscritas no rexistro de voluntariado galego. (Número).	869 (2014)	911 (2016)	922 (2016)	1.000	Alto
	Persoas inscritas no rexistro de voluntariado galego. (Número).	38.887(2014)	39.255 (2016)	40.719 (2016)	40.000	Alto
Conclusións	<ul style="list-style-type: none"> - As actuacións que absorben máis recursos son as de promoción do voluntariado entre a mocidade e a elaboración de programas e plans de formación en voluntariado. - O grao de eficacia financeira é alto tomando como referencia o orzamento definitivo. Respecto ao inicial é medio (85,1%). - Os datos dos indicadores reflicten que houbo un total de 580 persoas (o 60% mulleres) que participaron en actuacións de voluntariado promovidas pola Xunta de Galicia, un 20% menos ca en 2015. Este dato representa o 1,5% respecto do total de persoas inscritas no rexistro de voluntariado galego. - Os indicadores de resultado mostran un grao alto de eficacia. 					
Programas de gasto	312F					

Obxectivo estratéxico Revisión da lóxica de intervención	OE 2.3.03: Mellorar a conciliación da vida familiar e laboral e promover a corresponsabilidade entre mulleres e homes para contribuír a acadar o principio de igualdade por razón de xénero en todos os ámbitos e á revitalización demográfica.					
	<p>Diagnóstico: O 94,1% das mulleres realizan tarefas domésticas e ocúpense do coidado de nenos/as, maiores e persoas dependentes durante 4 horas e 31 minutos diarios, fronte ao 70,6% dos homes que dedican 2 horas e 40 minutos. En 2016, a taxa de actividade das mulleres de 16 a 64 anos é do 69%, 8 puntos inferior á dos homes. En 2012 a porcentaxe de mulleres sobre os traballadores con nenos menores de 13 anos que reducen a xornada está 12 puntos por encima dos homes e o das que flexibilizan ou coordinan o horario de traballo é tamén 12 puntos superior.</p> <p>Necesidades: Impulsar a conciliación da vida familiar e laboral, fomentando a harmonización das responsabilidades familiares e laborais entre homes e mulleres. Favorecer o acceso aos servizos de coidado e atención de menores e persoas dependentes, contribuíndo tamén así a facilitar a incorporación das mulleres ao mercado laboral e evitando o seu abandono.</p> <p>Resultados esperados: A corresponsabilidade e compatibilidade dos tempos de traballo, persoais e familiares e a mellora das condicións de igualdade das mulleres na sociedade e no mercado de traballo.</p>					
Indicador financeiro	Denominación dos principais obxectivos operativos	Orzamento inicial (a) M€	Orzamento definitivo (b) M€	Obrigas recoñecidas (c) M€	Executado Inicial (%) (c) / (a)	% sobre o total executado do OE
	Apoio á conciliación da vida persoal, familiar e laboral.	1,2	0,9	0,8	68,3	100
	TOTAL OE	1,2	0,9	0,8	68,3	100
Indicadores de produtividade (IIPP)	Denominación				Valor realizado 2016	V. Acumulado 2015-2016
	Participantes que reciben actuacións destinadas á mellora da súa situación no ámbito laboral. Homes (Persoas).				1.757	2.917
	Participantes que reciben actuacións destinadas á mellora da súa situación no ámbito laboral. Mulleres (Persoas).				1.705	2.897
Indicadores de resultado (IIRR)	Denominación	Valor base (V₀)	Valor previsto (VP_t)	Valor observado (VO_t)	Valor previsto 2020 (V_t)	Grao de eficacia (VOT) / (VPt) - 1
	Excedencias para coidado de fillos/as e familiares solicitadas por mulleres en comparación cos homes. (%)	90,1 (2014)	88,4 (2016)	89,1 (2016)	85	Medio
Conclusións	<ul style="list-style-type: none"> - Persiste a necesidade de continuar o fomento da conciliación da vida familiar, persoal e laboral e a corresponsabilidade, xa que segue a haber diferenzas significativas entre homes e mulleres. - Unha única actuación que se desenvolve nunha convocatoria de axudas para fomentar a corresponsabilidade de homes e de familias monoparentais para reducir a xornada laboral e así dedicar máis tempo ás tarefas do fogar e coidado de nenos e nenas e maiores. O grao de eficacia financeira dos recursos destinados é baixo (68,3%) e medio (88,9%) se tomamos coma referencia o orzamento definitivo. - Os datos dos indicadores reflicten que houbo un total de 329 actividades de conciliación nos que participaron un total de 3.462 persoas (o 49% mulleres) que participaron nelas, observándose un importante crecemento da participación respecto ao ano anterior. - O indicador de resultado en 2016 non alcanzou a diminución prevista, quedando lixeiramente por enriba do previsto, polo que acada unha eficacia media. 					
Programas de gasto	312G					

Obxectivo estratéxico						
OE 2.3.04: Mellorar a calidade de vida da xuventude galega e incrementar o seu benestar en condicións de igualdade.						
Revisión da lóxica de intervención	<p>Diagnóstico: Os mozos e mozas galegos son un grupo de poboación con grandes potenciais debido á mellora da súa formación, ao talento e á capacidade emprendedora. Galicia presenta unha porcentaxe de persoas de entre 30 e 34 anos que completaron os estudos superiores moi por encima da media da UE e tamén da española. Pero tamén se trata dun colectivo con grandes dificultades e obstáculos para o seu desenvolvemento: o elevado desemprego xuvenil, que en 2016 acadou unha taxa de paro do 40,3% para a poboación entre 16 e 24 anos (por debaixo da cifra nacional pero superando a taxa europea), a precarización das súas condicións salariais e económicas, o retraso na emancipación, constitúen algúns dos principais problemas aos que se enfrontan.</p> <p>Necesidades: Conseguir que os mozos e mozas galegos adquiren unha serie de competencias, destrezas e capacidades, como son o traballo en equipo, a responsabilidade, habilidades comunicativas, o sentido da iniciativa e a autoconfianza, entre outras, altamente valoradas polos empregadores e distintas das derivadas da educación formal ou regrada, e que complementan o seu currículo académico.</p> <p>Resultados esperados: Instrumentar, fomentar e propiciar as condicións de aprendizaxe, oportunidade e experiencia que aseguren e faciliten o desenvolvemento do seu coñecemento, habilidades e competencias para xogar un papel activo na sociedade civil e especialmente no mercado de traballo.</p>					
Indicador financeiro	Denominación dos principais obxectivos operativos	Orzamento inicial (a) M€	Orzamento definitivo (b) M€	Obrigas recoñecidas (c) M€	Executado Inicial (%) (c) / (a)	% sobre o total executado do OE
	Impulsar a participación dos mozos/as en actividades de educación non formal que permitan a adquisición de competencias altamente valoradas polos empregadores. Fomentar e apoiar os programas de mobilidade transnacional xuvenil, para a mellora da cualificación e para facilitar o acceso ao mercado laboral dos mozos/as. Gastos de Persoal.	4,3	3,9	3,9	90,5	28,7
		2,3	2	1,8	77,5	13
		5,7	5,9	5,9	103,5	58,1
	TOTAL OE	14,4	13,7	13,6	94	100
Indicadores de produtividade (IIPP)	Denominación				Valor realizado 2016	V. Acumulado 2015-2016
	Persoas mozas que reciben axudas. Homes (Persoas).				135	298
	Persoas mozas que reciben axudas. Mulleres (Persoas).				201	429
	Participantes en programas de xuventude. Homes (Persoas).				3.294	7.404
	Participantes en programas de xuventude. Mulleres (Persoas)				4.747	10.595
Indicadores de resultado (IIRR)	Denominación	Valor base (V₀)	Valor previsto (VP_t)	Valor observado (VO_t)	Valor previsto 2020 (V_t)	Grao de eficacia (VOT) / (VPT) - 1
	Mozos/as participantes en programas de educación non formal que adquiren competencias vinculadas á empregabilidade. (Número).	4.027 (2014)	4.028 (2016)	3.392 (2106)	4.030	Baixo
Conclusións	<ul style="list-style-type: none"> - Diminución dos mozos/as que adquiren competencias vinculadas á empregabilidade entre os que participan en programas de educación non formal. Persiste a necesidade de continuar o apoio á mocidade para lograr que diminúa a alta taxa de desemprego e a precarización laboral e logren obter mellores competencias, habilidades e talentos. - As actuacións de maior relevo neste obxectivo, sen contar os gastos de persoal, actividades de educación non formal que permitan a adquisición de competencias e habilidades altamente valoradas polos empregadores, a campaña de verán e os programas de mobilidade transnacional xuvenil, para a mellora da cualificación e para facilitar o acceso ao mercado laboral dos mozos e mozas , Programa Galeuropa, que absorben o 41% do total. - A execución financeira dos recursos destinados presenta un grao de eficacia alto. - Os datos dos indicadores reflicten que houbo un total de 8.041 persoas mozas que participaron nas actividades da campaña de verán, nos 					

	<p>campamentos, campos de traballo ou nalgunha das actividades e programas de lecer e tempo libre para mozos e mozas de 18 a 30 anos da campaña de verán ou no resto de programas de educación non formal de carácter transversal, a maioría mozas (59%), aínda que houbo un descenso do 19% respecto do ano anterior. Ademais houbo 330 persoas mozas, con carácter xeral menores de 30 anos, das que o 60% son mulleres, que reciben axudas directas da DX de Xuventude, Participación e Voluntariado e que implican a adquisición de competencias, dato que tamén mostrou un descenso respecto do ano anterior.</p> <p>- O valor do indicador de resultado en 2016 está por debaixo do valor previsto.</p>
Programas de gasto	313A

Obxectivo estratéxico	OE 2.3.05: Eliminar os obstáculos que impidan ou dificulten o acceso do alumnado ao sistema educativo co obxectivo de garantir as mellores condicións para exercer o dereito á educación nas ensinanzas obrigatorias e de oferta obrigatoria e garantir que este alumnado, máis o da formación profesional, ao remate da súa educación, adquira as competencias de comprensión e expresión oral e escrita.					
Revisión da lóxica de intervención	<p>Diagnóstico: En Galicia hai 290.313 alumnos/as en educación infantil, primaria e secundaria obrigatoria, distribuídos en 1.271 centros educativos dos que o 83% son públicos. As unidades en funcionamento para impartir estas ensinanzas ascende a 14.643.</p> <p>Necesidades: Fomentar a utilización de todos os resortes complementarios á educación académica e apoiar e dar cobertura a todos os axentes implicados no acceso e mantemento nas ensinanzas obrigatorias e de oferta obrigatoria do alumnado galego.</p> <p>Resultados esperados: Eliminar os obstáculos para o acceso ás ensinanzas obrigatorias e de oferta obrigatoria por parte do alumnado galego. Mellorar a competencia en comunicación lingüística do alumnado.</p>					
Indicador financeiro	Denominación dos principais obxectivos operativos	Orzamento inicial (a) M€	Orzamento definitivo (b) M€	Obrigas recoñecidas (c) M€	Executado Inicial (%) (c) / (a)	% sobre o total executado do OE
	Accións de posta a disposición do alumnado que requira recursos educativos complementarios necesarios.	163,3	162,9	162,9	99,7	87,3
	Mellorar as competencias clave, en especial en comunicación lingüística do alumnado.	3,4	3,4	3,3	98,8	1,8
	Gastos de Persoal.	15,7	20,4	16	101,9	8,6
	TOTAL OE	186,6	186,7	186,5	99,9	100
Indicadores de produtividade (IIPP)	Denominación				Valor realizado 2016	V. Acumulado 2015-2016
	Alumnado beneficiario por accións de facilitación de material escolar. (%)				22,40%	22,40%
	Alumnado beneficiario do transporte escolar. (%)				46,10%	46,10%
	Alumnado beneficiario dos comedores escolares. (%)				30,40%	30,40%
	Alumnado participante en programas en inmersión lingüística. Homes (Persoas).				17.686	
	Alumnado participante en programas en inmersión lingüística. Mulleres (Persoas).				17.341	
Indicadores de resultado (IIRR)	Denominación	Valor base (V₀)	Valor previsto (VP_t)	Valor observado (VO_t)	Valor previsto 2020 (V_t)	Grao de eficacia (VO_t) / (VP_t) - 1
	Alumnado beneficiario dos servizos e das axudas complementarios da ensinanza. (%)	61,1 (Curso 15-16)	61,1 (2016)	62,9 (2016)	70	Alto
	Resultado obtido nas probas de comprensión lingüística nas probas de avaliación do alumnado de educación primaria. (%)	88,0 (Curso 14-15)	88,4 (2016)	89,7 (2016)	90	Alto
	Resultado obtido nas probas de comprensión lingüística nas probas de avaliación do alumnado de educación secundaria. (%)	79,0 (Curso 14-15)	79,2 (2016)	73,2 (2016)	80	Medio
Conclusións	<ul style="list-style-type: none"> - Favorable evolución do grao de cobertura previsto nos servizos e das axudas complementarios da ensinanza e nos resultados obtidos na educación primaria nas probas de comprensión lingüística, aínda que é menor nas probas de educación secundaria. - As actuacións de maior relevo neste obxectivo, son as accións de posta a disposición do alumnado que requira recursos educativos complementarios necesarios, entre as que destacan as axudas para a adquisición de libros de texto e de material escolar, e a prestación e axudas dos servizos de comedores escolares e de transporte escolar, que absorben o 87% dos recursos deste OE. - O grao de eficacia financeira dos recursos do obxectivo estratéxico é alto. - Un 22,4% do alumnado resultou beneficiario do entorno virtual de aprendizaxe e das axudas para a adquisición de libros de texto, do fondo solidario 					

	<p>de libros de texto e de material escolar. Un 46,1% é usuario do transporte escolar público e o 30,4% do servizo de comedor escolar nos centros públicos. Foron 35.000 o alumnado matriculado nos centros plurilingües e nas seccións bilingües dos centros sostidos con fondos públicos e alumnado beneficiario das axudas do programa de inmersión lingüística e do programa CUALE no ano 2016, dos que a metade son mulleres.</p> <p>- Os indicadores de resultado reflicten unha evolución axeitada, dous indicadores presentan unha eficacia alta: porcentaxe de alumnado que resulta beneficiario dos servizos e das axudas complementarios da ensinanza e resultados obtidos nas probas de comprensión lingüística nas probas de avaliación de educación primaria. O indicador de resultado do alumnado de educación secundaria acadou un grado de eficacia medio.</p>
Programas de gasto	423A

4.2.4. PA.2.4. Deseño dunha estratexia de integración social que mellore o benestar da cidadanía, axude ás persoas máis desfavorecidas a retornar o máis axiña posible a situacións socioeconómicas aceptables.

Obxectivo estratéxico	OE 2.4.01: Consolidar e mellorar a acción protectora das persoas con carencia de recursos económicos en situación de risco e exclusión social e con especiais dificultades de inserción social.					
Revisión da lóxica de intervención	<p>Diagnóstico: Nos últimos anos produciuse un incremento da poboación en risco de pobreza e exclusión social. En 2015 hai 608.711 persoas en risco de pobreza ou exclusión social (o 22,55% da poboación). As principais manifestacións de pobreza están nos fogares con nenos/as a cargo (26,3%), sobre todo nos fogares monoparentais nos que máis da metade están en situación de risco de pobreza ou exclusión social. O grupo de idade de 16 a 24 anos presenta unha taxa máis elevada, lixeiramente superior nas mozas. Ao contrario, as persoas maiores de 65 anos son os que teñen unha taxa máis reducida. As mulleres presentan unha taxa similar aos homes. Ao mesmo tempo, existe un importante número de persoas rexistradas como paradas e das que, esgotadas todas as prestacións e subsidios de desemprego, teñen como único recurso as prestacións da renda de inclusión social (RISGA) e axudas de inclusión social (AIS).</p> <p>Necesidades: Asegurar os medios económicos para a subsistencia das persoas que teñen como único recurso a solicitude de prestacións da renda de inclusión social (RISGA) e axudas de inclusión social (AIS) e apoiar ás entidades de iniciativa social que prestan unha cobertura de última barreira de contención dos problemas de necesidade económica e marxinalidade.</p> <p>O reto é consolidar a acción protectora das persoas con carencia de recursos económicos en situación de risco e exclusión social e dar resposta ás crecentes demandas das persoas que acoden ás entidades de iniciativa social para a satisfacción das súas necesidades máis.</p> <p>Resultados esperados: Aumentar a taxa de cobertura da poboación en risco de pobreza.</p>					
Indicador financeiro	Denominación dos principais obxectivos operativos	Orzamento inicial (a) M€	Orzamento definitivo (b) M€	Obrigas recoñecidas (c) M€	Executado Inicial (%) (c) / (a)	% sobre o total executado do OE
	Renda de Inclusión Social de Galicia.	52,7	56,3	56,3	106,7	80,7
	Axudas de Inclusión Social.	10	7,2	3,1	30,9	4,4
	Axuda Extraordinaria Pensións non contributivas (PNC), Fondo de Asistencia Social (FAS) e subsidio de garantía de ingresos mínimos (SGIM).	9,5	17,7	8,4	87,8	12
	Programas para cubrir as necesidades básicas de persoas con carencias económicas e especiais dificultades de inserción, a través da colaboración das entidades de iniciativa social.	2,2	2	2	91,6	2,9
	TOTAL OE	74,5	83,2	69,7	93,6	100
Indicadores de produtividade (IIPP)	Denominación				Valor realizado 2016	V. Acumulado 2015-2016
	Persoas perceptoras da RISGA. Homes (Persoas).				4.278	8.118
	Persoas perceptoras da RISGA. Mulleres (Persoas).				6.483	12.356
Indicadores de resultado (IIRR)	Denominación	Valor base (V₀)	Valor previsto (VP_t)	Valor observado (VO_t)	Valor previsto 2020 (V_t)	Grao de eficacia (VO_t) / (VP_t) - 1
	% de persoas beneficiarias das axudas e prestacións sobre a poboación en risco de pobreza.	2,5 (2014)	3,0 (2016)	2,6 (2016)	4,5	Baixo
Conclusións	<ul style="list-style-type: none"> - Persiste a necesidade da acción protectora e de apoio ás persoas en situación de risco e exclusión social e con especiais dificultades de inserción social. - As actuacións de maior relevo neste obxectivo, son a renda de integración social (Risga) e as axudas de inclusión social e extraordinaria de pensións non contributivas (PNC), Fondo de Asistencia Social (FAS) e subsidio de garantía de ingresos mínimos (SGIM), que representan o 81,4% do importe do OE. 					

Programas de gasto	<ul style="list-style-type: none"> - O grao de eficacia financeira dos recursos respecto ao orzamento inicial é alto (93,6%), mentres que respecto ao definitivo é medio (83,8%). - En 2016 houbo 10.671 persoas beneficiarias da renda de inclusión social, un 11% máis ca en 2015. A maioría son mulleres, xa que as 6.483 representan o 60,2% do total. Ademais, foron 41.000 as persoas que recibiron axuda extraordinaria de pensión non contributiva, das que o 67% son mulleres, e 85.000 persoas se beneficiaron do banco de alimentos dos programas realizados a través da colaboración das entidades de iniciativa social. - O indicador de resultado presenta un valor en 2016 de 2,6%, unha décima por encima do de referencia, presentando un grao de eficacia baixo.
	312A

Obxectivo estratéxico Revisión da lóxica de intervención	<p>OE 2.4.02: Impulsar os servizos e prestacións á emigración galega e ás súas entidades, así como ás persoas retornadas, para garantir o seu benestar. Promover a inclusión social e loitar contra a pobreza das persoas inmigrantes e calquera forma de discriminación.</p> <p>Diagnóstico: A presenza da cidadanía galega no exterior incrementouse en 128.231 no período 2009-2017 con datos a 1 de xaneiro debido ao acceso á nacionalidade española dun número moi importante de persoas descendentes de galegos e de maneira tanxencial polo incremento natural da poboación. O continente americano é o destino con maior incremento (111.801 novos cidadáns e cidadás e 38,9% de variación) fronte a Europa (14.761 novos cidadáns e cidadás, 15,8%). A poboación nacida en Galicia residente no estranxeiro descende desde 2009 un 4%. O 32% dos residentes en América teñen máis de 65 anos, dato que case duplica ao de Europa (17,5%). Galicia sitúase entre as seis primeiras CC.AA. en canto ao volume de persoas retornadas. En Galicia hai 87.966 persoas estranxeiras (segundo estatística de Padrón continuo a data 1 de xaneiro de 2016), o que representa o 3,24% da poboación. Destas persoas 35.543 pertencen a UE. As principais nacionalidades son portuguesa, romanese, brasileira, marroquí e colombiana, por esa orde, e 14 concellos contan cunha porcentaxe de poboación extracomunitaria superior ao 3% do seu Padrón municipal. En España a media de persoas estranxeiras representa o 10%.</p> <p>Necesidades: Paliar as situacións graves de carencia e desprotección da poboación galega residente no exterior, en especial as persoas maiores. Prestar apoio ás actuacións que realizan as entidades asociativas asentadas fóra do territorio. Garantir a continuidade das entidades galegas de fóra de Galicia. Paliar as situacións de necesidade económica derivadas do proceso de retorno das persoas galegas e contribuír á súa integración socio-laboral. Avanzar na integración da poboación inmigrante a través do emprego, da eliminación das barreiras idiomáticas e da convivencia.</p> <p>Resultados esperados: Asegurar a cobertura das necesidades básicas de subsistencia do colectivo de persoas galegas máis vulnerables residentes no exterior. O mantemento e preservación das entidades galegas do exterior que desenvolven a atención socio-sanitaria e outros programas en áreas formativas, culturais e de xuventude. A reincorporación das persoas galegas emigrantes retornadas á sociedade galega, nun entorno social e laboral favorable. Redución da pobreza e exclusión social das persoas inmigrantes no territorio da comunidade autónoma.</p>					
Indicador financeiro	Denominación dos principais obxectivos operativos	Orzamento inicial (a) M€	Orzamento definitivo (b) M€	Obrigas recoñecidas (c) M€	Executado Inicial (%) (c) / (a)	% sobre o total executado do OE
	Atención socioasistencial e sociocultural aos cidadáns galegos do exterior.	4,1	3,8	3,8	93	44,2
	Atención ás entidades galegas no exterior para desenvolver os seus programas.	2,3	2,2	2,2	96,9	25,7
	Programas específicos de inclusión social realizados polas corporacións locais e/ou polas entidades de iniciativa social prestadoras de Servizos Sociais.	1,1	0,8	0,8	71,8	9,4
	TOTAL OE	9,4	8,5	8,5	90,6	100
Indicadores de produtividade (IIPP)	Denominación	Valor realizado 2016	V. Acumulado 2015-2016			
	Entidades galegas do exterior beneficiadas. (Número).	162	326			
	Persoas galegas residentes no exterior e retornadas. Homes (Persoas.)	3.918	7.794			
	Persoas galegas residentes no exterior e retornadas. Mulleres (Persoas.)	6.245	12.402			
	Persoas migrantes, participantes de orixe estranxeira, minorías. Homes (Persoas.)	560	796			
	Persoas migrantes, participantes de orixe estranxeira, minorías. Mulleres (Persoas.)	1.011	1.344			
Indicadores de resultado (IIRR)	Denominación	Valor base (V₀)	Valor previsto (V_p)	Valor observado (V_o)	Valor previsto 2020 (V_t)	Grao de eficacia (V_ot) / (V_pt) - 1
	Porcentaxe de solicitudes atendidas sobre as que se acredite unha situación de necesidade.	85,0 (2015)	86,0 (2016)	78,0 (2016)	90	Baixo
Conclusións	<p>- Entre as actuacións desenvolvidas destacan a atención socioasistencial e sociocultural á cidadanía e atención ás entidades galegas no exterior para desenvolver os seus programas. Ademais, cómpre salientar os programas específicos de inclusión social para a poboación inmigrante realizados polas</p>					

	<p>corporacións locais e/ou polas entidades de iniciativa social prestadoras de Servizos Sociais, que xestiona a consellería de Política Social.</p> <ul style="list-style-type: none"> - O grao de eficacia financeira dos recursos do obxectivo estratéxico é alto. - En 2016 houbo 162 entidades e 10.163 persoas galegas residentes no exterior e retornadas que recibiron axudas, das que o 61% son mulleres. - No eido da inclusión social houbo 1.571 persoas inmigrantes que participaron en actuacións dirixidas á inclusión sociolaboral (intervencións a través de itinerarios, formación, asesoramento, etc), das que o 64% son mulleres. este dato presentan un forte incremento desde 2015. - O indicador de resultado reflicte un distanciamento do valor previsto como meta a 2020.
Programas de gasto	312C

Obxectivo estratéxico	OE 2.4.03: Impulsar a igualdade de oportunidades por razón de xénero, a inclusión e mellora social, o acceso á actividade e ao emprego das mulleres.					
Revisión da lóxica de intervención	<p>Diagnóstico: En 2016 as taxas de actividade e de ocupación, do grupo de idade de 16 a 64 anos, presentan no caso das mulleres valores inferiores aos dos homes, de 10 e 9 puntos respectivamente. As mulleres continúan a ser as que, maioritariamente, atenden as responsabilidades polo coidado dos e das menores e/ou das persoas maiores dependentes. O salario medio anual das mulleres é un 22% inferior aos dos homes. En 2015 a porcentaxe de mulleres con presenza na I+D+i era do 42%.</p> <p>Necesidades: Reducir ou eliminar a discriminación por razón de sexo. Promover o emprendemento e o autoemprego femininos. Impulsar actividades de información, formación, orientación, asesoramento, acompañamento e sensibilización que contribúan a concienciar sobre a necesidade de acadar a igualdade entre mulleres e homes.</p> <p>Resultados esperados: A mellora no obxectivo da igualdade real e efectiva entre mulleres e homes nos ámbitos social e laboral.</p>					
Indicador financeiro	Denominación dos principais obxectivos operativos	Orzamento inicial (a) M€	Orzamento definitivo (b) M€	Obrigas recoñecidas (c) M€	Executado Inicial (%) (c) / (a)	% sobre o total executado do OE
	Promoción do autoemprego e do emprendemento femininos.	1,4	1,4	0,8	56,5	14,8
	Promoción da igualdade no ámbito local.	3,3	2,6	2,6	77,8	49,7
	Colaboración coas entidades que traballan con mulleres en situación de especial vulnerabilidade.	1,8	1,8	1,4	81,4	27,7
	TOTAL OE	7,0	6,1	5,2	74,5	100
Indicadores de produtividade (IIPP)	Denominación				Valor realizado 2016	V. Acumulado 2015-2016
	Mulleres que recibiron información, atención ou asesoramento (Persoas)				13.000	26.545
	Mulleres beneficiarias do programa de autoemprego da muller (EMEGA) (Persoas)				195	195
	Mulleres pertencentes a colectivos máis vulnerables que participan nas actuacións (Persoas)				2.931	2.931
Indicadores de resultado (IIRR)	Denominación	Valor base (V₀)	Valor previsto (VP_t)	Valor observado (VO_t)	Valor previsto 2020 (V_t)	Grao de eficacia (VO_t) / (VP_t) - 1
	Fenda salarial entre mulleres e homes. (%)	22,4 (2014)	22,0 (2015)	22,1 (2015)	20,5	Alto
	Taxa de ocupación de 16 a 64 anos feminina. (%)	53,9 (2014)	54,5 (2015)	55,0(2015)	57,5	Alto
Conclusións	<ul style="list-style-type: none"> - Entre as actuacións de maior relevo neste obxectivo están a promoción da igualdade no ámbito local a través dos centros de Información á Muller (CIM), a colaboración coas entidades que traballan con mulleres en situación de especial vulnerabilidade e a promoción do autoemprego e do emprendemento femininos (Programa EMEGA). - A execución financeira dos recursos destinados é do 74,5%, respecto ao orzamento definitivo o grao de eficacia financeira é medio (85,2%). - En 2016 a maior participación de mulleres foi nas actividades de ámbito local con 13.000 mulleres que recibiron información, atención ou asesoramento. Tamén houbo case 3.000 mulleres de colectivos máis vulnerables que participan nas actuacións de promoción da igualdade a través de entidades. O programa de emprendemento feminino (EMEGA) tivo 195 mulleres que se beneficiaron dos programas de fomento do autoemprego feminino, sendo as promotoras da iniciativa emprendedora, ou as que ocupan os postos de traballo por conta allea que se crean no marco da iniciativa emprendedora que promove a SX da Igualdade. - Favorable evolución de ambos indicadores de resultados, cunha lixeira diminución da fenda salarial entre homes e mulleres e un incremento de 1,1 puntos na taxa de ocupación feminina, aínda que persisten as desigualdades entre homes e mulleres, sobre todo no eido laboral. 					
Programas de gasto	313B					

Obxectivo estratéxico						
OE 2.4.04: Promover a inclusión social e loitar contra a pobreza e calquera forma de discriminación.						
Revisión da lóxica de intervención	<p>Diagnóstico: Dende o comezo da crise económica produciuse un incremento da poboación en risco de pobreza ou inclusión social. En 2015 había 608.711 persoas en risco de pobreza ou exclusión social (o 22,55% da poboación). A porcentaxe de persoas que viven en fogares con carencia material severa é do 6,01% e o 13,49% de persoas de 0 a 59 anos que viven en fogares con baixa intensidade de ingresos de traballo.</p> <p>Necesidades: Abordar os impactos da crise que se manifestan como novos factores de vulnerabilidade ou aqueles que xa existían e cuxa persistencia en situación persoais ou familiares poñen en risco as posibilidades de revertir procesos de pobreza e exclusión social e, incluso, afectar a varias xeracións. Os principais desafíos a abordar son: Factores de vulnerabilidade relacionados coa perda ou diminución de ingresos pola perda ou falla de acceso ao emprego, como o feito de residir nun fogar de baixa intensidade laboral. O número de persoas que residen nestes fogares, por exemplo, pasaron do 7 ao 13,5% entre o ano 2008 e o 2015; a taxa de desemprego de longa duración pasou do 5,5% no ano 2010 ao 8,9% no 2016. A persistencia da falla de emprego repercute nos diferentes ámbitos da vida dunha persoa e a pobreza infantil, que constitúe un dos principais focos de atención en relación cos impactos sociais da crise. En 2015, a taxa de risco de pobreza nos fogares con nenos/as a cargo sitúase no 20,8%.</p> <p>Resultados esperados: Redución da pobreza e exclusión social no territorio da comunidade autónoma.</p>					
Indicador financeiro	Denominación dos principais obxectivos operativos	Orzamento inicial (a) M€	Orzamento definitivo (b) M€	Obrigas recoñecidas (c) M€	Executado Inicial (%) (c) / (a)	% sobre o total executado do OE
	Mantemento da rede de servizos sociocomunitarios	9,2	14,2	14,2	153,2	62,6
	Atención a participantes a través de dispositivos de inclusión social da Administración autonómica.	2,5	2,1	2,1	84,5	9,4
	Programas específicos de inclusión social realizados polas corporacións locais e polas entidades de iniciativa social prestadoras de Servizos Sociais.	6	3,4	3,4	56,5	14,9
	TOTAL OE	22,2	22,6	22,6	101,7	100
Indicadores de produtividade (IIPP)	Denominación				Valor realizado 2016	V. Acumulado 2015-2016
	Participantes en situación ou risco de exclusión social. Mulleres (Persoas).				4.132	6.997
	Participantes en situación ou risco de exclusión social. Homes (Persoas).				4.180	8.271
Indicadores de resultado (IIRR)	Denominación	Valor base (V₀)	Valor previsto (VP_t)	Valor observado (VO_t)	Valor previsto 2020 (V_t)	Grao de eficacia (VO_t) / (VP_t) - 1
	Taxa de risco de pobreza ou exclusión social. (%).	22,1 (2014)	21,7 (2015)	22,6 (2015)	19,9	Medio
	Taxa de risco de pobreza ou exclusión social da poboación inmigrante en Galicia. (%).	40,0 (2014)	39,8 (2015)	41,3 (2015)	38,5	Medio
Conclusións	<ul style="list-style-type: none"> - Necesidade de continuar coa loita contra a pobreza. O risco de pobreza continúa en altos niveis. - Entre as actuacións de maior relevo neste obxectivo está o mantemento da rede de servizos sociocomunitarios, que absorbe o 62,6% do orzamento, e as actuacións nas que se desenvolve a Estratexia de Inclusión social, de atención a participantes tanto a través de dispositivos de inclusión social da Administración autonómica, como de programas específicos de inclusión social realizados polas corporacións locais e polas entidades de iniciativa social. - Os recursos financeiros do obxectivo estratéxico presentan un grao de eficacia alto. - En 2016 foron atendidas 9.000 persoas en risco de pobreza ou exclusión social, das que menos da metade son mulleres (46%), manifestándose un elevado incremento desde 2015. Case 1.000 das persoas atendidas son de etnia xitana (o 45% mulleres), a gran maioría son desempregadas e 1.240 son persoas sen fogar, das que soamente o 13,5% son mulleres. - A taxa de risco de pobreza tanto a xeral como a das persoas inmigrantes empeorou lixeiramente desde o dato de 2014 e se sitúa máis lonxe do valor establecido como meta a alcanzar en 2020. 					

Programas de gasto

313C

Obxectivo estratéxico	OE 2.4.05: Reducir a violencia de xénero articulando unha resposta global e coordinada fronte e esta lacra, en calquera das súas modalidades e consecuencias.					
Revisión da lóxica de intervención	<p>Diagnóstico: No ano 2016 en Galicia producíronse 5.683 denuncias por violencia de xénero, o que supón unha taxa de 4.052 por millón de mulleres, peor ca o dato de 2015 e 2014, aínda que segue a ser menor que a taxa en España, que foi de 6.068. No ano 2016 en Galicia morreron 3 mulleres por violencia de xénero a mans da súa parella ou ex parella, 5 menos que no ano 2015, que foi un dos peores anos desta lacra, e a taxa por millón de mulleres acadou un valor de 2,13, aínda que segue a ser peor ca o dato de España.</p> <p>Necesidades: Protexer e apoiar ás mulleres que sofren violencia de xénero. Poñer en marcha programas específicos que promovan a inserción laboral das vítimas de violencia de xénero como un medio para conseguir a súa recuperación integral. Incidir en medidas de sensibilización sobre as causas e efectos que a violencia de xénero ten sobre as mulleres, sobre os nenos e as nenas, e sobre a sociedade en xeral.</p> <p>Resultados esperados: Consolidación da rede de recursos, programas e medidas específicas e especializadas, para abordar a violencia de xénero dende unha perspectiva de asistencia social integral ás mulleres que a sofren e ás persoas ao seu cargo. Fortalecemento e impulso das medidas de prevención, para avanzar na paulatina redución desta lacra social ata a súa erradicación.</p>					
Indicador financeiro	Denominación dos principais obxectivos operativos	Orzamento inicial (a) M€	Orzamento definitivo (b) M€	Obrigas recoñecidas (c) M€	Executado Inicial (%) (c) / (a)	% sobre o total executado do OE
	Protección e apoio integral a vítimas de violencia de xénero.	2,5	3,1	3,1	122,6	71,7
	Accións para fomentar a empregabilidade das vítimas de violencia de xénero.	0,7	0,5	0,4	67,3	10,2
	Accións específicas dirixidas a mulleres vítimas da trata ou explotación sexual.	0,5	0,3	0,3	66,8	7,5
	TOTAL OE	4	4,4	4,3	107,8	100
Indicadores de produtividade (IIPP)	Denominación				Valor realizado 2016	V. Acumulado 2015-2016
	Mulleres atendidas nos programas de protección e apoio a vítimas da violencia de xénero. (Persoas).				1.972	3.400
	Menores atendidos nos programas de protección e apoio a vítimas da violencia de xénero. Homes (Persoas).				308	652
	Menores atendidos nos programas de protección e apoio a vítimas da violencia de xénero. Mulleres (Persoas).				329	650
Indicadores de resultado (IIRR)	Denominación	Valor base (V0)	Valor previsto (VPt)	Valor observado (VOt)	Valor previsto 2020 (Vf)	Grao de eficacia (VOt) / (VPt) - 1
	Denuncias por violencia de xénero. (Número)	5.209 (2014)	5.138 (2016)	5.683 (2016)	5.000	Baixo
Conclusións	<ul style="list-style-type: none"> - Persiste a lacra da violencia de xénero polo que a necesidade de continuar coa loita contra a violencia de xénero segue vixente, dados os altos niveis de vítimas. - Entre as actuacións de maior relevo neste obxectivo están a protección e apoio integral a vítimas de violencia de xénero, a través do Centro de Recuperación Integral para mulleres que sofren violencia de xénero (CRI), das axudas de pagamento único e de axudas periódicas de apoio a mulleres que sofren violencia de xénero, a atención no Punto de Coordinación das Ordes de Protección, entre outras, que absorben o 70% do orzamento do OE. Tamén resultan salientables as accións para fomentar a empregabilidade das vítimas de violencia de xénero, de cara á súa inserción laboral, e as accións específicas dirixidas a mulleres vítimas da trata ou explotación sexual. Houbo 4.936 chamadas ao teléfono de atención por violencia de xénero (900 400 273). - O grao de eficacia financeira dos recursos do obxectivo estratéxico é alto. - En 2016 foron atendidas pola SX da Igualdade 1.972 mulleres para a mellora da súa situación persoal e laboral: acollemento, información, atención psicolóxica, apoio social, apoio á inserción laboral e axudas económicas directas e a máis de 630 menores fillos e fillas desas mulleres. O dato de mulleres atendidas é maior ca o ano anterior nun 38%. - O indicador de resultado, número de denuncias por violencia de xénero non evoluciona de xeito favorable, xa que o dato de 2016 é incluso superior ao 					

	de base (2014) e se atopa lonxe da meta a 2020, polo que haberá que extremar as medidas de sensibilización á sociedade e sobre todo a mocidade para previr esta lacra.
Programas de gasto	313D

4.2.5. PA.2.5. Garantir o acceso a unha vivenda digna en réxime de propiedade ou aluguer axeitada ás posibilidades de cada familia.

Obxectivo estratéxico	OE 2.5.01: Facilitar o acceso á vivenda, en propiedade ou en réxime de aluguer, especialmente aos colectivos máis desfavorecidos.					
Revisión da lóxica de intervención	<p>Diagnóstico: O número de vivendas principais en Galicia é de 1.059.233 (Censo 2011). O peso das vivendas en aluguer supera o 10% (120.776), as vivendas en propiedade sen cargas supoñen case o 60% e as vivendas propias con pagos pendentes superan o 24% do total. A porcentaxe de fogares galegos con hipoteca sobre a vivenda principal no ano 2015 era do 19,67%, deles un 3,2% destina máis do 50% dos seus ingresos ao pago da hipoteca. No caso das vivendas familiares principais en réxime de aluguer, que no ano 2015 ascendía ao 11,9% dos fogares galegos, a proporción dos que destinan máis do 50% dos seus ingresos ao pago do aluguer sobe ata o 9,7%. Ademais, un 24,5% dos fogares teñen ingresos inferiores a 1.000 € mensuais, e un 44,2% inferiores a 1.500€. Isto supón un obstáculo ao acceso a vivenda, como queda acreditado cos datos dos inscritos no rexistro de Demandantes de vivendas protexidas. Por outra banda, existe tamén un problema de fogares que non dan atendido ao pago da súa cota hipotecaria por mor da crise económica e da inestabilidade laboral o que produce situacións de perda da súa vivenda. A situación do acceso á vivenda, salvando as diferenzas demográficas e de localización das vivendas, é similar á do resto do territorio nacional e as diferenzas con outros países europeos radican, principalmente, no menor peso que ten o aluguer en Galicia, como forma ordinaria de acceso.</p> <p>Necesidades: Mellorar o acceso á vivenda en propiedade ou en aluguer dos fogares, principalmente daqueles con baixos ingresos. Dar cobertura a aquelas situacións que, por mor da crise, se atopan en risco de perda da súa vivenda habitual, ou que xa a perderon e necesitan unha vivenda para reiniciar a súa reincorporación ao ámbito laboral e social.</p> <p>Resultados esperados: Posibilitar o acceso tanto en compra como en aluguer, especialmente para os colectivos máis desfavorecidos, incrementar a vivenda de promoción pública. Impulsar a iniciativa privada para desenvolver vivenda a prezos limitados e xestionar solo residencial que permita a construción de vivendas a prezos limitados.</p>					
Indicador financeiro	Denominación dos principais obxectivos operativos	Orzamento inicial (a) M€	Orzamento definitivo (b) M€	Obrigas recoñecidas (c) M€	Executado Inicial (%) (c) / (a)	% sobre o total executado do OE
	Accións para promover o acceso á vivenda en propiedade.	8,4	14,1	10,8	129,3	69,9
	Accións para promover o acceso á vivenda en aluguer.	4,7	7,8	4,4	93	28,4
	Prevenção da exclusión residencial. Bono Alugueiro.	1,5	1,5	0,2	10,6	1
	TOTAL OE	14,8	23,6	15,4	104	100
Indicadores de produtividade (IIPP)	Denominación				Valor realizado 2016	V. Acumulado 2015-2016
	Superficie de planeamento en tramitación (m2).				0	20.000
	Superficie de solo adquirido. (m2).				42.730	42.730
	Vivendas de promoción pública licitadas. (Número).				8	8
	Axudas concedidas para o acceso á vivenda. (Número)				1.791	4.878
Indicadores de resultado (IIRR)	Denominación	Valor base (V₀)	Valor previsto (VP_i)	Valor observado (VO_i)	Valor previsto 2020 (V_i)	Grao de eficacia (VOT) / (VPT) - 1
	Unidades convivenciais que se benefician das medidas de acceso á vivenda. (Número).	11.342 (10-14)	7.500 (15-16)	4.978 (15-16)	22.500 (15-20)	Baixo
Conclusións	<ul style="list-style-type: none"> - Necesidade de continuar co apoio ao acceso á vivenda, sobre todo ás familias con menos recursos. - Entre as actuacións de maior relevo neste obxectivo están as accións para promover o acceso á vivenda en propiedade, en alugueiro e o bono alugueiro para previr a exclusión residencial, que absorben máis do 63% do orzamento do OE. - O grao de eficacia financeira é alto na comparativa co orzamento inicial e baixo respecto ao orzamento definitivo. 					

	<ul style="list-style-type: none"> - En 2016 concedéronse 1.791 axudas para o acceso á vivenda, un 40% menos ca en 2015, das que a gran maioría son para o alugueiro: 251 do bono alugueiro de prevención da exclusión residencial, 41 do programa ALUGA para persoas afectadas por execucións hipotecarias e 1.396 do Plan 2013-2016 de axudas ao alugueiro. Tamén se concederon 102 axudas para o acceso de vivenda en propiedade do Plan Cuadrienal. Así mesmo se adquiriron 42.730 m2 de solo para a súa urbanización. - O indicador de resultado acadou un grao de eficacia baixo.
Programas de gasto	451B

4.3. Eixe 3. Crecemento sustentable, territorio, mar, agricultura, gandería e montes

4.3.1. PA.3.1. Fomento do sector primario baseado na innovación e a calidade do produto galego que fixe a poboación ao medio rural

Obxectivo estratéxico	OE.3.1.01 Modernizar os portos de Galicia, garantindo os medios precisos para desenvolver un modelo de negocio en cada dársena en base ás actividades con máis demanda e á especialización e para colaborar á sustentabilidade da actividade pesqueira.					
Revisión da lóxica de intervención	<p>Diagnóstico: Pese á perda de peso nos últimos anos, as actividades primarias do sector pesqueiro (pesca e acuicultura) teñen un peso relevante no PIB xerando un valor engadido en 2014 de 630 millóns de euros, que supón o 1,3% do PIB e empregando a máis de 22.000 persoas (2,1 % do total de Galicia). Portos de Galicia afrontou durante os últimos exercicios unha rexeneración do espazo económico, social e deportivo dos portos e zonas de influencia a través de catro liñas estratéxicas de actuación: crecemento, sustentabilidade, eficiencia e TIC.</p> <p>Necesidades: Impulsar o papel do sistema portuario para o crecemento socioeconómico de Galicia. Axustar unha oferta equilibrada e adecuada á demanda náutica recreativa. Mellorar as infraestruturas dos portos pesqueiros e as lonxas e a eficiencia enerxética nos portos (infraestruturas e equipamento). Incorporar as novas tecnoloxías da información e a comunicación a todas as actividades. Conservación do patrimonio cultural da pesca.</p> <p>Resultados esperados: Contar cun sistema portuario pesqueiro adaptado ás especificidades de cada porto e comunidade que contribúa á sustentabilidade da actividade pesqueira mediante infraestruturas modernas, especializadas e eficientes. Desenvolvemento de servizos e actividades nos portos.</p>					
Indicador financeiro	Denominación dos principais obxectivos operativos	Orzamento inicial (a) M€	Orzamento definitivo (b) M€	Obrigas recoñecidas (c) M€	Executado Inicial (%) (c) / (a)	% sobre o total executado do OE
	Mellora da calidade medioambiental das instalacións portuarias e da eficiencia enerxética e térmica das instalacións e equipamentos pesqueiros.	3,4	1	1	28,4	18,6
	Modernización e adecuación das instalacións existentes para adaptalas ás novas necesidades do mercado e da sustentabilidade na pesca. Construción das novas infraestruturas necesarias para a mellora da seguridade e das condicións de traballo dos pescadores.	4,7	4	4	86,1	77
	TOTAL OE	8,1	5,3	5,2	64,6	100
Indicadores de produtividade (IIPP)	Denominación				Valor realizado 2016	V. Acumulado 2015-2016
	Proxectos en materia de infraestruturas e equipamentos en portos pesqueiros, lugares de desembarque, lonxas e fondeadores. (Número).				109	140
Indicadores de resultado (IIRR)	Denominación	Valor base (V₀)	Valor previsto (VP_t)	Valor observado (VO_t)	Valor previsto 2020 (V_t)	Grao de eficacia (VOT) / (VPT) - 1
	Mellora da eficiencia enerxética dos portos. (% de consumo sobre base 2014).	100,0 (2014)	88,8 (2016)	91,6 (2016)	70	Medio
	Mellora dos equipamentos. (% de portos con equipamentos sobre porto tipo).	40,0 (2014)	54,3 (2016)	75,9 (2016)	100	Alto
	Porcentaxe de autorizacións e concesións nos portos novas en relación ao número total.	20,4 (2014)	21,5 (2016)	22,4 (2016)	24	Alto

Conclusións	<ul style="list-style-type: none"> - Desenvolvemento de actuacións directamente ligadas ao obxectivo estratéxico. - O grao de eficacia financeira é baixo utilizando como referencia o orzamento inicial e alto respecto ao orzamento definitivo. - Na vixencia do PEG o número de proxectos en materia de infraestruturas e equipamento portuario foi de 140, dos que 109 correspóndense coa anualidade 2016, 3,5 veces máis que o número de proxectos en 2015. - Os indicadores de resultado seguen unha tendencia axeitada para acadar os obxectivos previstos, a mellora da eficiencia enerxética dos portos (% de consumo sobre base 2014) é o único que presenta un valor observado inferior ao previsto, pero a desviación é reducida.
Programas de gasto	513A, 514A

Obxectivo estratéxico	OE.3.1.02 Controlar a calidade e a seguridade alimentaria dos produtos do mar e garantir a seguridade no mar e coordinar o salvamento marítimo.					
Revisión da lóxica de intervención	<p>Diagnóstico: O peso do sector primario na estrutura produtiva galega reduciuse nos últimos 30 anos de forma notable, se ben entre o 2008 e 2014 freouse esta redución. No ano 2014 contribúe en case un 5% ao valor engadido total xerado na C.A., mentres no conxunto da UE non chega ao 2%. A pesca e acuicultura representan o 28% do valor engadido que xera este sector. O subsector da pesca e acuicultura dá traballo ao 2,1% das persoas ocupadas en Galicia en 2016, fronte ao 0,1% da UE.</p> <p>Necesidades: Garantir a seguridade alimentaria dos produtos procedentes do mar e a súa explotación sustentable. Reducir os efectos negativos das catástrofes e dos accidentes mariños. Vixiar e controlar a legalidade das capturas.</p> <p>Resultados esperados: Acadar un cumprimento do programa de control técnico-sanitario superior ou igual ao 95% para evitar as consecuencias negativas sobre as persoas.</p>					
Indicador financeiro	Denominación dos principais obxectivos operativos	Orzamento inicial (a) M€	Orzamento definitivo (b) M€	Obrigas recoñecidas (c) M€	Executado Inicial (%) (c) / (a)	% sobre o total executado do OE
	Aumentar o número de inspeccións en praias, portos, lonxas e vehículos.	13,9	12,1	12,1	87,2	50,3
	TOTAL OE	26,1	24,2	24,1	92,5	100
Indicadores de produtividade (IIPP)	Denominación				Valor realizado 2016	V. Acumulado 2015-2016
	Inspeccións pesqueiras realizadas. (Número).				13.787	28.275
Indicadores de resultado (IIRR)	Denominación	Valor base (V₀)	Valor previsto (VP_t)	Valor observado (VO_t)	Valor previsto 2020 (V_t)	Grao de eficacia (VOT) / (VPt) - 1
	% de cumprimento de controis programados.	89,0 (2014)	92,5 (2016)	92,0 (2016)	100	Medio
Conclusións	<ul style="list-style-type: none"> - Desenvolvemento de actuacións directamente ligadas ao obxectivo estratéxico. - Os recursos destinados ao control da calidade e seguridade alimentaria e seguridade no mar presentan un grao de eficacia alto. - Na vixencia do PEG houbo un total de 28.275 inspeccións pesqueiras, sendo o valor de 2016 un 5% menor ao de 2015. - O indicador de resultado rexistra un grao de eficacia medio, o valor observado é cinco décimas inferior ao previsto. 					
Programas de gasto	541C					

Obxectivo estratéxico						
OE.3.1.03 Mellorar as infraestruturas no medio rural para acadar unhas explotacións máis competitivas.						
Revisión da lóxica de intervención	<p>Diagnóstico: En Galicia, cun 6% da superficie rústica nacional, existen 11.102.993 parcelas, que representan o 28,26% do total nacional (39.288.058 parcelas). Hai 1.674,956 titulares catastrais que representan o 20% do total nacional (8.370.869 Titulares). Ten dúas provincias Lugo e Ourense cunha densidade de poboación de 34,1 habitantes/km². e 43,3 habitantes/km² cando a media nacional é de 92,9 habitante/km². É necesario afondar na diversificación económica do medio rural, mellorando a calidade de vida da poboación rural e a estrutura das explotacións.</p> <p>Necesidades: Dotar á poboación rural dun nivel de vida adecuado, aproximándose ao urbano. Mellorar e reordenar as estruturas agrarias mediante a concentración parcelaria, agrupacións, permutas, etc. A Lei de Mellora da Estrutura Territorial Agraria de Galicia (METAGA) supón un salto cualitativo en canto á reestruturación do agro galego que pretende dar un enfoque novo e eficaz á corrección das deficiencias na estrutura territorial das explotacións galegas.</p> <p>Resultados esperados: Rematar todas as concentracións parcelarias con camiños principais abertos. Proxectar e executar os camiños principais en todas as concentracións que están na fase de Bases Definitivas e avanzar nas distintas fases de concentracións parcelarias en trámite.</p>					
Indicador financeiro	Denominación dos principais obxectivos operativos	Orzamento inicial (a) M€	Orzamento definitivo (b) M€	Obrigas recoñecidas (c) M€	Executado Inicial (%) (c) / (a)	% sobre o total executado do OE
	Accións de reordenación das estruturas agrarias mediante procesos de concentración parcelaria.	30,5	29,4	27,4	89,9	86,8
	TOTAL OE	35,2	33,5	31,6	89,6	100
Indicadores de produtividade (IIPP)	Denominación				Valor realizado 2016	V. Acumulado 2015-2016
	Camiños rurais construídos e/ou mellorados. (Quilómetros).				236	319
	Zonas de concentración parcelaria con actuacións desenvolvidas. (Número).				127	231
Indicadores de resultado (IIRR)	Denominación	Valor base (V₀)	Valor previsto (VP_t)	Valor observado (VO_t)	Valor previsto 2020 (V_t)	Grao de eficacia (VOT) / (VPt) - 1
	Superficie de concentración parcelaria equivalente. (hectáreas).	0 (2015)	3.600 (2016)	4.089 (2016)	18.000	Alto
Conclusións	<ul style="list-style-type: none"> - A dimensión das parcelas agrarias galegas segue sendo baixa. - Desenvolvemento de actuacións directamente ligadas ao obxectivo estratéxico. - A execución financeira dos recursos destinados á mellora das infraestruturas agrarias é media, co 89,6%. En relación ao orzamento definitivo acádase un grao de eficacia financeira alto (94,3%). - Na vixencia do PEG houbo 319 quilómetros de camiños rurais construídos ou mellorados para accesos a predios en zonas de concentración/reestruturación parcelaria ou melloras da infraestrutura viaria en camiños de titularidade municipal, sendo o dato de 2016 case 3 veces superior ao de 2015. En 2016 houbo 127 zonas de concentracións/reestruturación parcelaria con investimento, un 22% máis ca o ano anterior. - O indicador de resultado que expresa a superficie equivalente, avanza cara o cumprimento do obxectivo a 2020, superando o valor previsto de 2016. 					
Programas de gasto	551A					

Obxectivo estratéxico OE.3.1.04 Reducir os danos provocados polos incendios forestais, mellorando a prevención e a defensa contra os mesmos.						
Revisión da lóxica de intervención	<p>Diagnóstico: Os incendios forestais constitúen un dos máis importantes problemas ambientais de Galicia. Analizando o período dos últimos dez anos, 2007-2016, a media anual de superficie arborada queimada ascende a 4.400 Ha e a 15.160,5 Ha a de superficie total. Estas cifras supoñen o 27% do total de sinistros producidos en España, mentres que a superficie arborada e total forestal afectada representan o 16 e 17%, respectivamente do total nacional.</p> <p>Necesidades: A vulnerabilidade do territorio galego require de estratexias de prevención contra os incendios forestais e de defensa ante os mesmos, reducindo o número de lumes, as superficies queimadas e atenuando os efectos derivados dos incendios.</p> <p>Resultados esperados: Reducir o número de lumes e de superficie queimada, de tal forma que non se supere a media de 3 ha por lume, 1 ha. de superficie arborada por lume, se manteña o número de lumes maiores de 25 ha por debaixo do 2% do total e os de lumes menores ou iguais a 1 ha por riba do 70%, se reduza o número de incendios e a superficie queimada total con respecto á media dos últimos 10 anos.</p>					
Indicador financeiro	Denominación dos principais obxectivos operativos	Orzamento Inicial (a) M€	Orzamento definitivo (b) M€	Obrigas recoñecidas (c) M€	Executado Inicial (%) (c) / (a)	% sobre o total executado do OE
	Planificación preventiva contra incendios forestais asentada na actuación concertada de todas as administracións reforzando as estruturas de extinción e de prevención dos incendios forestais (por medio da realización de tratamentos preventivos e silvícolas). Gastos de persoal.	55,1 43,7	49,8 43,5	39,8 43,5	72,2 99,6	47,1 51,6
	TOTAL OE	99,9	94,5	84,4	84,5	100
Indicadores de produtividade (IIPP)	Denominación				Valor realizado 2016	V. Acumulado 2015-2016
	Superficie de mellora forestal. (hectáreas).				16.716	47.867
	Número de efectivos. (Postos de traballo equivalentes a tempo completo).				2.541	2.503 (promedio)
	Medios técnicos de extinción. (Número).				684	3.331
Indicadores de resultado (IIRR)	Denominación	Valor base (V₀)	Valor previsto (VP_t)	Valor observado (VO_t)	Valor previsto 2020 (V_t)	Grao de eficacia (VOT) / (VPt) - 1
	Superficie queimada. (Hectáreas).	27.210 (2005-2014)	26.801 (2016)	15.204 (2016)	26.000,00	Alto
	Número de lumes.	815 (2005-2014)	767 (2016)	559 (2016)	680	Alto
Conclusións	<ul style="list-style-type: none"> - Nos últimos anos reducíronse o número de lumes e de superficie queimada. - Desenvolvemento de actuacións directamente ligadas ao obxectivo estratéxico - O grao de eficacia financeira dos recursos destinados á prevención de lumes e a redución dos danos é medio. - En 2016 houbo un incremento do 3% no número de efectivos e minoracións nos outros 2 indicadores clave de produtividade. A superficie de mellora forestal, hectáreas de tratamentos silvícolas para a prevención de incendios forestais en 2016, foi de 16.716 Ha, un 46% menos que en 2015. Os número de medios técnicos de extinción (equipos de protección individual (EPIs) para prevención de incendios forestais, equipos para procesos de información e equipos de radiocomunicación) ascendeu a máis de 3.000 no período 2015-2016. - Os indicadores de resultado presentan, cos datos ata o ano 2016, un grao de eficacia alto. Hai que ter en conta que en ambos indicadores o valor observado refírese á medida dos dez anos anteriores. 					
Programas de gasto	551B					

Obxectivo estratéxico	OE.3.1.05 Mellorar as condicións de vida da poboación no territorio rural galego, especialmente a través da creación de emprego.					
Revisión da lóxica de intervención	<p>Diagnóstico: Dende comezo da crise produciuse unha caída do emprego nas áreas rurais, a caída das afiliacións á Seguridade Social entre 2009 e 2016 foi do 8,2% nas zonas pouco poboadas, principalmente no sector primario e ao da construción. Esta destrución neta de emprego tradúcese no despoboamento e no envellecemento da poboación no rural. Precísanse de actuacións que xeren crecemento económico e melloren a calidade de vida no rural, sen perder de vista os criterios de protección ambiental.</p> <p>Necesidades: Acadar a fixar a poboación no medio rural. Fomentar iniciativas empresariais que contribúan á creación de emprego. Incrementar servizos asistenciais á poboación para favorecer a conciliación laboral e familiar e a atención básica os colectivos máis desfavorecidos.</p> <p>Resultados esperados: Consolidar e crear emprego no Medio Rural. Conseguir que no vindeiro período os/as habitantes do rural teñan ao seu alcance, todos os servizos de carácter básico que favorezan a conciliación familiar e unha mellor atención das persoas dependentes.</p>					
Indicador financeiro	Denominación dos principais obxectivos operativos	Orzamento inicial (a) M€	Orzamento definitivo (b) M€	Obrigas recoñecidas (c) M€	Executado Inicial (%) (c) / (a)	% sobre o total executado do OE
	Oferta de servizos básicos elementais. Mellora de camiños.	20	16,4	16,1	80,4	73,8
	Posta en marcha de proxectos produtivos xeradores de autoemprego e emprego.	6,2	3,3	2,1	34,8	9,9
	TOTAL OE	32,3	23,7	21,8	67,3	100
Indicadores de produtividade (IIPP)	Denominación				Valor realizado 2016	V. Acumulado 2015-2016
	Camiños rurais construídos e/ou mellorados. (Quilómetros).				781	1.965
	Investimento privado que acompaña á axuda pública. (€).				3.222.070	33.499.273
Indicadores de resultado (IIRR)	Denominación	Valor base (V₀)	Valor previsto (VP_t)	Valor observado (VO_t)	Valor previsto 2020 (V_t)	Grao de eficacia (VO_t) / (VP_t) - 1
	PIB por habitante en concellos moi pouco poboados. (Euros/habitante).	16.111 (2012)	16.563 (2014)	17.242 (2014)	18.000	Alto
Conclusións	<ul style="list-style-type: none"> - Vixencia da necesidade de fixar a poboación no medio rural, directamente relacionado co Obxectivo transversal 4 Cohesión territorial e fixación da poboación no medio rural. - Desenvolvemento de actuacións ligadas ao obxectivo estratéxico. - Respecto ao orzamento inicial, o grao de eficacia financeira dos recursos destinados a mellorar as condicións de vida da poboación no territorio rural galego é baixo. En cambio, na comparativa co orzamento definitivo o grao de eficacia é alto (92%). - Na vixencia do PEG actuouse en 1.965 quilómetros de camiños rurais construídos ou mellorados en camiños de titularidade municipal, sendo o dato de 2016 un 34% máis baixo que o ano anterior en coherencia co orzamento que foi un 40% máis baixo. O Investimento privado que acompaña á axuda pública nestes dous anos foi de 33,5 millóns de euros. - O indicador de resultado reflicte que o dato de 2014 de PIB por habitante é superior ao previsto para ese ano, e presenta un grao de execución alto. 					
Programas de gasto	712A					

Objetivo estratégico						
Revisión da lóxica de intervención	<p>OE.3.1.06 Aumentar a rendibilidade dos sistemas produtivos das explotacións agrogandeiras e fomentar a súa modernización e diversificación.</p> <p>Diagnóstico: O agro galego está a vivir unha concentración de explotacións gandeiras cun incremento da dimensión media das explotacións, que aínda debe mellorar. O esforzo inversor dos agricultores/as galegos/as nos últimos anos está a render resultados positivos nas ratios de rendibilidade e cómpre, por tanto, manter o apoio a este esforzo. A crise económica que está a atravesar a gandería galega deriva nunha importante redución do número de explotacións, nun envellecemento da poboación activa agraria e no despoboamento do rural. Neste contexto, a produción pecuaria require da aplicación de enfoques sustentables orientados á produción de alimentos de calidade, e de apoios para mellorar a produtividade da nosa gandería e os recursos gandeiros autóctonos. O sector vitivinícola estase a converter nun eixe produtivo de primeiro orde na economía agraria galega. O abandono de terras agrarias require dunha loita a prol da mobilidade de carácter transversal. A mobilización e a recuperación de terras agrarias abandonadas, moitas delas con moi boa aptitude produtiva, contribuirá ao necesario incremento da base territorial das explotacións.</p> <p>Necesidades: Frear o envellecemento e o despoboamento das zonas rurais. Incrementar a renda agraria e a produtividade da agricultura, inferior á media estatal e comunitaria, manténdose arredor do 90% do valor da media da UE e incrementándose estas diferenzas nos últimos anos. Mellorar o investimento en I+D na agricultura galega. Fomentar o control leiteiro. Promover a calidade dos produtos obtidos das explotacións gandeiras. Converter ao sector vitivinícola nun eixe produtivo de primeiro orde na economía agraria galega. Diminuír a superficie de terras en situación de abandono ou de infractivo.</p> <p>Resultados esperados: Incrementar a produtividade da explotación agraria. Incorporar aos mozos e mozas á actividade agraria. Incrementar a contratación de seguros agrarios. Impulsar unha produción agropecuaria viable económica. Incrementar o valor e a rendibilidade das producións gandeiras e recuperar as razas tradicionais.</p>					
Indicador financeiro	Denominación dos principais obxectivos operativos	Orzamento inicial (a) M€	Orzamento definitivo (b) M€	Obrigas recoñecidas (c) M€	Executado Inicial (%) (c) / (a)	% sobre o total executado do OE
	Axudas en materia de agroambiente e clima.	34,2	33,2	28,3	82,8	65,5
	Acceso a seguros agrarios.	4,8	4,2	4,2	88,7	9,7
	Axudas a investimentos produtivos nas explotacións agrarias.	28,7	9,5	3,4	11,9	7,9
	TOTAL OE	96,4	60	43,3	44,9	100
Indicadores de produtividade (IIPP)	Denominación				Valor realizado 2016	V. Acumulado 2015-2016
	Explotacións agrarias e/ou gandeiras que se acollen a medidas de mellora en investimentos produtivos. (Número).				--	--
	Persoas mozas que se acollen a medidas de incorporación como titulares en explotacións agrarias. Mulleres (Número).				245	335
	Persoas mozas que se acollen a medidas de incorporación como titulares en explotacións agrarias. Homes (Número).				373	633
	Explotacións agrarias e/ou gandeiras apoiadas. Mulleres (Número).				--	--
	Explotacións agrarias e/ou gandeiras apoiadas. Homes (Número).				--	--
	Explotacións agrarias e/ou gandeiras apoiadas. Outras personalidades xurídicas. (Número).				7.312	14.619
Indicadores de resultado (IIRR)	Denominación	Valor base (V₀)	Valor previsto (VP_t)	Valor observado (VO_t)	Valor previsto 2020 (V_t)	Grao de eficacia (VOT) / (VPT) - 1
	Volume da produción gandeira. (Miles de €).	2.121.740 (2012)	2.160.516(2016)	2.129.020 (2016)	2.200.000	Medio
Conclusións	<ul style="list-style-type: none"> - Vixencia da necesidade de frear o despoboamento e envellecemento da poboación no medio rural e do incremento da produtividade agraria e gandeira. - Desenvolvemento de actuacións ligadas ao obxectivo estratégico. 					

Programas de gasto	<ul style="list-style-type: none">- O grao de eficacia financeira dos recursos destinados a aumentar a rendibilidade dos sistemas produtivos das explotacións agrogandeiras é baixo.- O número de explotacións gandeiras apoiadas foi de 7.312, ademais recibiron apoio 618 persoas mozas para incorporarse como titulares de explotacións agrarias, o 39,6% foron mulleres.- O indicador de resultado presenta un grao de execución medio. 712B, 713C
--------------------	--

Obxectivo estratéxico	OE.3.1.07 Fomentar a innovación e a calidade diferenciada no eido agroalimentario e impulsar o asociacionismo agrario para poder acceder ao mercado en condicións máis favorables a través da organización da produción e da comercialización.					
Revisión da lóxica de intervención	<p>Diagnóstico: O sector dos produtos alimentarios de calidade ten un valor en orixe da produción certificada ao redor dos 300 millóns de euros, 30.000 produtores implicados, e preto de 800 industrias. Malia o prestixio da produción alimentaria, o sector produtor, transformador e comercializador ten importantes dificultades para acceso aos mercados: a pequena dimensión empresarial e a falta de integración. Por iso é fundamental desenvolver actuacións que permitan a presenza conxunta, a promoción e o apoio á comercialización dos produtos de calidade, unidos á mellora e modernización das industrias. Neste senso o asociacionismo ten que converterse no instrumento fundamental da evolución do desenvolvemento rural.</p> <p>Necesidades: Aumentar o tamaño das explotacións e as empresas e aumentar a orientación da súa produción cara a produtos de calidade certificada. Apertura de novos mercados. Fomentar o asociacionismo agrario sobre todo en sectores menos desenvolvidos como os de produtores de froitas e hortalizas, flor, planta ornamental e entre a xuventude.</p> <p>Resultados esperados: Aumentar a porcentaxe relativa que, sobre o VEB da produción agroalimentaria galega, teñen os produtos de calidade diferenciada. Creación de agrupacións de produtores nos sectores menos desenvolvidos para fomentar a comercialización conxunta dos produtos agrarios. Fomentar a utilización conxunta de maquinaria, instalacións e equipamentos.</p>					
Indicador financeiro	Denominación dos principais obxectivos operativos	Orzamento inicial (a) M€	Orzamento definitivo (b) M€	Obrigas recoñecidas (c) M€	Executado Inicial (%) (c) / (a)	% sobre o total executado do OE
	Subvencións a consellos reguladores e para operadores do sector relacionados coa produción e a comercialización de produtos de calidade.	8,1	11,8	3,7	45,4	48,6
	Investimentos relacionados con actividades de promoción.	0,6	0,9	0,9	151,1	12,4
	Axuda a agrupacións de produtores de froitas e hortalizas.	1,1	0,7	0,3	27,8	4
	TOTAL OE	12,5	16,5	7,6	60,8	100
Indicadores de produtividade (IIPP)	Denominación				Valor realizado 2016	V. Acumulado 2015-2016
	Axudas concedidas aos sectores agrario e agroalimentario. (Número).				43	55
Indicadores de resultado (IIRR)	Denominación	Valor base (V₀)	Valor previsto (VP_t)	Valor observado (VO_t)	Valor previsto 2020 (V_t)	Grao de eficacia (VO_t) / (VP_t) - 1
	Valor económico das producións amparadas baixo indicativos de calidade. (€).	327.291.490 (2014)	332.657.877 (2016)	415.322.980 (2016)	343.656.063	Alto
	Número de agrupacións de produtores creadas.	3,0 (2014)	4,5 (2016)	5,0 (2016)	10	Alto
Conclusións	<ul style="list-style-type: none"> - Dinamismo na calidade diferenciada e asociacionismo agrario. - Desenvolvemento de actuacións ligadas ao obxectivo estratéxico. - Os recursos financeiros destinados a este OE presentan un grao de eficacia baixo. - En 2016 concedéronse 43 axudas aos sectores agrario e agroalimentario. - Os indicadores de resultado reflicten unha evolución positiva para alcanzar as metas establecidas a 2020, tanto o valor económico das producións amparadas baixo indicativos de calidade como o número de agrupacións de produtores creadas. 					
Programas de gasto	713D, 712C					

Obxectivo estratéxico						
OE.3.1.08 Aumentar a produtividade dos montes galegos e fomentar a xestión forestal sostible.						
Revisión da lóxica de intervención						
<p>Diagnóstico: A superficie forestal de Galicia (1.802.307 ha) xera o 22 % do valor produtivo da superficie forestal española, o 7 % do valor recreativo e o 10 % do valor ambiental. A produción de madeira é a principal achega económica do subsector forestal, seguido pola fabricación de mobles e de papel. Con datos de 2014 o sector forestal e a industria anexa achega o 1,8 % do VEB de Galicia. A produción derivada da industria transformadora da madeira é a principal achega económica do subsector forestal, seguido da silvicultura (8,25 millóns de metros cúbicos en 2015) e a fabricación de mobles e de papel. Hai máis de 3.800 empresas con actividade neste sector (silvicultura, industria da madeira, industria do papel e fabricación de mobles, dos que o 55% son persoas físicas. Estas empresas proporcionan máis de 21.000 postos de traballo. O 98 % da superficie forestal galega é de natureza privada, na que teñen importancia os 3.215 montes veciñais de man común, que ocupan o 37% da superficie forestal cunha media de 207 Ha por comunidade. Constátase a persistencia de problemas estruturais relacionados esencialmente coa distribución e propiedade da superficie forestal, coa escasa dimensión da industria e a súa orientación fundamental cara á actividade de primeira transformación e con abandono de moitos terreos que hoxe están infrutilizados e improdutos.</p> <p>Necesidades: Resaltar as medidas activas de prevención contra os incendios forestais. Mellorar a competitividade e produtividade das industrias. Loitar contra as pragas e enfermidades. Aumentar a dimensión das empresas forestais e fomentar a xestión conxunta dos recursos forestais. Alcanzar a dimensión territorial necesaria para a silvicultura. Aumentar a produción de madeira para a fabricación de produtos transformados de longa vida útil. Apoiar ao investimento en proxectos para a transformación de biomasa.</p> <p>Resultados esperados: Incrementar a porcentaxe de montes xestionados mediante un Instrumento de ordenación e xestión forestal. Aumentar os montes certificados mediante un sistema de certificación internacionalmente recoñecido. Resolver deslindes parciais ou totais de montes veciñais en man común. Crear sociedades ou asociacións de xestión ou comercialización forestal conxunta. Fomentar o uso silvopascícola ordenado.</p>						
Indicador financeiro	Denominación dos principais obxectivos operativos	Orzamento inicial (a) M€	Orzamento definitivo (b) M€	Obrigas recoñecidas (c) M€	Executado Inicial (%) (c) / (a)	% sobre o total executado do OE
	Fomentar a ordenación, a xestión sostible e o aproveitamento dos montes e impulsar a certificación da xestión forestal sustentable.	32,9	22,9	10,3	31,5	24,6
	Recuperar o potencial forestal danado por incendios forestais e outras catástrofes.	3,6	5,6	5,5	152,5	13,1
	Manter e conservar a saúde e vitalidade dos ecosistemas forestais.	1,8	1,9	1,8	97,8	4,2
	TOTAL OE	73,4	59,3	42,1	57,4	100
Indicadores de produtividade (IIPP)	Denominación				Valor realizado 2016	V. Acumulado 2015-2016
	Investimento privado que acompaña á axuda pública. (€).				14.507.292,56	14.507.292,56
	Superficie de actuación. (Hectáreas).				4.731	11.722
Indicadores de resultado (IIRR)	Denominación	Valor base (V₀)	Valor previsto (VP_t)	Valor observado (VO_t)	Valor previsto 2020 (V_t)	Grao de eficacia (VOT) / (VPT) - 1
	Superficie forestal que conte con instrumentos de ordenación ou de xestión, ou de instrumentos equivalentes. (Hectáreas).	150.000 (2015)	231.026 (2016)	256.789 (2016)	1.300.000	Alto
Conclusións	<ul style="list-style-type: none"> - Desenvolvemento de actuacións ligadas ao obxectivo estratéxico. - O grao de eficacia financeira dos recursos destinados a este OE é baixo. 					

Programas de gasto	<ul style="list-style-type: none">- A superficie na que se actuou nestes dous anos de vixencia do PEG foi de 11.722 hectáreas, sendo o valor de 2016 un 32% menor ao de 2015 En 2016 houbo 14,5 millóns de euros de investimento privado que acompaña á axuda pública.- O indicador de resultado reflicte unha evolución axeitada para alcanzar a meta establecida a 2020. 713A, 713B
---------------------------	--

Obxectivo estratéxico						
OE.3.1.09 Garantir a prevención, defensa e control da sanidade animal e da protección dos cultivos.						
Revisión da lóxica de intervención	<p>Diagnóstico: A rendibilidade das explotacións gandeiras, así como a protección da seguridade alimentaria e da saúde pública, dependen dun xeito fundamental da situación sanitaria dos seus animais. Neste senso, o status sanitario da gandería galega é excelente, sendo absolutamente fundamental o seu mantemento. Sen embargo, as explotacións que desenvolven programas sanitarios voluntarios a través das agrupacións de gandeiros son aínda escasas. Os programas obrigatorios de loita e control de enfermidades vexetais permitiron diminuír a incidencia destas enfermidades e mantelas a niveis baixos durante estes anos. A baixa intensificación da agricultura de Galicia, baseada en pequenas explotacións para autoconsumo, venda en mercados locais e outros que comercializan a través de intermediarios, permitiu manter os niveis das pragas por baixo dos que se dan en grandes explotacións intensivas.</p> <p>Necesidades: Manter as explotacións gandeiras libres das enfermidades que se consideran erradicadas, ou detectalas precozmente para tomar as medidas de control necesarias. Erradicar as enfermidades animais obxecto de control oficial que persisten na gandería galega. Incrementar o número de explotacións integradas en Agrupacións de Defensa Sanitaria Gandeiras. Previr e loitar contra as pragas vexetais. Apoiar ás agrupacións de produtores para obter servizos de asesoramento cara a sistemas agrarios sustentábeis na mellora da sanidade dos seus cultivos e no cumprimento e certificación dos estándares existentes.</p> <p>Resultados esperados: Consolidar o estado sanitario da cabana gandeira galega. Estender os programas sanitarios voluntarios.</p>					
Indicador financeiro	Denominación dos principais obxectivos operativos	Orzamento inicial (a) M€	Orzamento definitivo (b) M€	Obrigas recoñecidas (c) M€	Executado Inicial (%) (c) / (a)	% sobre o total executado do OE
	Desenvolvemento dos programas sanitarios obrigatorios.	11,9	16,9	12,5	104,7	26,7
	Gastos de Persoal.	31,3	31	31	98,9	66,4
	TOTAL OE	46,7	52,3	46,7	99,9	100
Indicadores de produtividade (IIPP)	Denominación				Valor realizado 2016	V. Acumulado 2015-2016
	Número de efectivos. (Postos de traballo equivalentes a tempo completo).				870	795 (Promedio)
	Explotacións gandeiras inspeccionadas. (Número).				43.793	43.793
Indicadores de resultado (IIRR)	Denominación	Valor base (V₀)	Valor previsto (VP_t)	Valor observado (VO_t)	Valor previsto 2020 (V_t)	Grao de eficacia (VOT) / (VPt) - 1
	Porcentaxe de explotacións gandeiras galegas libres de enfermidades obxecto de control oficial.	99,9 (2014)	99,9 (2016)	100,0 (2016)	100	Alto
Conclusións	<ul style="list-style-type: none"> - Desenvolvemento de actuacións ligadas ao obxectivo estratéxico, entre as que ten un importe destacado o gasto de persoal veterinario. - O grao de eficacia financeira dos recursos destinados a este OE é alto respecto ao orzamento inicial e medio (89,3%) respecto ao definitivo. - En 2016 houbo 870 efectivos adscritos a este OE, un 21% máis ca o ano anterior, sendo o importe orzamentario de 2016 un 2% maior. O número de explotacións gandeiras inspeccionadas en 2016 ascendeu a 43.793. - O indicador de resultado mantén un valor axeitado para alcanzar a meta establecida a 2020. 					
Programas de gasto	713E					

Obxectivo estratéxico	OE.3.1.10 Aumentar a renda de agricultores/as e gandeiros/as de Galicia.					
Revisión da lóxica de intervención	<p>Diagnóstico: O VEB por posto de traballo en 2014 da agricultura e gandería é un 81,1% da mesma ratio no resto de sectores. Os réximes de axudas previstos na Política Agrícola Común (PAC) prevén as axudas directas á renda, para contribuír á mellora do nivel de vida da poboación agraria así como ao mantemento do tecido socioeconómico das zonas rurais. A súa adecuada implementación e xestión ten unha incidencia crecente na renda das persoas agricultoras galegas e a garantía da subministración ás persoas consumidoras de producións de calidade a prezos razoables.</p> <p>Necesidades: Garantir a correcta aplicación dos réximes de apoio á renda agraria establecidas no primeiro pilar da Política Agrícola Común financiados con cargo ao Fondo Europeo Agrícola de Garantía (FEAGA).</p> <p>Resultados esperados: Garantir e incrementar a produtividade agrícola, fomentando o progreso técnico e asegurando o desenvolvemento racional desta, así como o emprego óptimo dos factores de produción, en particular, da man de obra; un nivel de vida equitativo á poboación agrícola; a estabilización dos mercados, a seguridade dos abastecementos e asegurar ás persoas consumidoras subministracións de calidade a prezos razoables.</p>					
Indicador financeiro	Denominación dos principais obxectivos operativos	Orzamento Inicial (a)	Orzamento definitivo (b)	Obrigas recoñecidas (c)	Executado Inicial (%) (c) / (a)	% sobre o total executado do OE
	Axudas directas á renda, para contribuír á mellora do nivel de vida da poboación agraria.	44,3	216	210,7	475,4	97,3
	TOTAL OE	50,7	222,2	216,5	427,1	100
Indicadores de produtividade (IIPP)	Denominación				Valor realizado 2016	V. Acumulado 2015-2016
	Explotacións agrarias e/ou gandeiras apoiadas. Mulleres (Número).				16.723	34.282
	Explotacións agrarias e/ou gandeiras apoiadas. Homes (Número).				12.483	25.590
	Explotacións agrarias e/ou gandeiras apoiadas. Outras personalidades xurídicas. (Número).				10.699	22.199
Indicadores de resultado (IIRR)	Denominación	Valor base (V₀)	Valor previsto (VP_t)	Valor observado (VO_t)	Valor previsto 2020 (V_t)	Grao de eficacia (VO_t) / (VP_t) - 1
	% de correccións financeiras respecto aos fondos xestionados con cargo ao Fondo Europeo Agrícola de Garantía.	1,5 (serie histórica desde 1996 nivel de UE)	1,2 (2016)	0,28 (2016)	0,75	Alto
Conclusións	<ul style="list-style-type: none"> - Desenvolvemento de actuacións ligadas ao obxectivo estratéxico, sendo as axudas da PAC as de maior peso. - Os recursos financeiros destinados a este OE presenta un grao de eficacia alto. - En 2016 apoiáronse 39.905 explotacións agrarias e/ou gandeiras, en máis de 16 mil delas a titular da explotación é unha muller. - O indicador de resultado reflicte unha evolución favorable para alcanzar a meta establecida a 2020. 					
Programas de gasto	713F					

Obxectivo estratéxico						
Revisión da lóxica de intervención	<p>OE.3.1.11 Contar cun sector pesqueiro con organizacións costeiras operativas e eficaces e potenciar a cultura do seguro no mar.</p> <p>Diagnóstico: A pesca e a acuicultura representa aproximadamente o 26% do valor engadido do sector primario nos últimos anos e o 55% do sector a nivel nacional. O subsector da pesca e acuicultura dá traballo ao 2,1% (ano 2016) dos ocupados en Galicia, fronte ao 0,07% da UE; os ocupados neste subsector en Galicia supoñen en 2015 o 56,9% dos ocupados a nivel nacional e o 12,1% a nivel da UE 28. O VEB da pesca en termos nominais ten un peso no conxunto do VEB da economía galega do 1,3% no ano 2014, coincidindo coa media dos dez últimos anos. Así mesmo, en termos de postos de traballo representa o 2,1%. Por outro lado, o sector en Galicia achega case o 50% do valor engadido xerado no conxunto de España (44% en 2014) e o 59% dos postos de traballo. Aínda así existe un amplo descoñecemento da relevancia económica, social e cultural da pesca. A consecución da sustentabilidade na pesca demanda un nivel de coñecementos e formación da que carecen unha parte importante das persoas empregadas no sector, carencia que se agranda se falamos de novas tecnoloxías.</p> <p>Necesidades: Pór en marcha programas de actividades de formación non formal, divulgación tecnolóxica e cultural, organización sectorial e extensión pesqueira coa finalidade de elevar o nivel formativo diante dos novos desafíos e oportunidades, consolidar o recoñecemento social do pescador, contribuír a manter a tradición pesqueira, promover o relevo xeracional, mellorar a organización social e fomentar a innovación e a diversificación de actividades nas comunidades pesqueiras.</p> <p>Resultados esperados: Contar cun sector pesqueiro con organizacións operativas e eficaces. Incrementar a innovación e a diversificación nas comunidade pesqueiras. Lograr un recoñecemento social do traballo na pesca con especial incidencia do traballo feminino. Conseguir una maior valoración e protección do patrimonio cultural da pesca.</p>					
Indicador financeiro	Denominación dos principais obxectivos operativos	Orzamento inicial (a) M€	Orzamento definitivo (b) M€	Obrigas recoñecidas (c) M€	Executado Inicial (%) (c) / (a)	% sobre o total executado do OE
	Gastos de persoal.	2,0	2,4	2,4	120,7	81,3
	Apoio e asistencia técnica ás organizacións sectoriais.	0,5	0,4	0,4	67,2	12
	TOTAL OE	3,2	3,3	3	95	100
Indicadores de produtividade (IIPP)	Denominación				Valor realizado 2016	V. Acumulado 2015-2016
	Axudas concedidas a entidades do sector pesqueiro. (Número).				6	12
Indicadores de resultado (IIRR)	Denominación	Valor base (V₀)	Valor previsto (VP_t)	Valor observado (VO_t)	Valor previsto 2020 (V_t)	Grao de eficacia (VOT) / (VPT) - 1
	Participantes en actividades de divulgación e formación. Participación das persoas ocupadas do sector da pesca nunha organización representativa. (%).	89 (2014)	93 (2016)	96 (2016)	100	Alto
	Poboación feminina ocupada no sector da pesca extractiva. (%).	4,0 (2013)	5,1 (2016)	4,5 (2016)	7	Baixo
Conclusións	<ul style="list-style-type: none"> - O grao de eficacia financeira do conxunto das actuacións deste OE é alto. - Desenvolvemento de actuacións ligadas ao obxectivo estratéxico, sobre todo de axudas ás asociacións e entidades asociativas da pesca e acuicultura. - En 2016 concedéronse axudas a 6 entidades asociativas, igual que en 2015. - Segundo os indicadores de resultado a eficacia é medio-alta. 					
Programas de gasto	722A					

Obxectivo estratéxico	OE.3.1.12 Mellorar a competitividade do sector pesqueiro, a comercialización dos produtos da pesca e da acuicultura e fomentar unha pesca sostible.					
Revisión da lóxica de intervención	<p>Diagnóstico: A frota pesqueira con porto base en Galicia conta en 2016 con 4.430 barcos e supón, aproximadamente, un 48,5 % da frota nacional e o 5,4% da europea. O 96% dos buques faenan no caladoiro nacional e dentro destes o 92% traballan con artes menores. A costa galega é un lugar idóneo para a acuicultura, tanto para a produción de moluscos como para a de peixes, para o que se require a utilización de diferentes métodos de produción segundo o tipo de cultivo que se trate e a zona onde se localice. En 2016 o valor da produción da acuicultura mariña foi de 187 millóns de euros, dos que o 60% corresponde ao mexillón e o 28% ao rodaballo. As forzas que impulsan a sustentabilidade da acuicultura galega son a alta calidade dos seus produtos e as condicións oceanográficas, alén de ser unha alternativa ás limitadas capacidades da produción da pesca extractiva.</p> <p>Os prezos en primeira venda en certos produtos continúan a ser baixos. A presentación dos produtos frescos amosa unha escasa adecuación ás demandas que están adoptando os consumidores, e é escasa e pouco clarificadora a información á persoa consumidora. A industria de transformación e comercialización dos produtos procedentes da pesca en Galicia constitúe un dos seus sectores estratéxicos e teñen que afrontar grandes retos debido á competitividade do mercado internacional.</p> <p>Necesidades: Protexer os recursos pesqueiros e fomentar a comercialización dos seus produtos obtidos con baixo impacto no medio ambiente. Potenciar medidas que aumenten a competitividade, a produción e fomenten a internacionalización dos produtos pesqueiros e da acuicultura. Mellorar a trazabilidade dos produtos pesqueiros que permita avanzar na loita contra a pesca ilegal. Desenvolver sectores da comercialización e transformación cun elevado potencial de crecemento reforzando tamén a cadea de innovación.</p> <p>Resultados esperados: Incrementar e manter o emprego no sector da pesca. Incrementar o volume de produción e o beneficio neto nas empresas do sector pesqueiro e da acuicultura sostible. Aumentar o nº de asociados ás Organizacións de Produtores. Mellorar a presenza no exterior das empresas do sector pesqueiro. Mellorar a competitividade dos produtos da pesca e da acuicultura e a trazabilidade a través de medios telemáticos. Mellorar a calidade certificada ou marcas de calidade.</p>					
Indicador financeiro	Denominación dos principais obxectivos operativos	Orzamento inicial (a) M€	Orzamento definitivo (b) M€	Obrigas recoñecidas (c) M€	Executado Inicial (%) (c) / (a)	% sobre o total executado do OE
	Mellorar a organización dos mercados dos produtos da pesca e da acuicultura.	5,9	10,9	10,7	181,4	50,6
	Equilibrar as capacidades pesqueiras ás posibilidades de pesca.	14,9	6,8	4,6	31,1	22
	TOTAL OE	61,3	25,3	21,2	34,5	100
Indicadores de produtividade (IIPP)	Denominación				Valor realizado 2016	V. Acumulado 2015-2016
	Axudas concedidas ao sector pesqueiro e acuícola. (Número).				611	611
Indicadores de resultado (IIRR)	Denominación	Valor base (V₀)	Valor previsto (VP_t)	Valor observado (VO_t)	Valor previsto 2020 (V_t)	Grao de eficacia (VO_t) / (VP_t) - 1
	Produción do sector pesqueiro. (Miles de €).	1.053.139 (2013)	1.081.689 (2014)	1.159.475 (2014)	1.270.000	Alto
	Porcentaxe sobre PIB do valor engadido bruto do sector pesqueiro.	2,1 (2014)	2,1 (2014)	2,1 (2014)	2,2	Alto
Conclusións	<ul style="list-style-type: none"> - O sector pesqueiro e acuícola en Galicia segue a ter un peso significativo na produción total. Necesidade de mellorar a competitividade do sector pesqueiro e da acuicultura, coa mellora da calidade, da presentación, trazabilidade e información ao consumidor/a sobre os produtos da pesca. - A execución financeira das actuacións deste OE é baixa na comparativa co orzamento inicial. Sen embargo, respecto ao orzamento definitivo acadase un grao de eficacia medio (83,8%). - Desenvolvemento de actuacións ligadas ao obxectivo estratéxico, sobre todo de axudas ás empresas do sector e de mantemento do esforzo pesqueiro adecuado á sustentabilidade do medio. 					

Programas de gasto	- En 2016 concedéronse 611 axudas ao sector pesqueiro e acuícola.
	- Os indicadores de resultado acadan un grao alto de eficacia.
	723A; 723B

Obxectivo estratéxico OE.3.1.13 Dinamizar as zonas pesqueiras, impulsando un modelo transversal de desenvolvemento sostible.						
Revisión da lóxica de intervención	<p>Diagnóstico: As zonas pesqueiras enfróntanse con problemas que inclúen o despoboamento, envellecemento, dispersión territorial, declive económico, degradación ambiental, dificultades de reposición laboral ou paro e déficit de servizos públicos.</p> <p>Necesidades: Utilizar eficientemente os recursos naturais e sobre todo, explotalos de forma sustentable. Expor políticas de apoio dirixidas a fixar e atraer á poboación ás zonas costeiras. Reforzar a gobernanza local. Mellorar a competitividade do sector da pesca e a acuicultura e aproveitar ao máximo os mercados potenciais con obxecto de manter e crear novos empregos no sector. Aproveitar ao máximo os mercados potenciais, que poderán ser fonte de novos postos de traballo. Apoiar actuacións dirixidas a potenciar e engadir valor ás actividades e produtos da pesca e a acuicultura.</p> <p>Resultados esperados: Mellorar da competitividade de pequenas e medianas empresas das zonas de pesca. Engadir valor aos produtos da pesca e acuicultura. Dinamizar, mellorar a formación e promover o intercambio de experiencias e cooperación.</p>					
Indicador financeiro	Denominación dos principais obxectivos operativos	Orzamento inicial (a) M€	Orzamento definitivo (b) M€	Obrigas recoñecidas (c) M€	Executado Inicial (%) (c) / (a)	% sobre o total executado do OE
	Axudas para o desenvolvemento sostible das zonas pesqueiras.	8,3	4,4	1,3	15,3	98,8
	TOTAL OE	9,1	4,4	1,3	14	100
Indicadores de produtividade (IIPP)	Denominación				Valor realizado 2016	V. Acumulado 2015-2016
	Axudas concedidas para o desenvolvemento sostible das zonas pesqueiras. (Número).				108	108
Indicadores de resultado (IIRR)	Denominación	Valor base (V ₀)	Valor previsto (VP _i)	Valor observado (VO _i)	Valor previsto 2020 (V _t)	Grao de eficacia (VO _t) / (VP _t) - 1
	Emprego creado. (UTA -Unidades de traballo ano).	200 (10-14)	133 (15-16)	120 (15-16)	400(15-20)	Baixo
	Emprego mantido. (UTA -Unidades de traballo ano).	213 (10-14)	138 (15-16)	113 (15-16)	413(15-20)	Baixo
	Número de negocios creados.	60 (10-14)	36,7 (15-16)	12 (15-16)	110(15-20)	Baixo
Conclusións	<ul style="list-style-type: none"> - Desenvolver a sustentabilidade das zonas de pesca, marisqueo e acuicultura, co desenvolvemento das empresas e produtoras do sector da pesca e así mesmo, diversificar a produción. - Os recursos destinados a este OE presentan unha eficacia financeira baixa. - Desenvolvemento de actuacións ligadas ao obxectivo, entre as que cómpre salientar as axudas para o desenvolvemento sostible das zonas pesqueiras. - En 2016 concedéronse 108 axudas para o desenvolvemento sostible das zonas pesqueiras. - Os tres indicadores de resultado presentan un grao de eficacia baixo. 					
Programas de gasto	723C					

4.3.2. PA.3.2. Enerxía renovable eficiente, intelixente e non agresiva co medio ambiente e a paisaxe. Fomento dunha economía baixa en carbono

Obxectivo estratéxico	OE.3.2.01: Fomentar a mobilidade sustentable e alternativa, promovendo a utilización do transporte público colectivo e facéndoo máis atractivo. Garantir a intermodalidade e a conexión entre diferentes modos de transporte e a conexión urbana-rural e promover a eficiencia no transporte de mercadorías.					
Revisión da lóxica de intervención	<p>Diagnóstico: No ano 2015 o consumo enerxético do sector transporte en Galicia ascendeu a 1.903 ktep, un 31,5% do total do consumo en Galicia. A nivel nacional, o consumo enerxético do sector transporte foi de 33.429 ktep en 2012, o 39% do total, cun descenso de algo máis dun 7% respecto do ano 2011. O maior consumo dentro do sector transporte corresponde ao transporte por estrada (76%) seguido a moita distancia polo transporte aéreo (16%). No relativo aos datos de transporte de viaxeiros/as, nas áreas metropolitanas contempladas dentro do Plan Metropolitano de Galicia (A Coruña, Ferrol, Santiago e Lugo), o número de billetes vendidos no transporte metropolitano no ano 2016 foi de 13.907.663</p> <p>Necesidades: Mellorar a mobilidade e a accesibilidade e a intermodalidade entre os diferentes modos de transporte público de viaxeiros/as nas áreas metropolitanas. Mellorar a intermodalidade entre os diferentes modos de transporte público de viaxeiros/as, en especial nas áreas metropolitanas. Acadar unha maior eficiencia e competitividade do sector galego de transporte público de mercadorías. Modernizar os sistemas de información aos usuarios/as do transporte público de viaxeiros.</p> <p>Resultados esperados: Incrementar a utilización do transporte público colectivo e modificar os hábitos cara unha menor utilización do vehículo privado, dotando ás persoas usuarias de medidas e infraestruturas de fomento da mobilidade alternativa e a intermodalidade entre os diferentes modos de transporte, e a mellora da competitividade do sector de transporte público de mercadorías.</p>					
Indicador financeiro	Denominación dos principais obxectivos operativos	Orzamento inicial (a) M€	Orzamento definitivo (b) M€	Obrigas recoñecidas (c) M€	Executado Inicial (%) (c) / (a)	% sobre o total executado do OE
	Desenvolver e xestionar o Plan de Transporte Metropolitano de Galicia.	10,1	10,9	10,8	107	57,8
	Actuacións e medidas destinadas a acadar a intermodalidade entre o transporte de viaxeiros en ferrocarril e en autobús interurbano e metropolitano.	2,5	2,7	2,1	86,1	11,3
	TOTAL OE:	17,8	19,5	18,8	105,4	100
Indicadores de produtividade (IIPP)	Denominación				Valor realizado 2016	V. Acumulado 2015-2016
	Número de viaxes realizadas en transporte metropolitano				13.850.089	26.535.481
Indicadores de resultado (IIRR)	Denominación	Valor base (V0)	Valor previsto (VPt)	Valor observado (VOt)	Valor previsto 2020 (Vf)	Grao de eficacia (VOt) / (VPt) - 1
	Número de usuarios que utilizan o transporte metropolitano en autobús en Galicia dentro das áreas constituídas ao efecto en aplicación do Plan de Transporte Metropolitano de Galicia.	10.924.951 (2014)	12.960.847 (2016)	13.907.663 (2016)	18.241.527	Alto
Conclusións	<ul style="list-style-type: none"> - Progresivo uso do transporte metropolitano. - O grao de eficacia financeira dos recursos destinados á mobilidade sustentable e alternativa é alto. - Desenvolvemento de actuacións directamente vinculadas co obxectivo estratéxico. - En 2016 realizáronse 13, 9 millóns de viaxes en transporte metropolitano, un 9% máis ca o ano anterior. O orzamento definitivo de 2016 foi un 19% menor ao de 2015. - O indicador de resultado presenta un grao de eficacia alto. 					

Programas de gasto

512A

Objetivo estratéxico	OE.3.2.02 Aumentar o peso das enerxías renovables no mix enerxético e favorecer o paso a unha economía de baixo nivel de emisión de carbono.					
Revisión da lóxica de intervención	<p>Diagnóstico: Respecto ao consumo de enerxía primaria por fonte, para o ano 2015, de acordo cos datos do Balance Enerxético de Galicia elaborado polo INEGA, o 48,3% do consumo de enerxía primaria procedía do petróleo, o 19,8% ao carbón, o 20,7% de enerxías renovables e o 11,2% de gas natural. Nos últimos 11 anos a porcentaxe de enerxía primaria procedente de fontes renovables aumentou 10 puntos desde o 11,7% de 2005. Esta situación prodúcese a pesar do papel relevante das enerxías renovables na xeración de enerxía eléctrica en Galicia, dado que a electricidade de orixe renovable representa en torno ao 51,4 % do total de electricidade xerada na Comunidade Galicia.</p> <p>Necesidades: Articular a cadea de valor dende a consecución do recurso (no monte, explotacións forestais, industriais madeireiras) ata a fabricación do combustible (plantas de pellets, estelas, etc), pasando pola adaptación das tecnoloxías de aproveitamento térmico da biomasa (fabricación de caldeiras e compoñentes) e a difusión das súas vantaxes para o usuario final (industria, servizos, particulares).</p> <p>Resultados esperados: Aumentar o peso das renovables para garantir o cumprimento dos obxectivos vinculantes en materia de renovables para o ano 2020 e favorecer o paso a unha economía de baixo nivel de emisión de carbono, mediante o fomento de produción e distribución de enerxía derivada de fontes renovables. En particular, crear unha auténtica industria da biomasa que englobe dende os propietarios do monte ata o usuario final, ben sexa particular, empresa ou Administración Pública (con medidas de fomento para a instalación de caldeiras).</p>					
Indicador financeiro	Denominación dos principais obxectivos operativos	Orzamento inicial (a) M€	Orzamento definitivo (b) M€	Obrigas recoñecidas (c) M€	Executado Inicial (%) (c) / (a)	% sobre o total executado do OE
	Instalación de grandes caldeiras industriais e proxectos integrais que aproveiten a biomasa como recurso renovable autóctono dentro das administracións e os sectores industrial e de servizos.	8,6	5,5	2,2	25,5	30,5
	Uso das tecnoloxías de aproveitamento térmico da biomasa para particulares.	3	3	2,8	91,4	38,6
	TOTAL OE	14,4	10,9	7,2	50	100
Indicadores de produtividade (IIPP)	Denominación				Valor realizado 2016	V. Acumulado 2015-2016
	Capacidade adicional para producir enerxía renovable. (MW (megawatts)).				35,2	72,6
	Axudas concedidas ao fomento das enerxías renovables. (Número).				1.577	3.015
Indicadores de resultado (IIRR)	Denominación	Valor base (V0)	Valor previsto (VPt)	Valor observado (VOT)	Valor previsto 2020 (Vf)	Grao de eficacia (VOT) / (VPt) - 1
	Capacidade de produción e distribución de enerxías renovables para usos térmicos en ktep.	437 (2013)	441 (2015)	575 (2015)	450	Alto
Conclusións	<ul style="list-style-type: none"> - A porcentaxe no consumo final bruto de enerxía procedente de enerxías renovables supera o 20% fixado como obxectivo na Estratexia Europa 2020, situándose nos últimos 3 anos en torno ao 40%. - O grao de eficacia financeira dos recursos destinados ao fomento de enerxías renovables é baixo. - Desenvolvemento de actuacións directamente vinculadas co obxectivo estratéxico. - En 2016 concedéronse 1.577 axudas ao fomento das enerxías renovables, un 10% máis ca en 2015, malia descenso do 30% do orzamento definitivo. O importe medio de axuda foi de 5.382 euros. Houbo un total de 72,6 MW de capacidade adicional para producir enerxía renovable cos proxectos apoiados polo INEGA, sendo o dato de 2016 un 6% menor ao de 2015. - O indicador de resultado reflicte unha considerable evolución da capacidade de produción e distribución de enerxías renovables para usos térmicos, ao ser o dato de 2016 superior ao obxectivo a 2020. 					
Programas de gasto	733A					

Obxectivo estratéxico	OE.3.2.03 Mellorar a eficiencia enerxética na edificación, nas infraestruturas e servizos públicos, avanzar na avaliación e mellora da eficiencia enerxética das empresas.					
Revisión da lóxica de intervención	<p>Diagnóstico: Galicia presenta unha intensidade enerxética primaria que case duplica o valor medio da media da UE, situándose en 219 ktep por 1.000 €, en 2015. A pesar de que se estabilizou nos últimos anos, segue en niveis excesivamente elevados. Ademais, as emisións de gases efecto invernadoiro en 2015 foron de 28,81 millóns de toneladas de CO2 equivalente, cun incremento do 5,7% con relación ao ano anterior.</p> <p>Necesidades: Mellorar a competitividade das empresas reducindo os custos enerxéticos a través dunha maior eficiencia enerxética. Reducir o consumo enerxético das infraestruturas públicas, incluíndo os edificios.</p> <p>Resultados esperados: Redución da intensidade enerxética do tecido empresarial, promover e aumentar o aforro e a eficiencia enerxética nas empresas e nas infraestruturas públicas, incluídos os edificios públicos, e nas vivendas de protección oficial, así como a consolidación da cultura das auditorías enerxéticas e a procura da eficiencia mediante o aforro enerxético no ámbito empresarial. Aumento substancial do aforro e a eficiencia enerxética nas infraestruturas públicas, incluídos os edificios públicos, e nas vivendas de protección oficial e fomentar a redución de emisións de CO2 na liña da estratexia europea 2020.</p>					
Indicador financeiro	Denominación dos principais obxectivos operativos	Orzamento inicial (a) M€	Orzamento definitivo (b) M€	Obrigas recoñecidas (c) M€	Executado Inicial (%) (c) / (a)	% sobre o total executado do OE
	Proxectos de aforro e eficiencia enerxética nas industrias e no sector servizos.	12,5	11,6	5,1	40,7	65,9
	Proxectos de aforro e eficiencia enerxética en edificacións xudiciais, administrativas, sociais, educativas, deportivas e sanitarias de Galicia.	4,1	4,8	1,6	39,7	21,2
	TOTAL OE	19,8	17,5	7,7	38,9	100
Indicadores de produtividade (IIPP)	Denominación				Valor realizado 2016	V. Acumulado 2015-2016
	Redución do consumo de enerxía final en infraestruturas públicas ou empresas (Ktep/ano).				12,8	14,3
	Axudas concedidas en eficiencia enerxética. (Número).				490	613
Indicadores de resultado (IIRR)	Denominación	Valor base (V₀)	Valor previsto (VP_i)	Valor observado (VO_i)	Valor previsto 2020 (V_i)	Grao de eficacia (VOT) / (VPT) - 1
	Intensidade enerxética final. (ktep/Millóns de euros constantes do ano 2008).	0,112 (2013)	0,111 (2015)	0,1114 (2015)	0,11	Alto
Conclusións	<ul style="list-style-type: none"> - O grao de eficacia financeira dos recursos destinados á eficiencia enerxética é baixo. - Desenvolvemento de actuacións directamente vinculadas co obxectivo estratéxico. - Os indicadores clave de produtividade manifestaron considerables incrementos. En 2016 concedéronse 490 axudas a proxectos de eficiencia enerxética polo INEGA, un 300% máis ca en 2015. Ademais concedéronse un total de 5.714 axudas do programa de tiquet eléctrico social pola DX Enerxía e minas, nestes dous anos, e 1.306 axudas en 2016 do Plan renove de fiestras. Houbo un total de 14,3 ktep/ano de redución do consumo de enerxía final en infraestruturas públicas ou empresas na vixencia do PEG, cun importante incremento en 2016. - O indicador de resultado reflicte que xa se conseguiu co valor observado en 2015 o obxectivo establecido a 2020. 					
Programas de gasto	733A					

4.3.3. PA.3.3. Potenciación do turismo en Galicia a partir dun medio ambiente e cultura privilexiados

Obxectivo estratéxico	OE.3.3.01 Reforzar o atractivo turístico e situar a Galicia como destino único a través dun modelo máis competitivo, sustentable e adaptado aos cambios do mercado.					
Revisión da lóxica de intervención	<p>Diagnóstico: A oferta turística en Galicia está formada a principios de 2017, por máis de 3.400 aloxamentos turísticos que ofrecen máis de 138.000 prazas. Os viaxeiros e viaxeiras que se aloxaron en establecementos turísticos galegos (establecementos hoteleiros, campamentos turísticos, apartamentos turísticos e aloxamentos de turismo rural) superaron a cifra de 4,93 millóns en 2016, un 7,4% máis que o ano anterior e que representa o 4,0% do total de viaxeiros en España.</p> <p>O 72,0% dos viaxeiros en Galicia son residentes en España, mentres que no con-xunto do Estado hai un equilibrio na distribución dos viaxeiros residentes (50,2%) e non residentes (49,8%). A evolución nos últimos anos do número de viaxeiros, amosa unha recuperación desde 2013, especialmente significativa nos dous últimos anos, onde as pernoctacións crecen a un ritmo próximo ao 10%. A estadia media ao longo de 2016 situase en 2 días, 3,7 días en España.</p> <p>Necesidades: Posicionar e consolidar a Galicia como marca e como destino diferencial e multiexperencial a nivel interno, nacional e internacional cunha oferta de calidade, segmentada e desestacionalizadora. Acadar un modelo turístico sustentable e afianzar un sector turístico galego competitivo, proactivo, innovador e coordinado, con visión internacional e lograr un maior gasto por turista.</p> <p>Resultados esperados: Aumentar o número de turistas nacionais e internacionais que visitan a nosa Comunidade Autónoma, así como a súa estadia media. Incrementar o mercado internacional con preferencia en tempada media ou baixa e o mercado interno que posúe unha maior accesibilidade durante todo o ano.</p> <p>Incrementar o gasto medio mediante unha mellora da calidade dos produtos ofrecidos, incrementando a competitividade e a sustentabilidade.</p>					
Indicador financeiro	Denominación dos principais obxectivos operativos	Orzamento inicial (a) M€	Orzamento definitivo (b) M€	Obrigas recoñecidas (c) M€	Executado Inicial (%) (c) / (a)	% sobre o total executado do OE
	Gastos de Persoal.	10,5	10,5	9,2	87,6	23,1
	Promoción nacional e internacional da oferta turística de Galicia.	7	5,9	5,7	81,6	13,8
	Colaboración con outras administracións e o sector turístico privado para a mellora, fortalecemento, complementariedade e promoción da oferta turística.	6,4	6,7	6,5	101,2	15,7
	Desenvolvemento e promoción de recursos turísticos naturais e culturais.	5,4	5,3	5,3	97,7	12,8
	TOTAL OE	44	43,5	41,5	94,2	100
Indicadores de produtividade (IIPP)	Denominación				Valor realizado 2016	V. Acumulado 2015-2016
	Accións de mellora sobre o Camiño de Santiago. (Número).				46	101
	Accións de promoción de produtos turísticos. (Número).				475	849
	Axudas concedidas para potenciar o turismo en Galicia. (Número).				8	17
Indicadores de resultado (IRR)	Denominación	Valor base (V₀)	Valor previsto (VP_t)	Valor observado (VO_t)	Valor previsto 2020 (V_t)	Grao de eficacia (VO_t) / (VP_t) - 1
	Pernoitas en establecementos turísticos. (Noites).	8.486.554 (2014)	8.536.248 (2016)	10.053.721 (2016)	8.636.510	Alto
Conclusións	<ul style="list-style-type: none"> - Dinamismo do sector turístico galego nos últimos anos. - Os recursos destinados ao fomento do turismo presentan un grao de eficacia financeira alto. - Desenvolvemento de actuacións directamente vinculadas co obxectivo estratéxico, tanto de fomento da demanda de Galicia como destino turístico como da mellora da oferta dos recursos turísticos. Cobran tamén especial relevancia as actuacións de mellora do camiño de Santiago. - En 2016 houbo un incremento interanual do 27% do número de accións de promoción de produtos turísticos con 475 accións e 849 nos dous anos. Nos 					

Programas de gasto	restantes indicadores houbo descensos, do 16% e 11%, respectivamente, de número de accións de mellora sobre o camiño de Santiago e axudas concedidas para potenciar o turismo de Galicia. O orzamento tivo un incremento do 4,2%. - O indicador de resultado reflicte que xa se conseguiu co valor observado en 2016 o obxectivo establecido a 2020. 761A
---------------------------	---

4.3.4. PA.3.4. Conservación da natureza, ordenación do territorio e da paisaxe e cohesión territorial

Obxectivo estratéxico	OE.3.4.01 Completar o proceso de ordenación urbanística do territorio galego, fomentando a participación da cidadanía no mesmo e a protección do solo e apoio á administración local.					
Revisión da lóxica de intervención	<p>Diagnóstico: Nas últimas décadas os territorios rurais sufriron un forte desprazamento de poboación e de actividades económicas cara aos contornos urbanos. Hoxe Galicia é fundamentalmente urbana; o 51,8% da poboación vive en zonas densamente poboadas ou cun grao de urbanización alto e ocupa o 6,4% da superficie. Nas zonas cun grao de urbanización intermedio vive o 29,9% da poboación nun 23,0% da superficie. A zona rural ocupa o 70,6% da superficie co 18,3% da poboación. A crise económica manifestouse na dificultade para a prestación dos servizos públicos, e agudizouse nos concellos con escasa poboación e escasos medios económicos. Os 160 concellos con menor poboación concentran o 10% do total poboacional e os 20 concellos con maior poboación o 50%.</p> <p>Necesidades: Establecer as zonas urbanas como marcos de planificación e programación de infraestruturas, equipamentos e servizos de ámbitos supramunicipais. Consolidar unha rede de vilas e pequenas cidades, capaces de dotar dunha adecuada base urbana e de servizos ao conxunto do territorio. Consolidar unha rede de núcleos de pequeno e mediano tamaño capaces de asegurar a viabilidade demográfica e a xestión de procesos de desenvolvemento de todos os municipios. Potenciar os núcleos rurais de Galicia, outorgando prioridade á súa rehabilitación. Potenciar e apoiar a modernización da administración pública local e o establecemento, mellora e prestación dos servizos, incluídos os telemáticos, por parte dos concellos.</p> <p>Resultados esperados: Completar o proceso de ordenación urbanística do territorio galego. Adaptar a lexislación urbanística as novas demandas de implantación de usos e de remate das zonas periurbanas e fomentar a protección da paisaxe. Reducir as diverxencias territoriais nas posibilidades de acceso aos servizos mínimos e esenciais e mediante a modernización da administración local para a prestación de servizos públicos dixitais e de calidade.</p>					
Indicador financeiro	Denominación dos principais obxectivos operativos	Orzamento inicial (a) M€	Orzamento definitivo (b) M€	Obrigas recoñecidas (c) M€	Executado Inicial (%) (c) / (a)	% sobre o total executado do OE
	Apoio ás corporacións locais (Fondo de cooperación local).	116,1	116,1	116,1	100	74,7
	Accións de mellora de infraestruturas e servizos públicos e realización de programas conxuntos coas entidades locais.	14,7	27,5	24,9	169,6	16,0
	Accións para racionalizar o crecemento residencial urbano e dos núcleos rurais.	6,4	5	3,7	58,5	2,4
	TOTAL OE	152,8	163,7	155,4	101,7	100
Indicadores de produtividade (IIPP)	Denominación				Valor realizado 2016	V. Acumulado 2015-2016
	Actuacións de mellora de contornos urbanos e dos núcleos rurais. (Número).				74	87
	Entidades locais beneficiadas en actuacións destinadas á conservación, reposición e restauración do medio ambiente. (Número).				188	355
	Entidades locais beneficiadas en actuacións de creación, mellora e ampliación servizos locais básicos. (Número).				152	400
	Ordes de reposición da legalidade urbanística executadas de forma voluntaria. (Número).				157	307
	Ordes de reposición da legalidade urbanística executadas subsidiariamente pola administración. (Número).				25	34
Indicadores de resultado (IRR)	Denominación	Valor base (V₀)	Valor previsto (VP_t)	Valor observado (VO_t)	Valor previsto 2020 (V_t)	Grao de eficacia (VOT) / (VPt) - 1
	Concellos con implantación da administración electrónica. (Número)	29 (2015)	47 (2016)	55 (2016)	314	Alto
	Concellos que xestionen de xeito compartido os servizos públicos. (Número).	1 (2015)	1 (2016)	2 (2016)	4	Alto
Conclusións	<ul style="list-style-type: none"> - O grao de eficacia financeira neste obxectivo estratéxico é alto. - Desenvolvemento de actuacións directamente vinculadas co obxectivo estratéxico, entre as que salientase o fondo de cooperación local. 					

	<ul style="list-style-type: none">- En 2016 houbo un elevado incremento do número de actuacións de mellora de contornos urbanos e dos núcleos rurais. Houbo máis transferencia ás entidades locais para servizos básicos en 2015 mentres que en 2016 houbo maior número de entidades apoiadas para levar a cabo actuacións destinadas á conservación, reposición e restauración do medio ambiente. A Axencia de protección da legalidade urbanística ditou un total de 341 ordes de reposición da legalidade urbanística, nestes 2 anos, das que a maioría (90%) foron executadas de forma voluntaria. O orzamento global do OE tivo un incremento do 6%.- Os indicadores de resultado presentan un grao de eficacia alto.
Programas de gasto	141A, 521A, 811B

Objetivo estratégico	OE.3.4.02 Garantir un estado de conservación favorable do patrimonio natural, impulsando unha xestión e protección eficiente e sustentable.					
Revisión da lóxica de intervención	<p>Diagnóstico: Os recursos naturais e os espazos de interese ambiental son un dos activos diferenciais e claves para o desenvolvemento territorial de Galicia. É preciso buscar un desenvolvemento equilibrado, entre o máximo aproveitamento dos seus recursos e a conservación do patrimonio natural e cultural. Galicia atópase na media estatal en canto a superficie declarada como espazo natural protexido (12,05% fronte ao 12,38% estatal). En canto á Rede Natura 2000, Galicia ten declarado o 11,86% do seu territorio como espazo protexido fronte ao 27% da media estatal.</p> <p>Necesidades: Compatibilizar as actividades económicas coa protección dos espazos protexidos, hábitats e especies. Combater o abandono do rural que propicia, entre outras cousas, a aparición de lumes que menoscaban o patrimonio natural. Loitar contra o cambio climático favorecendo o mantemento dos espazos nun estado de conservación adecuado e garantindo a calidade de vida e a saúde das persoas. Posta en valor das actividades que se desenvolven na área socioeconómica dos espazos protexidos. Promoción dun turismo sustentable.</p> <p>Resultados esperados: Asegurar a conservación da biodiversidade, mediante medidas que garantan a mellora do estado dos hábitat e das especies, consolidando un modelo sustentable de explotación das áreas protexidas que garanta o mantemento dos espazos protexidos e sirva de sustento á poboación que vive e traballa neles.</p>					
Indicador financeiro	Denominación dos principais obxectivos operativos	Orzamento inicial (a) M€	Orzamento definitivo (b) M€	Obrigas recoñecidas (c) M€	Executado Inicial (%) (c) / (a)	% sobre o total executado do OE
	Gastos de Persoal.	16	16,6	16,5	103,1	64,7
	Mantemento das condicións ambientais necesarias para a conservación ou recuperación de especies relacionadas co medio agrario e os seus hábitats en zonas da Rede Natura 2000 e outras áreas de alto valor natural.	9,3	6,7	5,8	62,2	22,5
	TOTAL OE	27,9	27	25,6	91,8	100
Indicadores de produtividade (IIPP)	Denominación				Valor realizado 2016	V. Acumulado 2015-2016
	Axudas en materia de conservación da natureza. (Número).				2.678	3.002
	Número de efectivos. (Postos de traballo equivalentes a tempo completo).				526	532 (Promedio)
	Actuacións vinculadas co uso público. (Número).				93	179
	Actuacións vinculadas coa mellora do coñecemento e do estado de conservación de hábitats e especies silvestres. (Número).				63	145
Indicadores de resultado (IIRR)	Denominación	Valor base (V₀)	Valor previsto (VP_t)	Valor observado (VO_t)	Valor previsto 2020 (V_t)	Grao de eficacia (VO_t) / (VP_t) - 1
	Número de instrumentos de planificación específicos aprobados dos espazos incluídos na Rede Galega de Espazos Protexidos.	7 (2014)	9 (2016)	9 (2016)	16	Alto
Conclusións	<ul style="list-style-type: none"> - En Galicia a Rede Natura ocupa ao 12% do territorio, por debaixo da media estatal. - O grao de eficacia financeira dos recursos destinados ao patrimonio natural é alto. - Desenvolvemento de actuacións directamente vinculadas co obxectivo estratéxico, entre as que a vixilancia, conservación e protección do medio natural que realizan os efectivos e axentes forestais teñen relevancia. - O orzamento global do OE tivo un descenso do 7,9%. En 2016 houbo 2.678 axudas en materia de conservación da natureza. O número de efectivos en 2016, 526, foi similar aos do ano anterior. Houbo un incremento do 8% nas accións vinculadas ao uso público, ao contrario das vinculadas coa mellora do coñecemento e do estado de conservación de hábitats e especies silvestres. - O indicador de resultado alcanza un grao alto de eficacia. 					
Programas de gasto	541B					

Obxectivo estratéxico	OE.3.4.03 Potenciar a integración e a consideración da paisaxe na acción do Goberno e identificar e caracterizar os valores e as potencialidades da paisaxe de Galicia cara a súa protección e xestión.					
Revisión da lóxica de intervención	<p>Diagnóstico: Unha das principais características de Galicia é a súa riqueza paisaxística. A súa situación xeográfica, a proximidade do océano, os milleiros de ríos que sucán este territorio, unha elevada diversidade biolóxica, etc., configuran unha riqueza paisaxística única e irrepitible. Na paisaxe galega, atópanse unha multitude de elementos tradicionais arquitectónicos de gran valor patrimonial; un dos elementos máis destacados é o Camiño de Santiago. Este patrimonio abundante, rico e diverso, é unha das claves para o desenvolvemento territorial.</p> <p>Necesidades: Integrar a paisaxe nas políticas de ordenamento territorial e urbanístico e nas súas políticas ambientais, do patrimonio cultural, agrícolas, forestais, sociais, turísticas, industriais e económicas, así como en calquera outra política sectorial que poida producir un impacto directo ou indirecto sobre a paisaxe. Mantemento e actualización da información xeográfica e cartográfica necesaria para o desenvolvemento de estudos territoriais e o seguimento dos instrumentos de ordenación do territorio.</p> <p>Resultados esperados: Contribuír a que a cidadanía en xeral e a comunidade educativa en particular adquiera cultura sobre a sustentabilidade territorial e sensibilización sobre o medio ambiente, e en particular sobre a paisaxe. Establecer catálogos e directrices da paisaxe, con carácter vinculante en urbanismo, co obxecto de protexer, xestionar e ordenar a paisaxe de Galicia. Elaborar, manter e actualizar a información xeográfica e cartográfica necesaria para o desenvolvemento de estudos territoriais que contribúan a protección da paisaxe e o seguimento dos instrumentos de ordenación do territorio.</p>					
Indicador financeiro	Denominación dos principais obxectivos operativos	Orzamento Inicial (a) M€	Orzamento definitivo (b) M€	Obrigas recoñecidas (c) M€	Executado Inicial (%) (c) / (a)	% sobre o total executado do OE
	Gastos de Persoal.	1,9	2,4	2,3	121,1	78,3
	Aprobación do Atlas das Paisaxes de Galicia.	0,2	0,5	0,5	216,3	16,9
	TOTAL OE	2,6	3,1	3,1	120,2	100
Indicadores de produtividade (IIPP)	Denominación				Valor realizado 2016	V. Acumulado 2015-2016
	Actuacións de estudo, difusión e promoción. (Número).				9	13
Indicadores de resultado (IIRR)	Denominación	Valor base (V₀)	Valor previsto (VP_t)	Valor observado (VO_t)	Valor previsto 2020 (V_t)	Grao de eficacia (VO_t) / (VP_t) - 1
	Superficie de paisaxe catalogada. (Hectáreas).	294.381 (2012)	933.067 (2016)	2.957.440 (2016)	2.957.440	Alto
Conclusións	<ul style="list-style-type: none"> - Catalogadas as unidades de paisaxe de todo o territorio galego e delimitadas as áreas de especial interese paisaxístico - O grao de eficacia financeira neste obxectivo estratéxico é alto. - Desenvolvemento de actuacións directamente vinculadas co obxectivo estratéxico. - O orzamento global do OE tivo un descenso do 27,7%, mentres que houbo un maior número de actuacións de estudo, difusión e promoción. - O indicador de resultado reflicte que xa se conseguiu, co valor observado en 2016, o obxectivo establecido a 2020. 					
Programas de gasto	541E					

Obxectivo estratéxico	OE.3.4.04 Impulsar a sustentabilidade ambiental, desvinculando o crecemento económico da degradación do entorno, mediante o reforzamento do control e a observación ambiental.					
Revisión da lóxica de intervención	<p>Diagnóstico: Galicia é un territorio especialmente exposto ao cambio climático. Entre os riscos concretos derivados de cuestións ambientais destaca o elevado impacto dos incendios forestais ou as inundacións. O estado actual da calidade do aire ambiente en Galicia é moi bo, xa que os valores de concentración rexistrados cumpren con requisitos legais e non se superaron os valores límite en máis ocasións das permitidas. O obxectivo da Estratexia Europa 2020 de redución das emisións de gases de efecto invernadoiro de 100 a 80 en relación ao ano de referencia (1990), polo que respecta ao valor galego no ano 2015 é de 99,0 fronte a 116,6 do conxunto español. No relativo á calidade da auga o seu estado en xeral en Galicia pode cualificarse de bo.</p> <p>Necesidades: Avaliar a calidade do aire ambiente e os riscos que supón a contaminación atmosférica para a vexetación e os ecosistemas naturais e impulsar a modelización numérica da calidade do aire e a predición de sucesos especialmente contaminantes. Controlar os fenómenos adversos derivados de precipitacións e mellorar as redes de Observación Ambiental. Impulsar a investigación en meteoroloxía, oceanografía e prevención de riscos naturais. Fomentar nas empresas as novas tecnoloxías dirixidas á prevención e redución da contaminación.</p> <p>Resultados esperados: Garantir o bo estado do medio ambiente en Galicia de forma que se minimicen os impactos negativos do desenvolvemento económico sobre o medio natural e calidade de vida da poboación.</p>					
Indicador financeiro	Denominación dos principais obxectivos operativos	Orzamento inicial (a) M€	Orzamento definitivo (b) M€	Obrigas recoñecidas (c) M€	Executado Inicial (%) (c) / (a)	% sobre o total executado do OE
	Adquisición, calibración e mantemento de equipos de calidade do aire, meteorolóxicos e oceanográficos.	0,6	0,5	0,5	80,6	44,7
	Redes de observación, prevención de riscos e análises adaptación cambio climático.	3,7	0,6	0,1	3,5	11,7
	TOTAL OE	4,5	1,6	1,1	24,9	100
Indicadores de produtividade (IIPP)	Denominación				Valor realizado 2016	V. Acumulado 2015-2016
	Determinacións en materia de calidade do aire. (Número).				2.942.137	5.876.291
	Determinacións en materia de calidade da auga. (Número).				86.298	155.605
	Determinacións en materia de meteoroloxía. (Número).				114.682.215	221.976.438
Indicadores de resultado (IIRR)	Denominación	Valor base (V₀)	Valor previsto (VP_i)	Valor observado (VO_i)	Valor previsto 2020 (V_t)	Grao de eficacia (VOT) / (VPT) - 1
	Poboación exposta a calidade do aire mala ou mellorable. (%)	56,9 (2013)	51,9 (2016)	55,6 (2016)	46	Medio
Conclusións	<ul style="list-style-type: none"> - Paulatino descenso das emisións de CO2 aínda que seguen en niveis altos. - Este obxectivo estratéxico presenta un grao de eficacia financeira baixo. - Desenvolvemento de actuacións ligadas ao obxectivo estratéxico. - Dinamismo dos indicadores de mostras, sobre todo das determinacións en materia de meteoroloxía con máis de 114 millóns determinacións en 2016, un 5% máis ca o ano anterior. As determinacións en materia de calidade da auga incrementáronse nun 25% respecto a 2015 aínda que seguen a ser as de menor número. Por último realizáronse case 3 millóns de determinacións en materia de calidade de aire cifra similar a de 2015. - O indicador de resultado reflicte un escaso avance desde o dato de referencia, cun grao de eficacia medio, quedando lonxe do obxectivo a 2020. 					
Programas de gasto	541E					

4.3.5. PA.3.5. Pechar un modelo de tratamento de residuos e un modelo de ciclo da auga líder en Europa

OE.3.5.01 Conservar e protexer o medio ambiente e promover a eficiencia dos recursos a través da xestión sostible dos residuos e a restauración de espazos degradados.						
Revisión da lóxica de intervención	<p>Diagnóstico: Clara tendencia na redución de residuos que, nos últimos anos, se produce á conta de reducir os mesturados. A recollida selectiva tamén se reduce aínda que a moito menor ritmo. Iso pode ser indicativo de que existe unha mellor separación en orixe. Así, nos últimos dez anos, os residuos urbanos recollidos descenderon un 39,7%, os mesturados un 39,3% e a recollida selectiva un 21,8%. No que se refire á recollida selectiva de residuos urbanos e segundo datos da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, en 2015 case o 13% da cantidade de residuos urbanos recolleuse selectivamente. Dentro deste subapartado, a fracción orgánica representa o 32,5%, seguido do vidro e papel co 28 e 23%, respectivamente. O peso da recollida selectiva de envases ascende ao 15,8%.</p> <p>Necesidades: Evitar a saturación das plantas de tratamento de residuos urbanos. Impulsar a recollida selectiva de residuos. Eliminar os puntos de vertedura incontrolada en todo o territorio galego. Facilitar a comercialización do produto resultante do tratamento de residuos.</p> <p>Resultados esperados: Alcanzar os obxectivos determinados pola Directiva 2008/98/CE e a Lei 22/2011 de residuos e solos en materia de prevención, reutilización e reciclaxe.</p>					
Indicador financeiro	Denominación dos principais obxectivos operativos	Orzamento inicial (a) M€	Orzamento definitivo (b) M€	Obrigas recoñecidas (c) M€	Executado Inicial (%) (c) / (a)	% sobre o total executado do OE
	Control preventivo das actividades dos produtores e xestores de residuos.	4,7	10,6	8,6	183,6	55,7
	Medidas destinadas á restauración de espazos degradados.	1,3	1,3	1,3	100,0	8,8
	Gastos de Persoal.	5,1	5,3	5,2	102,2	34,2
	TOTAL OE	14,9	17,6	15,4	102,8	100
Indicadores de produtividade (IIPP)	Denominación				Valor realizado 2016	V. Acumulado 2015-2016
	Actuacións en rehabilitación do solo. (Número).				200	500
	Actuacións na xestión sustentable dos residuos domésticos. (Número).				3	10
	Actuacións na xestión sustentable dos residuos industriais. (Número).				5	13
Indicadores de resultado (IIRR)	Denominación	Valor base (V₀)	Valor previsto (VP_t)	Valor observado (VO_t)	Valor previsto 2020 (V_t)	Grao de eficacia (VOT) / (VPT) - 1
	Porcentaxe do volume de residuos domésticos recollidos selectivamente sobre a produción de residuos domésticos.	15,5 (2012)	20,6 (2016)	15,8 (2016)	27,3	Baixo
	Produción total de residuos domésticos. (Tm).	1.185.594 (2010)	1.091.452 (2016)	1.109.016 (2016)	1.032.882	Medio
Conclusións	<ul style="list-style-type: none"> - Insuficiente avance na recollida selectiva de residuos. - A execución financeira dos créditos destinados a este OE é alta, cunha porcentaxe do 102,8% de obrigas recoñecidas sobre orzamento inicial. Se comparamos co orzamento definitivo o grao de eficacia financeira é medio (87.5%). - Desenvolvemento de actuacións ligadas ao OE. Escaso porcentaxe dos recursos na actuación de implantación de sistemas que garantan un alto nivel de recollida selectiva, separación, reciclado e tratamento de residuos. - En 2016 houbo unha diminución tanto nos recursos destinados a este OE (8,1%) como dos valores dos tres indicadores respecto ao ano anterior. As actuacións en rehabilitación do solo, consistentes en adecuación, recuperación e limpeza de puntos de vertido incontrolado que afectan a espazos de interese ambiental, foron 200 en 2016. As actuacións na xestión sustentable dos residuos en total, tanto domésticos como industriais, ascenderon a 8 en 2016. 					

Programas de gasto	- A evolución dos indicadores de resultado é inferior ao esperado, cun grao de eficacia baixo no indicador de recollida selectiva e medio no tocante ao indicador de minoración de produción de residuos domésticos. 541D
--------------------	--

Obxectivo estratéxico	OE.3.5.02 Culminar as infraestruturas precisas para a mellora do estado das masas de auga, compatibilizando o ciclo natural da auga co ciclo do uso da auga, contando coa participación da cidadanía, nun marco de sustentabilidade que teña en conta os retos do cambio climático.					
Revisión da lóxica de intervención	<p>Diagnóstico: En Galicia, o ciclo natural da auga presenta destacadas especificidades en confrontación con outras zonas de España; existe unha multitude de pequenos ríos e de ecosistemas acuáticos ou ligados á auga de gran valor. En xeral, a calidade de augas, tanto superficiais, como subterráneas, é boa. Os datos dos plans hidrolóxicos revelan que das 750 masas de auga superficiais en Galicia, un 66,9% alcanzan o bo estado global. A dispoñibilidade de auga tanto de auga potabilizada, non potabilizada e captadas polas empresas repuntou levemente en 2014 no concerne a volume de auga potabilizada dispoñible, 303,7 hm³ (un 11,5% superior ao ano anterior), a non potabilizada creceu un 2,4% acadando a cifra de 280,8 hm³ e as captacións realizadas polas empresas foron de 281,4 hm³, catro décimas por debaixo da cifra do ano anterior. En canto ao consumo de auga obsérvase unha tendencia decrecente dende 2001 onde se distribuíron para abastecemento público 270,9 hm³ de auga, en 2014 este volume foi de 186,4 hm³, un 1,0% superior ao valor do ano anterior e un 31,2% inferior ao rexistrado no ano 2001. En canto ao volume total de auga residual tratada, en 2014 tratáronse 904.492 m³/día, o 6,7% do conxunto estatal. O volume de auga reutilizada ascende a 1.254 m³/día, que representa o 0,1% do total de España. No que se refire ás cotas de saneamento e depuración o importe total recadado ascende 81,4 millóns de euros (3,2% del total de España).</p> <p>Necesidades: Completar a extensión da rede de saneamento e acadar a máxima eficacia e eficiencia na explotación dos sistemas de saneamento e depuración, especialmente nas rías con zonas de produción de moluscos bivalvos. Compatibilizar un bo estado das masas de auga co desenvolvemento sostible de actividades económicas ligadas á auga. Diminuír a vulnerabilidade fronte aos riscos derivados de fenómenos meteorolóxicos e hidrolóxicos extremos, tales como enchentes e secas. Mellorar a eficiencia, regulación e control da xestión do ciclo do uso da auga.</p> <p>Resultados esperados: Mellorar o estado de todas as masas de auga dun xeito sustentable e que teña en conta as condicións meteorolóxicas e hidrolóxicas extremas que se poden sufrir.</p>					
Indicador financeiro	Denominación dos principais obxectivos operativos	Orzamento inicial (a) M€	Orzamento definitivo (b) M€	Obrigas recoñecidas (c) M€	Executado Inicial (%) (c) / (a)	% sobre o total executado do OE
	Garantir un acceso ós servizos básicos de abastecemento e saneamento e depuración os cidadáns de Galicia diminuíndo os desequilibrios territoriais existentes.	73,6	77,7	28,9	39,3	53,1
	Garantir a protección e mantemento do Dominio Público Hidráulico da demarcación hidrográfica Galicia Costa.	7,1	7	5,6	79,6	10,4
	TOTAL OE	139,9	105,6	54,5	38,9	100
Indicadores de produtividade (IIPP)	Denominación				Valor realizado 2016	V. Acumulado 2015-2016
	Poboación adicional beneficiada por unha mellor depuración de augas residuais. (Habitantes-equivalentes).					
	Poboación beneficiaria das medidas de prevención de inundacións. (Persoas).					
	Actuacións de abastecemento e saneamento e depuración. (Número).				40	160
	Volume das augas residuais tratadas nas EDARes. (Metros cúbicos/día).				158.702	291.375
	Actuacións de protección, conservación, mantemento e mellora do Dominio Público Hidráulico. (Número).				22	46
Indicadores de resultado (IIRR)	Denominación	Valor base (V₀)	Valor previsto (VP_t)	Valor observado (VO_t)	Valor previsto 2020 (V_t)	Grao de eficacia (VOT) / (VPT) - 1
	Porcentaxe de masas de auga que acadan ou manteñen un bo estado.	72 (2015)	--	--	87	--
Conclusións	<ul style="list-style-type: none"> - O grao de eficacia financeira dos recursos deste obxectivo estratéxico é baixo. - Desenvolvemento de actuacións directamente vinculadas ao OE, entre as que se atopan as relacionadas coa mellora e creación das infraestruturas de depuración, saneamento e distribución de augas. 					

	<ul style="list-style-type: none"> - En 2016 houbo unha diminución tanto nos recursos destinados a este OE (31,4%) como dos valores de dous indicadores de produtividade respecto ao ano anterior. Realizáronse 40 actuacións de abastecemento, saneamento e depuración en 2016. Tamén houbo un descenso das actuacións relativas ao Dominio Público Hidráulico (o 8%), acadando nestes 2 anos 46 actuacións. Porén, o dato de volume de augas residuais tratadas nas EDARs mostrou un incremento interanual do 20%, acadando os 158,7 mil metros cúbicos/día en 2016. - Non se coñece a evolución do indicador de resultado, xa que dito valor calcularase no informe intermedio do Plan de Augas a finais de 2017.
Programas de gasto	542A, 542B

4.4. Eixe 4. Sociedade dixital, lingua, cultura e reforzo do peso de Galicia no seu entorno

4.4.1. PA. 4.1. Desenvolvemento da economía dixital. Apoio á industria cultural e de medios como unha fonte de riqueza e impulso ao desenvolvemento da sociedade da información.

Obxectivo estratéxico	OE.4.1.01: Aumentar a oferta e o consumo da cultura mediante accións de dinamización cultural planificada e a través das actividades da industria cultural e creativa galega.					
Revisión da lóxica de intervención	<p>Diagnóstico: En 2015 hai 6.100 empresas con actividade en Galicia pertencentes ao sector cultural que xeran máis de 30.000 postos de traballo a tempo completo que representan o 3% do total.</p> <p>Necesidades: Impulsar os procesos de creación cultural, fomentar a demanda e o consumo cultural e promover a cultura dixital en todos os niveis do proceso cultural.</p> <p>Resultados esperados: Aumento da actividade creativa e mellora en cantidade e calidade da oferta das industrias culturais galegas. Mellora da súa competitividade, no mercado interior e de cara ao exterior, e da rendibilidade dos axentes e das empresas do sector cultural.</p>					
Indicador financeiro	Denominación dos principais obxectivos operativos	Orzamento inicial (a) M€	Orzamento definitivo (b) M€	Obrigas recoñecidas (c) M€	Executado Inicial (%) (c) / (a)	% sobre o total executado do OE
	Desenvolver desde a Cidade da Cultura de Galicia un programa interdisciplinar de acción cultural contemporánea; e impulsar unha estratexia de innovación do sistema cultural e creativo da nosa comunidade.	9,1	9,4	9,4	103,3	37,2
	Estimular a oferta de contidos nos ámbitos da cultura e a demanda de ditos contidos por parte da cidadanía.	8,3	8,7	8,7	104,7	34,4
	Fortalecer o tecido cultural de base e o tecido das industrias culturais e creativas.	6	4,3	4,1	67,6	16
	TOTAL OE	26,5	25,7	25,3	95,4	100
Indicadores de produtividade (IIPP)	Denominación				Valor realizado 2016	V. Acumulado 2015-2016
	Actuacións e programacións culturais desenvolvidas. (Número).				316	676
	Axudas concedidas ás artes escénicas, á música e ao sector audiovisual. (Número).				256	481
Indicadores de resultado (IIRR)	Denominación	Valor base (V₀)	Valor previsto (VP_i)	Valor observado (VO_i)	Valor previsto 2020 (V_t)	Grao de eficacia (VO_i)/ (VP_i)-1
	Número de asistentes aos actos culturais que integran as programacións promovidas pola Xunta de Galicia.	223.000 (2014)	228.528 (2016)	225.000 (2016)	240.000	Medio
Conclusións	<ul style="list-style-type: none"> - Se están a desenvolver actuacións directamente ligadas ao obxectivo estratéxico. - O grao de eficacia financeira dos recursos destinados á promoción da cultura e industria cultural é alto. - Na vixencia do PEG concedéronse 481 axudas ás artes escénicas, á música e ao sector audiovisual, cun importe medio por axuda nestes 2 anos de 16.525€. Houbo un incremento interanual en 2016 tanto do importe como do número de axudas, aínda que o indicador medrou en menor proporción (nun 14%). Desenvolvéronse 676 actuacións e programacións culturais. - O indicador de resultado segue unha tendencia axeitada para acadar o obxectivo a 2020, cun grao de eficacia medio. 					

Programas de gasto

432B, 432C

Obxectivo estratéxico	OE.4.1.02: Potenciar a comunicación social como instrumento de difusión da información e fomentar o acceso ás novas tecnoloxías dixitais.					
Revisión da lóxica de intervención	<p>Diagnóstico: En Galicia coexisten actualmente xornais nacionais e galegos. existen xornais sen datos de difusión, que escriben en castelán ou en galego. No ámbito radiofónico o escenario é similar. No que se refire ás televisións, coexisten as grandes cadeas nacionais coa TVG, V Televisión e as televisións de ámbito local.</p> <p>Necesidades: Apoiar aos medios de comunicación social como entidades que prestan un servizo de subministro de información. Fomentar o uso das novas tecnoloxías nos medios de comunicación. Aumentar o uso da lingua galega nos medios de comunicación e mellorar a formación e apoio ás políticas educativas.</p> <p>Resultados esperados: A cidadanía de Galicia debe recibir información plural, actualizada, accesible e veraz das actuacións, eventos e situacións que sexan do seu interese, incrementándose o uso da lingua galega nos medios de comunicación.</p>					
Indicador financeiro	Denominación dos principais obxectivos operativos	Orzamento inicial (a) M€	Orzamento definitivo (b) M€	Obrigas recoñecidas (c) M€	Executado Inicial (%) (c) / (a)	% sobre o total Executado do OE
	Accións de dinamización e consolidación do sector da comunicación.	3,6	4,3	4,3	120,8	71,1
	TOTAL OE	5,6	6	6	108,5	100
Indicadores de produtividade (IIPP)	Denominación				Valor realizado 2016	V. Acumulado 2015-2016
	Axudas concedidas aos medios de comunicación social. (Número).				49	96
Conclusións	<ul style="list-style-type: none"> - Desenvolvéronse actuacións de dinamización e consolidación do sector da comunicación, que absorben o 71,2% do orzamento total, e apoio ás políticas educativas. - O grao de eficacia financeira dos recursos destinados a potenciar a comunicación social é alto. - En 2016 concedéronse 49 axudas aos medios de comunicación social. E os datos da CRTVG reflicten un dato de máis de 11 millóns de visitas ás páxinas web de promedio, a emisión de 7.488 horas de programas de radio e de 6.601 horas de programas de televisión, en ambos casos producidos en Galicia, reflectindo o dato da televisión un lixeiro incremento interanual do 1%. - É necesario definir un indicador de resultado asociado ao obxectivo estratéxico de cara aos seguintes informes de seguimento. 					
Programas de gasto	461A					

Indicador financeiro	Denominación dos principais obxectivos operativos	Orzamento inicial (a) M€	Orzamento definitivo (b) M€	Obrigas recoñecidas (c) M€	Executado Inicial (%) (c) / (a)	% sobre o total executado do OE
Indicador financeiro	Emisión e produción de contidos de calidade de radio e televisión en galego.	92,1	94	94	102,1	99,1
	Accións de mellora e ampliación da rede de infraestruturas de comunicación e radiodifusión.	2,6	0,9	0,9	33,6	0,9
	TOTAL OE	94,8	94,9	94,9	100,2	100
Indicadores de produtividade (IIPP)	Denominación	Valor base (V ₀)	Valor previsto (VP _i)	Valor observado (VO _i)	Valor previsto 2020 (V _i)	V. Acumulado 2015-2016
Indicadores de produtividade (IIPP)	Actuacións de infraestrutura de comunicación e radiodifusión. (Número).				469	825
	Visitas ás páxinas web da Corporación RTVG. (Número).				11.196.062	22.509.664
	Emisión de programas de radio producidos en Galicia. (horas).				7.488	14.942
	Emisión de programas de televisión producidos en Galicia. (horas).				6.601	13.168
Indicadores de resultado (IIRR)	Denominación	Valor base (V ₀)	Valor previsto (VP _i)	Valor observado (VO _i)	Valor previsto 2020 (V _i)	Grao de eficacia (VO _i)/ (VP _i)-1
Indicadores de resultado (IIRR)	Usuarios da CRVTG. (de televisión e radioíntes).	910.000 (2016)	918.056 (2016)	951.000 (2016)	951.000 (TV e Radio)	Alto
Conclusións	<ul style="list-style-type: none"> - Avance no despregamento das infraestruturas de comunicación e aumento dos usuarios tanto de radio como de televisión, segundo os datos da CRTVG. - Desenvolvéronse actuacións directamente ligadas ao obxectivo estratéxico. - Os recursos destinados á promoción da cultura e industria cultural presentan un grao de eficacia financeira alto. - En 2016 houbo 469 actuacións en infraestruturas de comunicación e radiodifusión, referidas á adquisición de equipos e traballos para a recepción e de control de emisións, un 35% máis ca o ano anterior. Ademais os datos de audiencia do anos 2016 facilitados pola CRTVG son os seguintes: 134.000 oíntes de media diaria en radio e o 10,6% de cota de pantalla en televisión. - O indicador de resultado xa chegou, cos datos deste ano, ao obxectivo de alcanzar un total de 951.000 usuarios da CRTVG, xa que houbo 817.000 usuarios da televisión de Galicia, un 3,3% máis ca en 2015 e 134.220 da radio. 					
Programas de gasto	461B					

Obxectivo estratéxico						
OE.4.1.04: Mellorar o uso e a calidade das TIC e o acceso ás mesmas.						
Revisión da lóxica de intervención	<p>Diagnóstico: Galicia é a CA onde máis crecen as contratacións de servizos de banda larga no ámbito das TIC nos fogares e a terceira en incremento do uso de Internet pola poboación no período 2009-2014, aínda que ambos están por debaixo da media de España e da UE. No caso das empresas, con 10 ou máis asalariados, que dispoñen de páxina web, en 2016, Galicia achégase á media da UE-28 situándose a 0,7 puntos porcentuais. A interacción coa Administración Pública por parte das empresas para a presentación de impresos de forma electrónica é baixo.</p> <p>Necesidades: Avanzar cara a unha administración aberta e transparente que permita a relación integral coa cidadanía e empresas a través da administración electrónica. Desenvolver servizos públicos dixitais en todos os ámbitos. Lograr unha cidadanía altamente competente no ámbito dixital e completamente integrada na sociedade do coñecemento. Conformar un sector TIC competitivo e innovador. Evolucionar e dispoñer de infraestruturas de telecomunicacións de última xeración.</p> <p>Resultados esperados: Acadar a modernización tecnolóxica dos servizos públicos mediante proxectos vinculados á Administración electrónica e consolidar o e-Goberno e a incorporación das TIC e as novas posibilidades de xestión que estas ofrecen á Administración Pública para facilitar e facer máis eficientes as relacións coa cidadanía e as empresas.</p>					
Indicador financeiro	Denominación dos principais obxectivos operativos	Orzamento inicial (a) M€	Orzamento definitivo (b) M€	Obrigas recoñecidas (c) M€	Executado Inicial (%) (c) / (a)	% sobre o total executado do OE
	Valorización da Administración: avanzar cara a unha Administración dixital innovadora.	67,1	57,1	54,6	81,3	69
	Avanzar cara a unha administración aberta e transparente que permita a relación integral coa cidadanía e empresas a través da administración electrónica.	11,4	11,5	9,7	85,1	12,3
	TOTAL OE	96,4	83,8	79,1	82	100
Indicadores de produtividade (IIPP)	Denominación				Valor realizado 2016	V. Acumulado 2015-2016
	Poboación escolar que esta cuberta polos servizos públicos electrónicos educativos. (Persoas).				108.941	192.397
	Órganos xudiciais cubertos polo Expediente xudicial electrónico. (Número).				6	6
	Usuarios que teñen acceso ou están cubertos polas aplicacións/servizos de Administración electrónica.				65.879	116.758
	Número de procedementos teletramitables que se crean ou melloran coa operación.				429	715
Indicadores de resultado (IIRR)	Denominación	Valor base (Vo)	Valor previsto (VPi)	Valor observado (VOi)	Valor previsto 2020 (Vt)	Grao de eficacia (VOi)/ (VPi)-1
	Persoas que interactuaron coa Administración por Internet para obter información. (%).	67,8 (2014)	69,0 (2015)	69,1 (2015)	75	Alto
	Empresas de 10 ou máis traballadores que presentan impresos á Administración de forma electrónica. (%).	66,3 (2014)	69,2 (2016)	75,1 (2016)	75,3	Alto
	Empresas con menos de 10 empregados que presentan impresos á Administración de forma electrónica. (%).	32,3 (2014)	35,1 (2016)	40,7 (2016)	41,3	Alto
Conclusións	<ul style="list-style-type: none"> - A implantación das TIC entre a poboación e as empresas mellorou nos últimos anos, pero aínda non alcanzamos os niveis medios europeos. - O grao de eficacia financeira é medio se tomamos coma referencia o orzamento inicial e alto (94,4%) respecto ao orzamento definitivo. - Os indicadores de produtividade mostran que a poboación escolar cuberta por servizos electrónicos educativos alcanzou os 108.941 alumnos e que os usuarios que teñen acceso ou están cubertos polas aplicacións/servizos de Administración electrónica foron máis de 65.000. - Os indicadores de resultado mostran un grao de eficacia alto en relación aos valores previstos. 					
Programas de gasto	571A					

4.4.2. PA. 4.2. Conservación e promoción da riqueza cultural de Galicia.

Obxectivo estratéxico	OE.4.2.01: Fortalecer a programación e os servizos dispoñibles nas bibliotecas, arquivos, museos e centros de interpretación, para lograr a participación activa da cidadanía como usuaria destes servizos e como consumidora dunha oferta cultural de calidade.					
Revisión da lóxica de intervención	<p>Diagnóstico: A Rede de Bibliotecas de Galicia integra 7 bibliotecas de xestión autonómica ademais das 353 bibliotecas de titularidade pública local dependentes de concellos ou entidades públicas locais e outras nove bibliotecas públicas e de titularidade privada. O mapa galego, que se refire tanto a bibliotecas de titularidade pública como privada e de uso xeral integradas na Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia, parte dos datos do Censo de Bibliotecas Públicas de Galicia, que indica que todos os municipios galegos con poboación superior a 5.000 habitantes contan con biblioteca pública, sendo 257 os municipios que dispoñen de servizo bibliotecario activo. En 2015 houbo 1.394 libros en galego inscritos en ISBN que representan o 1,8% do total do Estado. En 2016 houbo máis de 300.000 visitantes aos museos de Galicia.</p> <p>Necesidades: Corrixir o desequilibrio territorial na prestación do servizo bibliotecario. Incrementar a presenza do libro en galego e a dixitalización e difusión a través da Biblioteca Dixital de Galicia. Aumentar a lectura na poboación galega. Ampliar as coleccións dos museos e os centros de interpretación do patrimonio cultural.</p> <p>Resultados esperados: Incremento da participación da sociedade nas actividades das bibliotecas, arquivos, museos e centros de interpretación, así como o aumento da oferta dos seus servizos, contidos e produtos.</p>					
Indicador financeiro	Denominación dos principais obxectivos operativos	Orzamento inicial (a) M€	Orzamento definitivo (b) M€	Obrigas recoñecidas (c) M€	Executado Inicial (%) (c) / (a)	% sobre o total executado do OE
	Elaboración dun plan da lectura de Galicia e mellora do sistema de acceso aos servizos bibliotecarios a través da virtualización e automatización dos servizos da Rede de Bibliotecas de Galicia.	2,9	2,4	2,4	84,3	16,5
	Preservar e promover as actividades e os contidos dos museos e centros de interpretación do patrimonio cultural.	2,5	1,9	1,9	77,5	13,2
	TOTAL OE	17,7	14,6	14,6	82,5	100
Indicadores de produtividade (IIPP)	Denominación				Valor realizado 2016	V. Acumulado 2015-2016
	Actividades culturais planificadas e executadas nas bibliotecas, museos e arquivos, así como nos centros de interpretación. (Número).				1.110	2.177
	Persoas que fan uso da rede de bibliotecas de Galicia. Homes.				316.000	630.232
	Persoas que fan uso da rede de bibliotecas de Galicia. Mulleres.				538.000	1.009.348
Indicadores de resultado (IIRR)	Denominación	Valor base (V₀)	Valor previsto (VP_t)	Valor observado (VO_t)	Valor previsto 2020 (V_t)	Grao de eficacia (VO_t)/ (VP_t)-1
	Número de asistentes ás actividades culturais realizadas nas bibliotecas, museos, e arquivos, así como nos centros de interpretación.	950.000 (2014)	966.383 (2016)	950.000 (2016)	1.000.000	Medio
Conclusións	<ul style="list-style-type: none"> - As redes de bibliotecas e axencias de lectura cobren unha alta porcentaxe dos concellos galegos. - Se tomamos coma referencia o orzamento definitivo o grao de eficacia financeira é alto (100%), mentres que respecto ao orzamento inicial os indicadores financeiros mostran un grao de eficacia medio cunha taxa do 82,5%. 					

Programas de gasto	- O número de persoas que fan uso da rede de bibliotecas de Galicia foi de 854.000, das que o 63,0% foron mulleres.
	- O indicador de resultado indica que o valor observado en 2016 está un 1,7% por debaixo do valor previsto polo que o grao de eficacia é medio.
	432A

Obxectivo estratéxico OE.4.2.02: Protexer, conservar, poñer en valor e difundir o patrimonio cultural.						
Revisión da lóxica de intervención	<p>Diagnóstico: Os bens inmobles declarados de interese cultural en Galicia ascenden en 2015 a 767 que representan o 4,4% dos do Estado. O 82% dos mesmos son monumentos. Hai catro bens galegos na Lista do Patrimonio Mundial da UNESCO dentro dos 45 de España, que, á súa vez, ocupa o terceiro lugar a nivel mundial.</p> <p>Necesidades: Aumentar as accións destinadas a investigar e ampliar o coñecemento sobre o patrimonio galego Axilizar e incrementar a incorporación dos bens integrantes do patrimonio cultural de Galicia ás distintas categorías de protección. Fomentar os estudos sobre as necesidades de conservación e promover a difusión e a posta en valor do patrimonio cultural.</p> <p>Resultados esperados: Incremento do patrimonio cultural de Galicia e mellora do seu estado de conservación e a situación e condicións de acceso a el por parte da cidadanía.</p>					
Indicador financeiro	Denominación dos principais obxectivos operativos	Orzamento inicial (a) M€	Orzamento definitivo (b) M€	Obrigas recoñecidas (c) M€	Executado Inicial (%) (c) / (a)	% sobre o total executado do OE
	Conservación, restauración, rehabilitación e posta en valor de bens que integran o patrimonio cultural.	4,7	3,7	3,2	68,8	23,6
	Difusión e ampliación do coñecemento sobre o patrimonio cultural.	0,5	0,8	0,8	146,5	5,6
	TOTAL OE	12,8	14,2	13,7	106,8	100
Indicadores de produtividade (IIPP)	Denominación				Valor realizado 2016	V. Acumulado 2015-2016
	Obras e proxectos de conservación, restauración, protección e promoción do patrimonio cultural. (Número).				116	210
Indicadores de resultado (IIRR)	Denominación	Valor base (V₀)	Valor previsto (VP_t)	Valor observado (VO_t)	Valor previsto 2020 (V_t)	Grao de eficacia (VO_t)/ (VP_t)-1
	Bens declarados de interese cultural (BIC). (Número).	3 (2014)	3 (2016)	3 (2016)	4	Alto
Conclusións	<ul style="list-style-type: none"> - O número de bens declarados de interese cultural supón o 4,4% do Estado. - O grao de eficacia financeira dos recursos destinados a este obxectivo estratéxico é alto. - O número de obras de conservación, restauración, protección e promoción do patrimonio cultural foi de 116. 					
Programas de gasto	433A					

Obxectivo estratéxico	OE.4.2.03: Difundir a conveniencia de empregar a lingua galega nos distintos eidos da sociedade prestando especial atención a franxa de poboación máis nova, así como ao tecido económico/empresarial e as súas relacións comerciais con países de fala portuguesa, propiciando un clima que favoreza o uso cotiá do galego.					
Revisión da lóxica de intervención	<p>Diagnóstico: O uso do galego é desigual dependendo da idade da poboación. No ámbito laboral, o 30,1% das persoas ocupadas galegos fala sempre en galego cos seus compañeiros de traballo. No 22,2% dos fogares galegos todos os seus membros falan habitualmente só en galego.</p> <p>Necesidades: Fomentar e difundir a conveniencia de usar do galego nos diferentes sectores da sociedade. Desenvolver actividades de formación do galego.</p> <p>Resultados esperados: Acadar unha maior presenza e coñecemento do galego na sociedade.</p>					
Indicador financeiro	Denominación dos principais obxectivos operativos	Orzamento inicial (a) M€	Orzamento definitivo (b) M€	Obrigas recoñecidas (c) M€	Executado Inicial (%) (c) / (a)	% sobre o total executado do OE
	Accións de fomento do uso da lingua galega no ámbito empresarial.	2,2	1,8	1,8	81,4	27,3
	Actividades de formación do galego.	1,5	1,1	1,1	77,2	17,2
	Continuar co proceso de normalización lingüística en desenvolvemento do Plan xeral de normalización da lingua galega.	1	0,9	0,9	95,2	14,3
	TOTAL OE	6,8	6,6	6,5	96,9	100
Indicadores de produtividade (IIPP)	Denominación				Valor realizado 2016	V. Acumulado 2015-2016
	Actuacións de formación e dinamización social do galego. (Número).				3.128	6.019
	Participantes en accións de formación. Homes (Persoas).				44.028,00	82.728
	Participantes en accións de formación. Mulleres (Persoas).				47.183	87.770
Indicadores de resultado (IIRR)	Denominación	Valor base (V₀)	Valor previsto (VP_i)	Valor observado (VO_i)	Valor previsto 2020 (V_i)	Grao de eficacia (VO_i)/ (VP_i)-1
	Persoas, agrupadas por sectores, receptoras das distintas actividades de difusión, dinamización e normalización da lingua galega. (sector económico, mocidade, familiar, sector académico.) (Número).	472.407 (2015)	495.545 (2016)	563.835 (2016)	600.000	Alto
Conclusións	<ul style="list-style-type: none"> - Hai un uso desigual do galego dependendo da idade da poboación. - O grao de execución financeira neste obxectivo estratéxico é alto. - Os participantes en accións de formación foron 91.211, dos que o 51,7% foron mulleres. - O indicador de resultado presenta un grao de eficacia alto. 					
Programas de gasto	151A					

4.4.3. PA. 4.3. Impulso das institucións de autogoberno e mellora da súa influencia e colaboración con Europa, a Eurorexión e o resto do Estado.

Obxectivo estratéxico						
OE.4.3.01: Mellorar a capacidade institucional e a eficiencia da administración de xustiza en Galicia.						
Revisión da lóxica de intervención	<p>Diagnóstico: Galicia é a terceira C.A. en número de Partidos Xudiciais (45) o que reflicte o grao de dispersión da poboación de Galicia; conta con 13 xuíces por cada 100.000 habitantes. En 2016 a taxa de resolución foi do 1,02 en liña coa do conxunto estatal. A taxa de pendencia foi do 0,36 mentres que a de conxestión (cociente entre a suma dos asuntos pendentes ao inicio do período e os rexistrados nese período e os asuntos resoltos nese mesmo período) ascendeu a 1,38, practicamente idéntica á estatal.</p> <p>Necesidades: Dotar a todos os partidos xudiciais das infraestruturas precisas. Evolucionar os sistemas de información de xestión dos órganos e servizos xudiciais, renovar e adecuar as infraestruturas de telecomunicacións e impulsar novas solucións tecnolóxicas. Implantar medidas de actuación en materia de protección de datos de carácter persoal. Implantar de modo efectivo o expediente xudicial electrónico e a sede electrónica xudicial. Impulsar os cambios organizativos necesarios para implantar a nova oficina xudicial e fiscal. Acadar unha dotación adecuada de medios humanos e materiais. medidas alternativas á solución de conflitos.</p> <p>Resultados esperados: A mellora da capacidade institucional e da eficiencia da administración de xustiza en Galicia.</p>					
Indicador financeiro	Denominación dos principais obxectivos operativos	Orzamento inicial (a) M€	Orzamento definitivo (b) M€	Obrigas recoñecidas (c) M€	Executado Inicial (%) (c) / (a)	% sobre o total executado do OE
	Modernización e adaptación das infraestruturas sobre as que se presta este servizo.	19,8	10,5	10,2	51,6	8,3
	Implantación de novas solucións tecnolóxicas.	9,6	10,4	10,4	107,8	8,4
	Medidas para a modernización e achegamento á cidadanía da Administración de Xustiza.	5,8	5,5	5,5	94,3	4,4
	TOTAL OE	128,2	123,5	123,1	96	100
Indicadores de produtividade (IIPP)	Denominación				Valor realizado 2016	V. Acumulado 2015-2016
	Infraestruturas xudiciais construídas ou rehabilitadas. (Número).				30	59
	Número de efectivos. (Postos de traballo equivalentes a tempo completo).				2.886	2.888
	Persoas usuarias da asistencia xurídica gratuíta. Homes (Usuarios).				18.814	41.819
	Persoas usuarias da asistencia xurídica gratuíta. Mulleres (Usuarios).				12.495	26.799
Indicadores de resultado (IIRR)	Denominación	Valor base (V ₀)	Valor previsto (VP _t)	Valor observado (VO _t)	Valor previsto 2020 (V _t)	Grao de eficacia (VO _t)/ (VP _t)-1
	Taxa de resolución (cociente entre os asuntos resoltos e os ingresados). (Razón).	1,011 (2014)	1,014 (2016)	1,022 (2016)	1,02	Alto
Conclusións	<ul style="list-style-type: none"> - O indicador financeiro alcanza un grao de eficacia alto. - O número de persoas usuarias da asistencia xurídica gratuíta foi de 31.309, un 39,9% delas foron mulleres. O número de efectivos da administración de xustiza en Galicia ascendeu a 2.886 persoas. - A taxa de resolución alcanza en 2016 un grao de eficacia alto, superando o valor previsto a 2020. 					
Programas de gasto	131A					

Obxectivo estratéxico	OE.4.3.02: Consolidar unha Administración eficiente que ofrezca unha resposta integral ás necesidades que demanda a cidadanía en materia de emerxencias, protección civil e seguridade pública, atendendo aos criterios de formación, especialización e innovación.					
Revisión da lóxica de intervención	<p>Diagnóstico: O cambio climático é unha ameaza ambiental, social e económica. Galicia enfróntase a un maior risco de incendios forestais (>=1Ha) que en 2016 ascenderon a 528, o 22% do total nacional e un 35% en termos de superficie forestal leñosa afectada. O número de accidentes de tráfico con vítimas ascendeu en 2015 a 4.463 (4,6% do total nacional), mentres que os accidentes de traballo con baixa en xornada foron 25.821, o 5,3% do total en España.</p> <p>Necesidades: Potenciar un servizo público de seguridade de calidade, máis eficaz e eficiente, creando un mapa de emerxencias de todo o territorio. Formar ao persoal do sistema integrado de Protección Civil, Emerxencias e Seguridade Pública. Potenciar a colaboración coas Administracións Públicas e organismos con competencias nas materias de seguridade e xestión de emerxencias.</p> <p>Resultados esperados: Garantir un ámbito de protección e seguridade da cidadanía a través dun sistema integrado de protección civil.</p>					
Indicador financeiro	Denominación dos principais obxectivos operativos	Orzamento inicial (a) M€	Orzamento definitivo (b) M€	Obrigas recoñecidas (c) M€	Executado Inicial (%) (c) / (a)	% sobre o total executado do OE
	Profesionalización dos servizos de emerxencia.	9,8	9,6	9,6	97,4	42
	Dimensionamento dos teléfonos de información á cidadanía existentes e implantación dun novo mapa de atención ás emerxencias coa modernización e mellora da atención á poboación.	6,1	5,7	5,5	89,8	24,1
	Accións de formación, actualización e especialización na AGASP ao distinto persoal de protección civil e seguridade pública.	1	0,9	0,9	83,8	3,8
	Potenciación da seguridade pública a través do Corpo Nacional de Policía Adscrita á Xunta de Galicia (UPA).	6,1	5,7	5,5	89,8	24,1
	TOTAL OE	24	23,3	22,8	95	100
Indicadores de produtividade (IIPP)	Denominación				Valor realizado 2016	V. Acumulado 2015-2016
	Profesionais de intervención ante as urxencias. (Persoas).				102	204
	Chamadas atendidas polos servizos de emerxencias. (Número).				1.100.272	2.184.044
	Medios técnicos adquiridos para o sistema de emerxencias e de protección civil. (Número).				385	1.773
	Participantes en accións de formación. Homes (Persoas).				4.540	12.694
	Participantes en accións de formación. Mulleres (Persoas).				3.599	5.413
Indicadores de resultado (IIRR)	Denominación	Valor base (V0)	Valor previsto (VPt)	Valor observado (VOt)	Valor previsto 2020 (Vf)	Grao de eficacia (VOt)/ (VPt)
	Tempo medio transcorrido entre as chamadas e a mobilización de medios. (Segundos).	27,0 (2014)	26,3 (2016)	27,0 (2016)	25	Medio
Conclusións	<ul style="list-style-type: none"> - Os recursos financeiros destinados a este obxectivo estratéxico presenta un grao de eficacia alto. - As principais actuacións neste obxectivo estratéxico foron a profesionalización dos servizos de emerxencia e o dimensionamento dos teléfonos de información á cidadanía existentes e implantación dun novo mapa de atención ás emerxencias coa modernización e mellora da atención á poboación. - Segundo os indicadores de produtividade, atendéronse 1,1 millóns de chamadas aos servizos de emerxencias. - O indicador de resultado mostra un grao de eficacia medio. 					
Programas de gasto	212A					

